



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 229
19 de decembro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas do Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia [68858](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

■ 10214 (10/PNL-000004)

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia, diante do Goberno central, en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017 [68908](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

■ 21035 (10/PDC-000013)

Cidadáns-Partido da Cidadanía

Sobre as actuacións levadas a cabo por parte do Goberno autonómico en materia de prevención forestal [68947](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

■ 21223 - 4846 (10/PRE-000765)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación co aumento do consumo de substancias potencialmente perigosas para a saúde no eido do deporte afeccionado, as medidas ou actuacións previstas para afrontala e a importancia da elaboración dun estudo ao respecto [68953](#)

■ 21219 - 8589 (10/PRE-001170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das carencias e deficiencias existentes no edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, as súas previsións respecto da demanda da súa ampliación para

a creación dun novo xulgado, a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de dixitalización e expurgo dos documentos dos arquivos xudiciais [68958](#)

I 21218 - 9264 (10/PRE-001350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o día 28 de xullo de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados [68961](#)

I 21217 - 9348 (10/PRE-001361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, as razóns do incumprimento polo Sergas dos compromisos asinados co concello nos anos 2011 e 2015 ao respecto, así como as melloras sanitarias que vai levar a cabo nese termo municipal [68963](#)

I 21216 - 10211 (10/PRE-001448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso de medidas específicas de apoio á prevención e atención, no territorio galego, das enfermidades respiratorias de orixe profesional como a silicose, a súa opinión en relación coa suficiencia da atención que reciben en Galicia os traballadores que padecen afeccións respiratorias propias de actividades extractivas e a realización dalgunha avaliación da incidencia e evolución da silicose en Galicia, así como sobre a necesidade de establecer programas propios de investigación na materia [68966](#)

I 21213 - 10509 (10/PRE-001484)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta que entraron e cantos deles foron resoltos en cada unha das comisións de asistencia xurídica provinciais, así como as posibles incidencias na resolución dos expedientes e cantos foron obxecto de recurso nos correspondentes xulgados no ano 2016 [68969](#)

I 21212 - 11184 (10/PRE-001551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o destino previsto polo Goberno galego para o edificio do vello Hospital Xeral de Lugo, a solicitude á Tesourería do Instituto Nacional da Seguridade Social da cesión da súa titularidade e da súa parcela, así como as previsións ao respecto [68971](#)

I 21208 - 11271 (10/PRE-001567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, o número de persoas galegas beneficiadas dos dereitos recoñecidos nela e as limitacións impostas na doutrina da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado para a celebración de matrimonios entre persoas do mesmo sexo en países onde non está recoñecido ese dereito, así como as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto [68973](#)

I 21224 - 2987 (10/PRE-002248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das cinco novas prazas xudiciais anunciadas en Galicia para o primeiro trimestre de 2017 [68975](#)

I 21222 - 6094 (10/PRE-002662)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as datas previstas para a dispoñibilidade dun proxecto de habilitación do edificio do antigo Centro de Saúde de Tui para resituarse nunha única sede os tres xulgados de primeira instancia e instrución, así como para a licitación das obras [68978](#)

I 21221 - 8587 (10/PRE-002951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda de ampliación do actual edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa para a creación dun novo xulgado, así como a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos [68980](#)

I 21215 - 10507 (10/PRE-003236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta resoltos en cada unha das comisións de asistencia xurídica gratuíta provinciais [68983](#)

I 21211 - 11268 (10/PRE-003315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio [68985](#)

I 21225 - 2967 (10/PRE-003509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia das cinco novas prazas xudiciais anunciadas en Galicia para o primeiro trimestre de 2017, as demandas formuladas ao Ministerio

de Xustiza ao respecto e a necesidade de creación dunha nova praza de maxistrado nas salas das audiencias de Lugo, Pontevedra e Vigo, dun novo xulgado do social en Santiago de Compostela e doutro de primeira instancia na Coruña [68987](#)

I 21226 - 6093 (10/PRE-003575)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o estado en que se atopa a cesión polo Estado español do antigo edificio do Centro de saúde de Tui para resituarse nunha única sede os tres xulgados de primeira instancia e instrución, as datas previstas para a dispoñibilidade do proxecto de habilitación do edificio e a licitación das obras, así como o investimento total que se vai levar a cabo [68990](#)

I 21220 - 8588 (10/PRE-003648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das carencias e deficiencias existentes no edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, as súas previsións respecto da demanda da súa ampliación para a creación dun novo xulgado, a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de dixitalización e expurgo dos documentos dos arquivos xudiciais [68992](#)

I 21214 - 10508 (10/PRE-003687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta que entraron e cantos deles foron resoltos en cada unha das comisións de asistencia xurídica provinciais, así como as posibles incidencias na resolución dos expedientes e cantos foron obxecto de recurso nos correspondentes xulgados no ano 2016 [68995](#)

I 21210 - 11269 (10/PRE-003705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, o número de persoas galegas beneficiadas dos dereitos recoñecidos nela e as limitacións impostas na doutrina da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado para a celebración de matrimonios entre persoas do mesmo sexo en países onde non está recoñecido ese dereito, así como as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto [68997](#)

I 21207 - 16686 (10/PRE-004957)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o Índice de prezos ao consumo en Galicia no ano 2017 e a perda de capacidade económica dos fogares galegos, as previsións ao respecto para o ano 2018 e as súas intencións en relación coa modificación dalgunha medida económica e fiscal, así como a variación da carga impositiva nos vindeiros orzamentos [68999](#)

I 21026 - 16874 (10/PRE-004969)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e 5 máis**

Sobre os informes emitidos polos departamentos da Xunta de Galicia consultados en relación co novo megaproxecto mineiro de Touro, a omisión do problema das drenaxes ácidas da mina nel e a súa posible incidencia na viabilidade ambiental do proxecto [69003](#)

I 21025 - 16989 (10/PRE-004981)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre o uso da lingua castelá nunha comunicación oficial remitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a unha persoa participante nunha proba selectiva no marco do programa de Formación Ocupacional [69005](#)

I 21206 - 17269 (10/PRE-005039)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as razóns do incumprimento polo Goberno galego do acordo asinado co Concello de Lalín para a construción dun centro de alta resolución nos terreos do Alto dos Vales, os datos referidos á realización do estudo de viabilidade e a elaboración dalgún plan funcional para mellorar a atención sanitaria da zona, así como as súas previsións en relación coa construción nela dun centro integrado de saúde e a consignación para o ano 2018 do orzamento necesario para ese fin [69007](#)

I 21205 - 17816 (10/PRE-005079)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa colaboración económica na expropiación de 700.000 metros cadrados de montes veciñais en man común para a construción dun campo de golf no concello de Baiona [69010](#)

I 21204 - 18451 (10/PRE-005123)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e 2 máis**

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a subministración ás farmacias galegas do medicamento denominado *Trangorex* para o tratamento de arritmias, o mantemento dalgún contacto ao respecto co laboratorio subministrador e as razóns da súa dispoñibilidade nas farmacias portuguesas [69012](#)

I 21203 - 18647 (10/PRE-005142)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento do fármaco *Trangorex* en Galicia e a súa opinión ao respecto [69014](#)

I 21202 - 19333 (10/PRE-005195)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da negociación con Sogama e Gesuga do desvío do núcleo urbano de Ordes dos camións que están a transportar o lixo ás súas plantas con fin de evitalles aos veciños as molestias e incomodidades que ocasionan [69016](#)

I 21201 - 19416 (10/PRE-005203)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do tratamento dado ás vítimas mortais da vaga de incendios forestais de outubro de 2017 e ás súas familias, o significado da redacción que presenta o artigo 6 do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados por eses lunes, e o prazo previsto para a súa materialización [69018](#)

I 21200 - 19727 (10/PRE-005236)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa necesidade de construír un novo centro de saúde en Melide, así como as razóns da non consignación para o ano 2018 de ningunha partida orzamentaria destinada a ese fin [69020](#)

I 21199 - 19902 (10/PRE-005248)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa [69022](#)

I 21047 - 20366 (10/PRE-005286)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que están a ter as carencias e deficiencias denunciadas polos profesionais e persoas usuarias do transporte sanitario urxente na garantía dun servizo de calidade e dunhas condicións laborais dignas, o control que está a levar a cabo en relación co servizo que prestan as empresas concesionarias, así como as actuacións previstas ao respecto [69025](#)

I 21198 - 20488 (10/PRE-005298)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a situación en que se atopa a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto [69028](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 21473 (10/PL-000009)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Examinado o devandito proxecto e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento legislativo ordinario.

2º. Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 20 de xaneiro de 2018, ás 13.00 horas.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 13 de decembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

Coñecemento das sinaturas, admisión, publicación e prazo asunción

- 10214 (10/PNL-000004)

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia, diante do Goberno central, en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017

BOPG nº 128, do 14.06.2017

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia (doc. núm. 21058) polo que comunica a acreditación das sinaturas válidas en relación coa proposición non de lei de iniciativa popular sobre medidas en relación co protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores de Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras, e dos produtores de castaña afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017 (doc. núm. 10214, 10/PNL-000004) e acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición non de lei.

2º. Publicar este acordo e o texto da proposición non de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 16, apartados segundo e terceiro, da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios poden asumir como propias e convertelas en proposicións non de lei en pleno ou en comisión no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do rexistro electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción desde as 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial* da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os grupos parlamentarios que manifesten a súa asunción, será asignada a proposición non de lei ao primeiro que o solicite.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios, á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

Admisión a trámite e publicación

- 21035 (10/PDC-000013)

Cidadáns-Partido da Cidadanía

Sobre as actuacións levadas a cabo por parte do Goberno autonómico en materia de prevención forestal

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17, apartado terceiro, da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do rexistro electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción desde as 00.00 horas de inicio do día seguinte á

publicación no *Boletín Oficial* da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 21223 - 4846 (10/PRE-000765)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación co aumento do consumo de substancias potencialmente perigosas para a saúde no eido do deporte afeccionado, as medidas ou actuacións previstas para afrontala e a importancia da elaboración dun estudo ao respecto

- 21219 - 8589 (10/PRE-001170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das carencias e deficiencias existentes no edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, as súas previsións respecto da demanda da súa ampliación para a creación dun novo xulgado, a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de dixitalización e expurgo dos documentos dos arquivos xudiciais

- 21218 - 9264 (10/PRE-001350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o día 28 de xullo de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados

- 21217 - 9348 (10/PRE-001361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, as razóns do incumprimento polo Sergas dos compromisos asinados co concello nos anos 2011 e 2015 ao respecto, así como as melloras sanitarias que vai levar a cabo nese termo municipal

- 21216 - 10211 (10/PRE-001448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso de medidas específicas de apoio á prevención e atención, no territorio galego, das enfermidades respiratorias de orixe profesional como a silicose, a súa opinión en relación coa suficiencia da atención que reciben en Galicia os traballa-

dores que padecen afeccións respiratorias propias de actividades extractivas e a realización dalgunha avaliación da incidencia e evolución da silicose en Galicia, así como sobre a necesidade de establecer programas propios de investigación na materia

- 21213 - 10509 (10/PRE-001484)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta que entraron e cantos deles foron resoltos en cada unha das comisións de asistencia xurídica provinciais, así como as posibles incidencias na resolución dos expedientes e cantos foron obxecto de recurso nos correspondentes xulgados no ano 2016

- 21212 - 11184 (10/PRE-001551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o destino previsto polo Goberno galego para o edificio do vello Hospital Xeral de Lugo, a solicitude á Tesourería do Instituto Nacional da Seguridade Social da cesión da súa titularidade e da súa parcela, así como as previsións ao respecto

- 21208 - 11271 (10/PRE-001567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, o número de persoas galegas beneficiadas dos dereitos recoñecidos nela e as limitacións impostas na doutrina da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado para a celebración de matrimonios entre persoas do mesmo sexo en países onde non está recoñecido ese dereito, así como as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 21224 - 2987 (10/PRE-002248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das cinco novas prazas xudiciais anunciadas en Galicia para o primeiro trimestre de 2017

- 21222 - 6094 (10/PRE-002662)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as datas previstas para a dispoñibilidade dun proxecto de habilitación do edificio do antigo Centro de Saúde de Tui para resituarse nunha única sede os tres xulgados de primeira instancia e instrución, así como para a licitación das obras

- 21221 - 8587 (10/PRE-002951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda de ampliación do actual edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa para a creación dun novo xulgado, así como a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos

- 21215 - 10507 (10/PRE-003236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta resoltos en cada unha das comisións de asistencia xurídica gratuíta provinciais

- 21211 - 11268 (10/PRE-003315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio

- 21225 - 2967 (10/PRE-003509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia das cinco novas prazas xudiciais anunciadas en Galicia para o primeiro trimestre de 2017, as demandas formuladas ao Ministerio de Xustiza ao respecto e a necesidade de creación dunha nova praza de maxistrado nas salas das audiencias de Lugo, Pontevedra e Vigo, dun novo xulgado do social en Santiago de Compostela e doutro de primeira instancia na Coruña

- 21226 - 6093 (10/PRE-003575)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o estado en que se atopa a cesión polo Estado español do antigo edificio do Centro de saúde de Tui para resituarse nunha única sede os tres xulgados de primeira instancia e instrución, as datas previstas para a dispoñibilidade do proxecto de habilitación do edificio e a licitación das obras, así como o investimento total que se vai levar a cabo

- 21220 - 8588 (10/PRE-003648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das carencias e deficiencias existentes no edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, as súas previsións respecto da demanda da súa ampliación para a creación dun novo xulgado, a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de dixitalización e expurgo dos documentos dos arquivos xudiciais

- 21214 - 10508 (10/PRE-003687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta que entraron e cantos deles foron resoltos en cada unha das comisións de asistencia xurídica provinciais, así como as posibles incidencias na resolución dos expedientes e cantos foron obxecto de recurso nos correspondentes xulgados no ano 2016

- 21210 - 11269 (10/PRE-003705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, o número de persoas galegas beneficiadas dos dereitos recoñecidos nela e as limitacións impostas na doutrina da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado para a celebración de matrimonios entre persoas do mesmo sexo en países onde non está recoñecido ese dereito, así como as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 21207 - 16686 (10/PRE-004957)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o Índice de prezos ao consumo en Galicia no ano 2017 e a perda de capacidade económica dos fogares galegos, as previsións ao respecto para o ano 2018 e as súas intencións en relación coa modificación dalgunha medida económica e fiscal, así como a variación da carga impositiva nos vindeiros orzamentos

- 21026 - 16874 (10/PRE-004969)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 5 máis

Sobre os informes emitidos polos departamentos da Xunta de Galicia consultados en relación co novo megaproxecto mineiro de Touro, a omisión do problema das drenaxes ácidas da mina nel e a súa posible incidencia na viabilidade ambiental do proxecto

- 21025 - 16989 (10/PRE-004981)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o uso da lingua castelá nunha comunicación oficial remitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a unha persoa participante nunha proba selectiva no marco do programa de Formación Ocupacional

- 21206 - 17269 (10/PRE-005039)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do incumprimento polo Goberno galego do acordo asinado co Concello de Lalín para a construción dun centro de alta resolución nos terreos do Alto dos Vales, os datos referidos á realización do estudo de viabilidade e a elaboración dalgún plan funcional para mellorar a atención sanitaria da zona, así como as súas previsións en relación coa construción nela dun centro integrado de saúde e a consignación para o ano 2018 do orzamento necesario para ese fin

- 21205 - 17816 (10/PRE-005079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa colaboración económica na expropiación de 700.000 metros cadrados de montes veciñais en man común para a construción dun campo de golf no concello de Baiona

- 21204 - 18451 (10/PRE-005123)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a subministración ás farmacias galegas do medicamento denominado *Trangorex* para o tratamento de arritmias, o mantemento dalgún contacto ao respecto co laboratorio subministrador e as razóns da súa dispoñibilidade nas farmacias portuguesas

- 21203 - 18647 (10/PRE-005142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento do fármaco *Trangorex* en Galicia e a súa opinión ao respecto

- 21202 - 19333 (10/PRE-005195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da negociación con Sogama e Gesuga do desvío do núcleo urbano de Ordes dos camións que están a transportar o lixo ás súas plantas con fin de evitalles aos veciños as molestias e incomodidades que ocasionan

- 21201 - 19416 (10/PRE-005203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do tratamento dado ás vítimas mortais da vaga de incendios forestais de outubro de 2017 e ás súas familias, o significado da redacción que presenta o artigo 6 do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados por eses lunes, e o prazo previsto para a súa materialización

- 21200 - 19727 (10/PRE-005236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa necesidade de construír un novo centro de saúde en Melide, así como as razóns da non consignación para o ano 2018 de ningunha partida orzamentaria destinada a ese fin

- 21199 - 19902 (10/PRE-005248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa

- 21047 - 20366 (10/PRE-005286)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que están a ter as carencias e deficiencias denunciadas polos profesionais e persoas usuarias do transporte sanitario urxente na garantía dun servizo de calidade e dunhas condicións laborais dignas, o control que está a levar a cabo en relación co servizo que prestan as empresas concesionarias, así como as actuacións previstas ao respecto

- 21198 - 20488 (10/PRE-005298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a situación en que se atopa a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

AG/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 7 de decembro de 2017.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VALERIANO MARTÍNEZ GARCÍA, CONSELLEIRO DE FACENDA E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de decembro de
dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

*“Aprobar o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de
saúde de Galicia, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.*

E para que conste asino a presente co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago
de Compostela a sete de decembro de dous mil dezasete.

Vº. e Praxe
O PRESIDENTE



PROXECTO DE LEI

**PROXECTO DE LEI POLO QUE SE MODIFICA A LEI
8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA**





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, configura o Sistema Público de Saúde de Galicia como o conxunto de recursos, medios organizativos, actividades, servizos e prestacións públicas que teñen por finalidade a promoción e a protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social, todo iso baixo unha perspectiva de asistencia sanitaria integral e funcionalmente articulada. Dende esta perspectiva o Sistema Público de Saúde está composto polas persoas, as institucións e os recursos públicos organizados coordinadamente e conforme coas directrices de política sanitaria establecidas para mellorar a saúde da poboación. En consecuencia, a visión do Sistema Público de Saúde de Galicia está dirixida a traballar para acadar un sistema asistencial que obteña resultados satisfactorios para a cidadanía de Galicia, a través dos/as profesionais do sistema sanitario e cunha organización sanitaria eficiente.

Coa finalidade de avanzar na consecución destes obxectivos, a través desta lei introdúcense as modificacións necesarias na Lei 8/2008, do 10 de xullo.

Estas modificacións refírense: aos órganos de participación social, fundamentalmente a través do Consello Galego de Saúde de ámbito comunitario, dos Consellos de Saúde de Área, dos Consellos de Saúde de Distrito, e do Consello Asesor de Pacientes; ao concepto de “autoridade sanitaria”; ao modelo de organización territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia en Áreas, Distritos e Zonas sanitarias; ao concurso de traslados como procedemento de provisión no ámbito dos centros e institucións sanitarias, e aos itinerarios profesionais; á *docencia, investigación e innovación*; e ao establecemento dunha comisión interdepartamental en materia de educación e saúde.

II

No relativo á ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia, cómpre partir de que a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, no seu artigo 56, de carácter básico, prevé que as Comunidades Autónomas delimitarán e constituirán no seu territorio demarcacións denominadas Áreas de Saúde, como





estruturas fundamentais do sistema sanitario, responsabilizadas da xestión unitaria dos centros e establecementos do Servizo de Saúde da Comunidade Autónoma na súa demarcación territorial e das prestacións sanitarias e programas sanitarios a desenvolver por eles. De acordo con tal previsión, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, como xa o fixera a súa antecesora Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, prevé a división en áreas sanitarias como demarcacións territoriais equivalentes ás áreas de saúde contempladas no artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril.

Agora ben, na nosa Comunidade Autónoma, pese á existencia formal de once áreas sanitarias (de acordo co sinalado nos Decretos 55/1989, do 5 de abril, polo que se aproba a revisión do mapa sanitario de Galicia; 50/1992, do 19 de febreiro, polo que se crea a área de saúde de O Barco de Valdeorras, e 324/1992, do 19 de novembro, polo que se crea a área de saúde de O Salnés), o certo é que a posta en marcha, a partires do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, pola que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, das denominadas estruturas organizativas de xestión integrada (en diante EOXI) e a experiencia acumulada desde a súa creación teñen posto de manifesto que, na actualidade, a división territorial e funcional fundamental na que se asenta o Sistema Público de Saúde de Galicia vén referenciada á delimitación territorial das sete EOXI existentes. Tal circunstancia impón a necesaria adecuación a tal realidade do marco normativo existente mediante a modificación do artigo 68 da dita lei co fin de incluír no dito precepto as áreas sanitarias nas que queda estruturado o Sistema Público de Galicia, facendo coincidir a súa delimitación territorial, conforme ao ata aquí exposto, coa das actuais EOXI.

A dita delimitación respecta as esixencias da normativa básica estatal. Así, se ben o número 5 do artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, prevé, como regra xeral, que a Área de Saúde estenderá a súa acción a unha poboación non inferior a 200.000 habitantes nin superior a 250.000, o mesmo número configura tal regra sen prexuízo das excepcións a que houbera lugar, atendidos os factores expresados no número 4 do mesmo precepto. Isto é, como tamén manifestado a xurisprudencia, o número 5 do artigo 56 recolle un criterio flexible ao admitir todas aquelas excepcións que procedan en atención aos factores enumerados no número 4 do mesmo precepto, dispoñendo as Comunidades Autónomas dunha marxe de apreciación do conxunto dos aspectos que conforman cada un deses factores de cada ámbito territorial.





Neste sentido, a actual configuración territorial dos servizos sanitarios a través das EOXI xa ten en conta os factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, epidemiolóxicos, culturais, climatolóxicos e de dotación de vías e medios de comunicación, así como as instalacións sanitarias, presentes, de modo que a división en sete áreas sanitarias recollida con esta modificación, ao coincidir coa delimitación territorial das EOXI actualmente existentes, respecta os criterios delimitadores contidos na normativa básica estatal, permitindo o cumprimento nelas dos obxectivos previstos na dita normativa.


Coa finalidade de manter a continuidade do sistema público de saúde existente na actualidade é preciso realizar a modificación normativa que se sinala. A delimitación territorial das áreas sanitarias coincidirá co actual ámbito das EOXI: A Coruña; Santiago de Compostela; Ferrol; Lugo, Cervo e Monforte de Lemos; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; Pontevedra e O Salnés e Vigo. Manterán a mesma configuración territorial que se establece nos decretos de creación de cada unha das EOXI.

Por tal motivo, a división en sete áreas sanitarias que se propón xa ten en conta os criterios configuradores previstos legalmente, e resposta ás características de distribución poboacional da nosa Comunidade Autónoma.

A articulación do sistema público de saúde existente unido ás modificacións na pirámide demográfica da poboación de Galicia obrigan a revisar a división existente, dando paso, xunto ás áreas sanitarias, a unha división máis ampla na que se contemplan os distritos sanitarios.

Os distritos configuraranse como divisións territoriais das áreas, constituíndo un marco de referencia para a coordinación da actividade da atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria, que se establecerá ao redor do hospital existente no seu ámbito territorial. Conforme a este criterio existirán 14 distritos sanitarios, que toman como referencia a institución hospitalaria existente no seu ámbito territorial. Os distritos indicados serán os seguintes: A Barbanza, A Coruña, A Mariña, Cee, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Ourense, O Salnés, Pontevedra, Santiago de Compostela, Verín e Vigo.

O establecemento dun novo Mapa sanitario de Galicia realizarase a partir das divisións indicadas.





Mediante esta modificación do articulado da Lei 8/2008, do 10 de xullo, preténdese acadar unha óptima utilización dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais dentro do ámbito territorial da área sanitaria e que, ao mesmo tempo, favorecera que a poboación galega dispoña en todo momento dunha organización sanitaria eficiente.

III

A participación social no ámbito sanitario é un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia, establecido no artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, ademais dun dos criterios básicos establecidos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. A configuración básica dos órganos de participación ven establecida nesa norma estatal e a Lei 8/2008, do 10 de xullo, reproduce con similar criterio o establecido na norma básica.

A modificación que se realiza ten como finalidade simplificar a regulación destes órganos de participación social. Nestes órganos estarán representados, necesariamente, os concellos incluídos no ámbito territorial respectivo, os colexios oficiais de profesionais sanitarios, as asociacións de pacientes, así como as organizacións empresariais e as organizacións sindicais e outras entidades e organizacións do ámbito sanitario. A participación de representantes destas entidades é fundamental para que os órganos de xestión sanitaria dispoñan da visión e percepción da sociedade no referido ao servizo sanitario.

Será un decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o que estableza a composición efectiva, o funcionamento e o réxime xurídico dos órganos de participación social.

En relación coa remisión ao desenvolvemento regulamentario do Consello Asesor de Pacientes, mediante unha norma co rango de orde, dita opción xustifícase no feito de que tanto a creación do órgano como a súa regulación xa se conteñen nunha disposición regulamentaria con rango de Orde (Orde do 22 de agosto de 2011).



[Handwritten signature]



IV

O artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, determina a condición de autoridade sanitaria. A modificación deste artigo realízase para concretar que teñen esa condición as persoas responsables das funcións e competencias que lle corresponden á inspección sanitaria e de saúde pública. Desta forma ademais das persoas con funcións inspectoras que se integran nos servizos de inspección, terán a consideración de autoridade sanitaria, no exercicio das súas funcións, as persoas titulares dos respectivos órganos administrativos dos que dependen orgánica e funcionalmente, así como das persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería.

O artigo 37 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que o persoal que realiza funcións de inspección no ámbito sanitario terá o carácter de autoridade sanitaria. Nas competencias que dispón a consellería competente en materia de Sanidade hai que diferenciar dúas funcións que realizan os órganos encargados da inspección, por un lado, a inspección e control da actividade sanitaria, que se regula no Decreto 53/2014, do 16 de abril, de ordenación da inspección dos servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e, por outro, as funcións que corresponden ás competencias de control da saúde pública. Por este motivo é necesario modificar o texto do artigo 37, indicando que as facultades que se establecen corresponden igualmente ao persoal con funcións inspectoras no ámbito da saúde pública, xa que a redacción preexistente facía referencia unicamente á inspección “no ámbito sanitario” e non ao da saúde pública.

En relación co persoal inspector, a experiencia ten posto en evidencia a necesidade de que poidan desenvolver unha actividade plena, o que implica a posibilidade de dar resposta e abordar de xeito inmediato situacións de risco para a saúde, polo que a lei lles recoñece a posibilidade de adoptar, motivadamente, medidas necesarias e proporcionadas que poden implicar a inmovilización de produtos ou a suspensión temporal de actividades, entre outras. Estas actuacións adoptaranse con todas as medidas legais que garantan un pronunciamento expreso da autoridade competente para a iniciación do procedemento.

A modificación tamén atinxe á consideración como infracción moi grave de calquera tipo de resistencia, ameaza, coacción, represalia tanto sobre as autoridades sanitarias e os seus axentes coma calquera forma de violencia exercida sobre os/as profesionais do Sistema Sanitario Público de Galicia,



[Handwritten signature]



estendendo a protección a estes últimos, aínda que non teñen a condición de autoridade sanitaria.

V

Engádesse no artigo 107 unha nova función que corresponderá á consellería competente en materia de Sanidade, consistente no fomento da avaliación do impacto en saúde das políticas públicas, entendida, segundo indica a mesma Organización Mundial da Saúde (OMS), como unha combinación de procedementos, métodos e ferramentas a través das que se pode avaliar unha política, un programa ou un proxecto en relación aos seus efectos potenciais sobre a saúde da poboación e a distribución de tales efectos.

VI

Respecto do Título VIII, relativo ós empregados e empregadas públicos/as do Sistema Público de Saúde de Galicia, en materia de provisión, establécese a posibilidade de que a convocatoria de concursos de traslados poida manter a súa vixencia no tempo a través de resolucións de adxudicación sucesiva e periódica. Así mesmo, introdúcese o concepto de itinerario profesional, o cal poderá ser tido en conta para a estruturación dos sistemas de selección e provisión.

VII

O Título IX da Lei 8/2008, do 10 de xullo, foi modificado na súa meirande parte pola Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a cal autorizou a creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, quedando derogado posteriormente todo o articulado dos capítulos II e IV pola Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

A modificación que agora se realiza, atinxe á rúbrica do Título para engadir a innovación, e os artigos 125 e 131.

O artigo 125 modifícase para recoller expresamente que a consellería competente en materia de sanidade establecerá os mecanismos necesarios para





garantir o recoñecemento do exercicio das titorías e demais actividades docentes dos/as profesionais do Sistema Sanitario Público de Galicia.

A consellería competente en materia de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde desenvolverán actuacións de formación continuada dos/as profesionais sanitarios contando para iso coa colaboración dunha entidade pública especializada. O artigo 131 que se modifica establece os principios básicos para a regulación da investigación, a transferencia de coñecemento e o réxime de colaboración co Sistema Público de Saúde de Galicia. Igualmente se establecen os mecanismos de coordinación necesarios para que o sector sanitario sexa un dos motores do desenvolvemento económico de Galicia.

VIII

Engádesse, finalmente, un novo Título XI para crear a Comisión interdepartamental en materia de educación e saúde. Establécese en tres artigos a regulación básica relativa á finalidade, á composición e ás funcións dese órgano, que ten como obxectivo a coordinación de actuación entre as consellerías competentes en materia de sanidade e educación, no desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde.

Principalmente este órgano que se crea estudará os problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito educativo e realizará as propostas de actuación que estimen necesarias para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo.

Tamén se optou polo establecemento, mediante orde conxunta, das normas de organización e funcionamento, por considerar que dito instrumento é o máis acaído para a regulación deste tipo de cuestións, sen necesidade de acudir a unha norma emanada do Consello da Xunta.

IX

Esta modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, adecúase ao establecido no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, en relación cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.





Na modificación que se realiza cúmprense os principios de necesidade e eficacia, xa que están claramente identificados os fins perseguidos pola mesma, existen razóns de interese xeral, tanto na modificación da participación cidadá como na división territorial da asistencia sanitaria e a modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, é o medio máis adecuado para acadar os obxectivos de mellora do Sistema Público de Saúde de Galicia. Esta regulación é imprescindible para establecer tanto a división territorial nos termos indicados como os órganos de participación social, co que se adecúa ao principio de proporcionalidade. A norma é coherente coas competencias da comunidade autónoma de Galicia en materia de organización da asistencia sanitaria e é coherente co resto da normativa da materia polo que garante o cumprimento do principio de seguridade xurídica.

En canto ao principio de transparencia, na elaboración da lei tense facilitado a participación activa dos potenciais destinatarios, permitindo o acceso actualizado á normativa en vigor e á documentación xerada na elaboración da nova disposición (Art. 7 da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información e bo goberno). No expediente consta acreditada tanto a información pública como a audiencia sectorial.

En canto ao principio de eficiencia, a iniciativa procura racionalizar a xestión dos recursos públicos e non supón incremento de cargas.





Artigo único. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 23 queda redactado como segue:

“Artigo 23. Órganos de participación social

1. A participación social realizarase a través do Consello Galego de Saúde de ámbito comunitario, dos Consellos de Saúde de Área, dos Consellos de Saúde de Distrito no ámbito propio dos mesmos, do Consello Asesor de pacientes e doutros posibles órganos de participación que regulamentariamente se establezan, en consonancia co disposto no artigo 53, parágrafos 2 e 3, da Lei 14/1986, do 25 de abril.
2. Estes órganos desenvolverán funcións consultivas e de asesoramento na formulación de plans e obxectivos xerais no ámbito territorial respectivo, así como, de seguimento dos resultados de execución.
3. Na composición destes órganos, que se determinará por decreto do Consello da Xunta, haberá representación dos concellos, dos colexios oficiais de profesionais sanitarios, das asociacións de pacientes, así como, das organizacións empresariais e das organizacións sindicais e doutras entidades e organizacións do ámbito sanitario, de forma que quede garantida a participación efectiva de todos os interesados e se poida contar cunha visión e percepción ampla da sociedade.
4. Na composición destes órganos procurarase unha composición equilibrada de mulleres e homes.”

Dous. O artigo 24 queda redactado como segue:

“Artigo 24. Consello Galego de Saúde

1. O Consello Galego de Saúde é o órgano colexiado de participación comunitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia, ao que lle corresponde o asesoramento á Consellería competente en materia de sanidade na formulación da política sanitaria e no control da súa execución.





2. Son funcións do Consello Galego de Saúde as seguintes:

- a) Presentar propostas de mellora da atención sanitaria no ámbito autonómico.
- b) Propor medidas de carácter sanitario trasladando á consellería competente en materia de sanidade as iniciativas que teñan como finalidade elevar o nivel de saúde da poboación.
- c) Coñecer o plan de saúde da Comunidade Autónoma e ser informado da súa avaliación.
- d) Promover a participación cidadá, trasladando as iniciativas que no ámbito sanitario presenten os distintos sectores e colectivos sociais.
- e) Coñecer e informar sobre as prestacións sanitarias e a carteira de servizos do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- f) Coñecer e ser informado sobre o proxecto de orzamentos do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade.
- g) Coñecer o anteproxecto de memoria anual do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- h) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.
- i) Coñecer do documento de prioridades sanitarias que se elabore pola consellería competente en materia de sanidade, de conformidade co Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, que establece a carteira de servizos comúns e o procedemento para a súa actualización, tendo en conta os criterios establecidos pola Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiamento, dependente do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- j) Aqueloutras que lle sexan atribuídas polas leis ou regulamentos.”

3. A composición, funcionamento e réxime xurídico tanto do Consello de Saúde de Galicia, coma dos Consellos de Saúde de Área e os Consellos de Saúde de Distrito, serán establecidos por decreto aprobado polo Consello da Xunta.

4. Regulamentariamente poderanse establecer outros órganos de participación e consulta para ámbitos concretos, referidos á actividade asistencial, determinando a súa vinculación orgánica, composición e as súas funcións administrativas. Na composición destes órganos procurarase unha composición equilibrada de mulleres e homes.”

Tres. O artigo 25 queda redactado como segue:

“Artigo 25. *Os consellos de saúde de área*





1. Os consellos de saúde de área son os órganos colexiados de participación social no ámbito territorial das áreas sanitarias, conforme ao indicado nos artigos 67 e 68.

2. Os Consellos de saúde de área terán as seguintes funcións:

- a) Propórilles aos órganos de dirección da área aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.
- b) Coñecer o plan de saúde e o documento estratéxico da área sanitaria, e ser informados da súa avaliación.
- c) Coñecer a memoria anual da área sanitaria.
- d) Propor medidas dirixidas a mellorar a xestión sanitaria.
- e) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.
- f) Aqueles outros que lle sexan atribuídos por outras leis ou regulamentos.”

Catro. Engádese un artigo 25.bis, que queda redactado como segue:

“Artigo 25 bis. *Os consellos de saúde de distrito*

1. Os consellos de saúde de distrito son os órganos colexiados de participación social no ámbito territorial dos distritos sanitarios, conforme ao indicado nos artigos 67 e 69.

2. Os consellos de saúde de distrito terán as seguintes funcións:

- a) Propórilles aos órganos de dirección do distrito aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.
- b) Coñecer a carteira de servizos e a estrutura organizativa e técnica dos centros sanitarios do distrito .
- c) Coñecer os mapas de derivacións, segundo patoloxías, dependendo da carteira de servizos dos centros sanitarios do distrito.
- d) Coñecer os investimentos e melloras implantadas nos centros sanitarios do distrito.
- e) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.
- f) Aqueles outros que lle sexan atribuídos por outras leis ou regulamentos.”

Cinco. Engádese un artigo 26 bis que queda redactado como segue:

“Artigo 26 bis. *O Consello asesor de pacientes*





1. O Consello asesor de pacientes, creado por Orde do 22 de agosto de 2011, é un órgano de participación das asociacións nas que se agrupan os pacientes, que ten como finalidade a mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da percepción dos propios pacientes.

2. A composición e o réxime de funcionamento deste órgano establecerase por unha orde da consellería competente en materia de Sanidade. Na composición deste órgano procurarase unha composición equilibrada de mulleres e homes.”

Seis. O número 1 do artigo 33 queda redactado como segue:

1. Dentro das súas respectivas competencias teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería con competencias en sanidade, as persoas titulares dos órganos de dirección da Consellería con competencias en materia de sanidade de quen dependan a inspección de servizos sanitarios e a inspección no ámbito da saúde pública e os alcaldes ou alcaldesas. Así mesmo teñen a condición de autoridade sanitaria as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade no seu ámbito correspondente. No desempeño das súas funcións o persoal que leve a cabo as funcións de inspección terá a consideración de autoridade sanitaria.”


Sete. O artigo 37 queda redactado como segue:

“Artigo 37. *Da inspección de servizos sanitarios e de saúde pública*

1. O persoal que realice funcións de inspección de servizos sanitarios e de saúde pública ten carácter de autoridade sanitaria no exercicio das funcións que ten encomendadas.

2. O persoal ao servizo da Administración sanitaria que actúe no exercicio das funcións de inspección e acreditando a súa identidade, estará autorizado para:

- a) Entrar libremente e sen previa notificación en calquera momento en todo centro, servizo ou establecemento suxeito a esta lei.
- b) Proceder a realizar as probas, as investigacións ou os exames que consideren necesarios para comprobar o cumprimento desta lei e das normas que se aproben para o seu desenvolvemento.
- c) Tomar ou sacar mostras coa finalidade de comprobar o cumprimento do previsto na normativa sanitaria vixente. A toma de mostras non xerará por si





mesma dereito a indemnización, agás que se acredite a concorrencia dos supostos previstos legalmente como xeradores dunha eventual responsabilidade derivada do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

d) Realizar cantas actuacións sexan necesarias para o cumprimento das funcións de inspección que exerzan.

e) Comunicar inmediatamente á autoridade sanitaria competente a situación de risco grave e inmediato para a saúde que detecten. Así mesmo, e sen prexuízo de dita obriga de comunicación, o persoal da inspección poderá proceder a adoptar as medidas cautelares temporais necesarias e proporcionadas durante a visita de control oficial, tales como a inmovilización de produtos, a suspensión temporal de actividades ou outras, que se estimen necesarias e proporcionadas, a fin de evitar prexuízos para a saúde en casos de urxencia inaprazable por existencia dun risco grave e inminente para a saúde. Estas medidas adoptaranse de xeito motivado, con inclusión da motivación na correspondente acta de inspección, dando conta inmediata das actuacións realizadas ao órgano competente para a incoación do procedemento sancionador, que deberá confirmar, modificar ou levantar as medidas no acordo de iniciación do procedemento, o cal deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á adopción daquelas. En todo caso, as medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo, ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

3. Os feitos constatados por funcionarios/as aos que se lles recoñece a condición de autoridade e que se formalicen en documento público con observancia dos requisitos legais pertinentes, terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios cidadáns/ás, consonte o artigo 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.”

Oito. A letra b) do artigo 43 queda redactada como segue:

“b) A resistencia, a coacción, a ameaza ou represalia, o desacato ou calquera outra forma de presión sobre as autoridades sanitarias ou os seus axentes e a coacción, ameaza, agresión ou calquera forma de violencia exercida sobre os/as profesionais do Sistema Sanitario Público de Galicia, no exercicio das súas funcións.”

Nove. A letra k) do número 2 do artigo 50 queda redactada como segue:





“k) A participación na docencia, a formación continuada e a investigación, así como a súa promoción, no seu ámbito de actuación.”

Dez. O artigo 67 queda redactado como segue :

“Artigo 67. *Ordenación territorial*

1. O Sistema Público de Saúde de Galicia ordénase territorialmente en áreas sanitarias, equivalentes ás áreas de saúde previstas na Lei 14/1986, do 25 de abril, distritos sanitarios e as zonas sanitarias.

2. As áreas sanitarias, os distritos sanitarios e as zonas sanitarias virán determinadas por criterios de carácter funcional, tendo en conta as condicións xeográficas, demográficas, epidemiolóxicas e de accesibilidade, e conforme ás necesidades da poboación e ás directrices de ordenación establecidas pola Xunta de Galicia, tendo en conta o previsto no artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

3. Sen prexuízo do anterior, en atención á singularidade dunha zona xeográfica, así como a factores sociosanitarios, demográficos, laborais, vías de comunicación e outros que concorran nunha determinada poboación, e atendendo ás necesidades existentes, poderanse establecer por decreto outras divisións territoriais adicionais para a atención sanitaria da poboación afectada.”

Once. O artigo 68 queda redactado como segue:

“Artigo 68. *Áreas sanitarias*

1. Ás áreas sanitarias correspóndelles a xestión integrada dos recursos sanitarios asistenciais públicos existentes no seu ámbito territorial, así como das prestacións e programas que se desenvolvan no mesmo ámbito.

2. A división territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

- a) Área sanitaria da Coruña e Cee.
- b) Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- c) Área sanitaria de Ferrol.
- d) Área sanitaria de Lugo, a Mariña e Monforte de Lemos.





- e) Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- f) Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- g) Área sanitaria de Vigo.

3. O ámbito xeográfico de cada área sanitaria establecerase no correspondente Mapa Sanitario, que será aprobado por decreto do Consello da Xunta. A estrutura e as funcións dos órganos de dirección e xestión das áreas determinaranse regulamentariamente.

4. A área sanitaria será a principal estrutura de referencia para a organización das actividades sanitarias, e a súa organización asegurará a continuidade da atención sanitaria en todos os niveis asistenciais e facilitará a coordinación de todos os recursos que correspondan a fin de configurar un sistema sanitario coordinado e integral.”

Doce. O artigo 69 queda redactado como segue:

“Artigo 69. *Distritos sanitarios*

1. Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia para a coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria.

2. Cada distrito sanitario contará cun hospital no seu ámbito xeográfico.

3. O ámbito xeográfico de cada distrito sanitario establecerase no correspondente Mapa Sanitario, que será aprobado por decreto do Consello da Xunta. A estrutura e as funcións dos órganos dos distritos determinaranse regulamentariamente.

4. No Sistema Público de Saúde de Galicia configúranse os seguintes distritos sanitarios:

- a) Distrito sanitario da Coruña
- b) Distrito sanitario de Cee
- c) Distrito sanitario de Santiago de Compostela
- d) Distrito sanitario da Barbanza
- e) Distrito sanitario de Ferrol
- f) Distrito sanitario de Lugo
- g) Distrito sanitario da Mariña
- h) Distrito sanitario de Monforte de Lemos





- i) Distrito sanitario de Ourense
- j) Distrito sanitario de Verín
- k) Distrito sanitario do Barco de Valdeorras
- l) Distrito sanitario de Pontevedra
- m) Distrito sanitario do Salnés
- n) Distrito sanitario de Vigo”

Trece. O artigo 70 queda redactado como segue:

“Artigo 70. *Zonas sanitarias*

1. As zonas sanitarias son as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios. A división en zonas sanitarias de cada distrito realizarase atendendo a criterios de carácter funcional, tendo en conta as condicións xeográficas, demográficas, epidemiolóxicas e de accesibilidade, e conforme ás necesidades da poboación e ás directrices de ordenación establecidas pola Xunta de Galicia, tendo en conta o previsto no artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.


2. A división en zonas sanitarias establecerase no Mapa Sanitario que será aprobado por decreto do Consello da Xunta de Galicia.”

Catorce. Engádesse unha alínea h) ao artigo 107, que queda redactada como segue:

“h) O fomento da avaliación do impacto en saúde para garantir que se teñan en conta as repercusións que sobre a saúde podan ter as decisións sobre políticas públicas.”

Quince. Engádesse un número 14 ao artigo 115, que queda redactado como segue:

“14. De acordo cos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade e coa finalidade de facilitar a mobilidade voluntaria dos/das profesionais do sistema público de saúde, favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e acadar un mellor desenvolvemento profesional, as bases reguladoras do concurso de traslados poderán establecer a posibilidade de convocatoria única, que manterá a súa vixencia no tempo ata o momento no que se peche de xeito expreso, regulando a posibilidade de presentación de solicitudes de participación en calquera momento da vixencia da indicada convocatoria e o mantemento no





tempo destas ata a adxudicación de destino, sen prexuízo da modificación das solicitudes ou da desistencia do interesado de acordo cos requisitos que se establezan. Así mesmo as bases regularán a publicación da oferta de prazas que dará lugar ao inicio de oficio de cada procedemento ou ciclo de adxudicación, e a súa periodicidade que será, como mínimo, anual.

Cada procedemento ou ciclo de adxudicación establecido, no que se terán en conta as solicitudes de participación presentadas ata o día establecido nas bases, finalizará coa correspondente resolución de adxudicación de destinos que será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia. O prazo máximo no que deberá publicarse a resolución expresa será dun ano, a contar dende a publicación da oferta de prazas, sen prexuízo de que as bases poidan establecer uno inferior.”

Dezaseis. Engádese un artigo 116 bis, que queda redactado como segue:

“Artigo 116 bis. *Itinerarios profesionais*


1. A Administración Sanitaria, a través do órgano de dirección con competencias en materia de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde, poderá definir itinerarios profesionais para o persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia.
2. Aos efectos desta lei, considerarase itinerario profesional o conxunto de postos de traballo que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns, que habilitan para o seu desempeño ao persoal de distintas categorías do sistema sanitario de Galicia.”

Dezasete. Modifícase a rúbrica do Título IX que pasa a ser “*Da docencia, investigación e innovación*”.

Dezaioito. O artigo 125 queda redactado como segue:

“Artigo 125. *Principios xerais*

1. A Xunta de Galicia velará pola coordinación entre os sistemas sanitario, educativo e investigador de Galicia, a fin de conseguir unha maior adecuación da formación dos/as profesionais ás necesidades de saúde da poboación.
2. O Sistema Público de Saúde de Galicia estará en disposición de ser aproveitado para a docencia de pregrao e de posgrao, conforme ao previsto na





Lei 14/1986, do 25 de abril, e na normativa reguladora das profesións sanitarias, establecéndose a este efecto os convenios de colaboración que correspondan.

3. A consellería competente en materia de Sanidade promoverá a formación continuada dos/as profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia, co obxectivo de axeitar os seus coñecementos e habilidades ás necesidades do profesional, así como, ás liñas estratéxicas do sistema. En todos os plans de formación do persoal existirá un módulo sobre a igualdade entre homes e mulleres, facendo no mesmo especial referencia á violencia de xénero.

4. A consellería competente en materia de Sanidade garantirá un sistema autonómico de acreditación da formación continuada das profesións sanitarias, integrado dentro do sistema estatal, a fin de velar pola calidade das actividades de formación continuada realizadas por axentes públicos e privados.

5. A consellería competente en materia de sanidade establecerá os mecanismos necesarios para garantir o recoñecemento do exercicio das titorías e demais actividades docentes dos/as profesionais do Sistema Sanitario Público de Galicia.

6. As organizacións sindicais participarán na programación e execución do Plan de formación continuada do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.”

Dezanove. O capítulo III do Título IX queda redactado como segue:

“CAPÍTULO III

Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia

Artigo 131. Principios xerais

1. A Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, coma un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polos plans de investigación e innovación vixentes en cada momento. Todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, promovendo a cultura científica, tecnolóxica e de innovación.






2. A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como, un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que aporten valor a pacientes e profesionais.

Dentro das medidas de valorización e transferencia do coñecemento a Administración sanitaria poderá conceder licenzas ou ceder os seus dereitos de explotación sobre os resultados da investigación a favor do seu persoal investigador autor dos mesmos ou a favor dun terceiro sen vinculación co Sistema Público de Saúde de Galicia de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

Tamén poderá crear ou participar en spin-off que teñan como obxecto social realizar actividades relacionadas coa investigación sanitaria á quen se lle outorgará unha licenza para a explotación comercial dos resultados, nas condicións que se establezan, e que deberá en todo caso axustarse ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e na disposición adicional primeira da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

O persoal investigador que teña a consideración de autor ou inventor dos resultados da investigación sanitaria poderá participar nos beneficios obtidos pola Consellería competente en materia de Sanidade, polo Servizo Galego de Saúde ou polas súas entidades instrumentais derivados da explotación comercial dos mesmos, nos termos que se desenvolveran regulamentariamente.

3. Neste mesmo contexto, a Administración sanitaria tamén impulsará medidas para o desenvolvemento da transferencia inversa do coñecemento que incluírán a posta de manifesto polo sector produtivo das súas necesidades co fin de contribuír a orientar as liñas e obxectivos da investigación dos centros públicos de investigación sanitaria de cara a alcanzar un maior impacto socio-económico. Así mesmo, se impulsarán medidas de transferencia do coñecemento non orientadas á comercialización ou á explotación mercantilizada, como a creación de espazos ou foros públicos comúns en materia de saúde pública.





4. As autoridades públicas competentes en investigación e sanidade establecerán o réxime de colaboración co Sistema Público de Saúde de Galicia.

Pola súa parte, a Consellería competente en materia de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e as súas entidades instrumentais, de conformidade coas súas respectivas competencias, poderán subscribir contratos ou convenios con outras entidades públicas e/ou privadas para a realización de proxectos específicos de investigación ou innovación, que permitan o desenvolvemento conxunto de novas solucións, servizos ligados ao coñecemento, produtos ou tecnoloxías sanitarios.

5. A Administración sanitaria impulsará, en coordinación coa consellería competente en materia de I+D+I, e desenvolverá os mecanismos de cooperación, colaboración e articulación de redes tendentes a favorecer que o sector sanitario se converta nun dos motores de desenvolvemento económico de Galicia en termos de actividade produtiva, de xeración de emprego de calidade, de incremento da produtividade e de achega ao produto interior bruto de Galicia.

Nese sentido, co obxecto de impulsar a aplicación de tecnoloxías emerxentes e do fomento da innovación empresarial no ámbito sanitario e promoción da mellora na calidade dos servizos públicos de saúde, a Administración sanitaria incentivará, na medida en que sexa posible, a presentación de solucións innovadoras nas súas licitacións baixo calquera modalidade de contratación pública de innovación.

6. A Administración sanitaria adoptará medidas para fomentar a inversión pública e privada en actividades de investigación e innovación sanitaria e/ou biosanitaria de acordo co previsto no artigo 35 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia así como estimulará a sensibilidade pola investigación en saúde pública entre os sectores económicos, académicos e sociais.”

Vinte. Engádesse un título XI, que queda redactado como segue:



[Handwritten signature]



“TÍTULO XI

Da comisión interdepartamental en materia de educación e saúde

Artigo 138. Creación da Comisión Interdepartamental en materia de educación e saúde.

Coa finalidade de establecer de forma permanente a coordinación e o impulso necesarios para o desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde e atendendo aos principios de eficacia, eficiencia e participación, créase a Comisión interdepartamental en materia de educación e saúde.

Artigo 139. Composición e funcionamento

1. A composición da comisión, da que formarán parte as persoas titulares das consellerías con competencia en materia educativa e sanitaria, regularase por Decreto do Consello da Xunta.
2. As normas xerais de organización e funcionamento da comisión estableceranse por orde conxunta das consellerías competentes en materia educativa e sanitaria.
3. Na composición deste órgano procurarase unha composición paritaria de mulleres e homes.

Artigo 140. Funcións

Son funcións da comisión as seguintes:

- a) A análise dos estudos dos problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito educativo.
- b) A aprobación ou proposta, no seu caso, de liñas de actuación preferentes.
- c) A coordinación dos diferentes recursos existentes para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo.
- d) A coordinación das intervencións relacionadas coa protección da saúde, en particular, aquelas orientadas á seguridade alimentaria e á protección fronte a riscos ambientais.
- e) A coordinación dos programas desenvolvidos para a atención aos escolares con necesidades especiais de saúde.





XUNTA DE GALICIA

e) A coordinación dos programas desenvolvidos para a atención aos escolares con necesidades especiais de saúde.

f) Aqueloutras que veñan establecidas por disposicións normativas de carácter xeral.”





Disposición transitoria primeira. *Ordenación territorial transitoria*

En tanto non se desenvolva regulamentariamente a ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia prevista na presente lei, o ámbito xeográfico das áreas, distritos e zonas sanitarias, respectará e terá en conta as actuais estruturas organizativas de xestión integrada. Para tal efecto, mentres non se desenvolva a estrutura orgánica dos dispositivos territoriais previstos nesta lei, actuarán como xestores das respectivas estruturas sanitarias os órganos das actuais estruturas organizativas de xestión integrada.



[Handwritten signature]



XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio dos órganos de participación social existentes.*

Os actuais órganos de participación social desenvolverán as funcións previstas na nesta lei, coa composición e de acordo coas regras de funcionamento actuais, ata a entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario previsto na mesma.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas todas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a Lei 13/1992, do 9 de novembro, de revisión do Mapa sanitario para crear a Área de Saúde de O Salnés.



26



XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase o Consello da Xunta para ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o axeitado desenvolvemento desta lei.



27



XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda



Relación de antecedentes que acompañan ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

- Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Acordo de inicio de elaboración de anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Memoria xustificativa e de impacto normativo da modificación da Lei de Saúde de Galicia
- Memoria económica e de impacto orzamentario
- Táboa de vixencia do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Certificación da exposición pública no portal de transparencia do texto do anteproxecto de lei
- Memoria explicativa complementaria do Anteproxecto de lei de modificación da lei de saúde de Galicia
- Informe sobre as alegación presentada en relación ao Anteproxecto de lei pola que se modifica a lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Memoria xustificativa da non necesidade de solicitude do ditame do Consello Económico e Social, na tramitación do anteproxecto de lei de modificación da lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Certificación da subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico (Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde)
- Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade
- Escrito de Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa no que fai constar que non procede emitir o informe solicitado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade
- Informe de sostibilidade financeira
- Informe do anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Memoria complementaria sobre a tramitación do anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Revisión da táboa de vixencias do anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (Informe da Secretaría Xeral Técnica)



ANTEPROXECTO DE LEI POLO QUE SE MODIFICA A LEI 8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA.

Exposición de motivos.

A Lei de saúde de Galicia (LSG) configura o sistema público de saúde de Galicia como a estrutura fundamental para organizar os esforzos públicos nos procesos de protección da saúde da cidadanía. Dende esta perspectiva o sistema público de saúde está composto polas persoas, as institucións e os recursos públicos organizados coordinadamente e conforme coas directrices de política sanitaria establecidas para mellorar a saúde da poboación. En consecuencia, a visión do sistema público de saúde de Galicia está dirixida a traballar para acadar un sistema asistencial que obteña resultados satisfactorios para a cidadanía de Galicia, a través dos profesionais do sistema sanitario e cunha organización sanitaria eficiente.

No relativo á organización territorial do sistema público de saúde, a Lei de saúde de Galicia establece a división en áreas sanitarias, como ámbito de actuación específico, creadas atendendo a factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, epidemiolóxicos e de accesibilidade pola poboación en xeral. Na actualidade a división territorial e funcional está referenciada a 7 estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI), creadas a partir do Decreto 168/2010, do 7 de outubro. Coa finalidade de manter a continuidade do sistema público de saúde existente na actualidade é preciso realizar a modificación normativa que se sinala. A delimitación territorial das áreas sanitarias coincidirá co actual ámbito das EOXI: A Coruña; Santiago de Compostela; Ferrol; Lugo, Cervo e Monforte de Lemos; Ourense, Verín e O





Barco de Valdeorras; Pontevedra e O Salnés e Vigo. Manterán a mesma configuración territorial que se establece nos decretos de creación de cada unha das EOXI.

A articulación do sistema público de saúde existente unido ás modificacións na pirámide demográfica da poboación de Galicia obrigan a revisar a división existente, dando paso a unha división máis ampla na que se contemplan os distritos sanitarios. Os distritos configúranse como divisións territoriais das áreas, constituíndo un marco de referencia da actividade da atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria, que se establecerá ao redor do hospital existente no seu ámbito territorial. Conforme a este criterio existirán 14 distritos sanitarios, que toman como referencia a institución hospitalaria existente no seu ámbito territorial, mantendo a agrupación de concellos que se realiza nos decretos de creación das EOXI. Os distritos indicados son os seguintes: A Barbanza, A Coruña, A Mariña, Cee, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Ourense, O Salnés, Pontevedra, Santiago de Compostela, Verín e Vigo.

O establecemento dun novo Mapa sanitario de Galicia realizarase a partir da división antes indicada partindo das estruturas organizativas de xestión integrada existentes.

Mediante esta modificación do articulado da Lei de saúde de Galicia preténdese acadar unha óptima utilización dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais dentro do ámbito territorial da área sanitaria e que, ao mesmo tempo, favorecera que a poboación galega dispoña en todo momento dunha organización sanitaria eficiente.





A participación social no ámbito sanitario é un dos principios reitores do sistema público de saúde de Galicia, establecido no artigo 32 da LSG, ademais dun dos criterios básicos establecidos na Lei xeral de Sanidade de 1986. A configuración básica dos órganos de participación ven establecida na norma estatal e a lei autonómica reproduce con similar criterio o establecido na citada normativa básica.

A modificación que se realiza no texto da LSG ten como finalidade simplificar a regulación dos órganos de participación partindo da existencia dun órgano a nivel autonómico e doutros en cada área sanitaria. Nestes órganos estarán representados, necesariamente, os concellos incluídos no territorio da área e os sindicatos, as organizacións empresariais e as asociacións de pacientes. Será un decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o que estableza a composición efectiva, o funcionamento e o réxime xurídico dos órganos de participación social.

O artigo 33 da LSG determina a condición de autoridade sanitaria. A modificación deste artigo realízase para concretar que teñen esa condición as persoas responsables das funcións e competencias que lle corresponden á inspección sanitaria e de saúde pública. Desta forma ademais das persoas con funcións inspectoras que se integran nos servizos de inspección, terán a consideración de autoridade sanitaria, no exercicio das súas funcións, as persoas titulares dos respectivos órganos administrativos dos que dependen orgánica e funcionalmente tamén se lle outorgará esa consideración.

O artigo 37 da LSG establece que o persoal que realiza funcións de inspección no ámbito sanitario terá o carácter de autoridade sanitaria. Nas competencias que dispón a Consellería de Sanidade hai que diferenciar dúas funcións que





realizan os órganos encargados da inspección, por un lado, a inspección e control da actividade sanitaria, que se regula no Decreto 53/2014, do 16 de abril, de ordenación da inspección dos servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e, por outro, as funcións que corresponden ás competencias de control da saúde pública. Por este motivo é necesario modificar o texto do artigo 37, indicando que as facultades que se establecen corresponden igualmente ao persoal con funcións inspectoras.

Engádesse unha nova función que corresponderá á Consellería de Sanidade no artigo 107, consistente no fomento da avaliación do impacto en saúde das políticas públicas, entendida, segundo indica a mesma Organización Mundial da Saúde- OMS, como unha combinación de procedementos, métodos e ferramentas a través das que se pode avaliar unha política, un programa ou un proxecto en relación aos seus efectos potenciais sobre a saúde da poboación e a distribución de tales efectos.

Respecto do Título VIII, relativo ós empregados e empregadas públicos do Sistema de Saúde de Galicia, en materia de selección e provisión, establécese a posibilidade de que a convocatoria de concursos de traslados poida manter a súa vixencia no tempo a través de resolucións de adxudicación sucesiva e periódica. Asimesmo, introdúcese o concepto de itinerario profesional, o cal poderá ser tido en conta para a estruturación dos sistemas de selección e provisión.

O Título IX da Lei de saúde de Galicia foi modificado na súa meirande parte pola aprobación da lei que autorizou a creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde, quedando derogado todo o articulado dos capítulos II e IV. Na modificación que se realiza, modifícase a rúbrica do título





para engadir a innovación e os artigos 125 e 131. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde desenvolverán actuacións de formación continuada dos profesionais sanitarios contando para iso coa colaboración dunha entidade pública especializada. O artigo 131 que se engade ao articulado establece os principios básicos para a regulación da investigación, a transferencia de coñecemento e o réxime de colaboración co Sistema Público de Saúde de Galicia. Igualmente se establecen os mecanismos de coordinación necesarios para que o sector sanitario sexa un dos motores do desenvolvemento económico de Galicia.

Engádesse, finalmente, un novo título para crear a Comisión interdepartamental en materia de educación e saúde. Establécese en tres artigos a regulación básica relativa á finalidade, á composición e ás funcións dese órgano, que ten como obxectivo a coordinación de actuación entre as consellerías competentes en materia de sanidade e educación, no desenvolvemento das iniciativas nese ámbito.

Principalmente este órgano que se crea estudará os problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito da saúde e realizará as propostas de actuación que estimen necesarias para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo.

Esta modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, adecúase ao establecido no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, en relación cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.





Na modificación que se realiza cúmprense os principios de necesidade e eficacia, xa que están claramente identificados os fins perseguidos pola mesma, existen razóns de interese xeral, tanto na modificación da participación cidadá como na división territorial da asistencia sanitaria e a modificación da Lei 8/2008 é o medio máis adecuado para acadar os obxectivos de mellora do sistema público de saúde de Galicia. Esta regulación é imprescindible para establecer tanto a división territorial nos termos indicados como os órganos de participación social, co que se adecúa ao principio de proporcionalidade. A norma é coherente coas competencias da comunidade autónoma de Galicia en materia de organización da asistencia sanitaria e é coherente co resto da normativa da materia polo que garante o cumprimento do principio de seguridade xurídica.

A modificación publicarase no Portal de Transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia, onde se poderán presentar pola cidadanía todas as suxestións que estimen oportunas, facilitando ademais a participación activa da mesma na elaboración da norma. Por último, a norma responde ao principio de eficacia xa que non establece ningunha carga administrativa nin complementaria e racionaliza, coa súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

Na súa virtude,...

Artigo único. Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Modifícase a Lei 8/2008, do 10 de xullo, nos seguintes termos:

Un. O artigo 23 terá a seguinte redacción:

“Artigo 23. Órganos de participación social.





1. A participación social realizarase a través do Consello Galego de Saúde de ámbito comunitario e dos Consellos de Saúde de Área no ámbito propio das mesmas, en consonancia co disposto no artigo 53.2 da Lei xeral de Sanidade.
2. Estes órganos desenvolverán funcións consultivas e de asesoramento na formulación de plans e obxectivos xerais no ámbito territorial respectivo, así como, de seguimento dos resultados de xestión.
3. Na composición destes órganos, que se determinará por decreto da Xunta de Galicia, haberá participación de diversas entidades representativas dos intereses económicos, sociais e profesionais, de forma que quede garantida a participación efectiva e se poida contar cunha visión e percepción ampla da sociedade.”

Dous. O artigo 24 terá a seguinte redacción:

“Artigo 24. Consello Galego de Saúde

1. O Consello Galego de Saúde é o órgano colexiado de participación comunitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia, ao que lle corresponde o asesoramento á Consellería de Sanidade na formulación da política sanitaria.
2. Son funcións do Consello Galego de Saúde as seguintes:
 - a) Presentar propostas de mellora da atención sanitaria no ámbito autonómico.
 - b) Propor medidas de carácter sanitario que teñan como finalidade elevar o nivel de saúde da poboación.
 - c) Coñecer o plan de saúde ou o documento de prioridades sanitarias da Comunidade Autónoma.
 - d) Promover a participación cidadá, trasladando as iniciativas que no ámbito sanitario presenten os distintos sectores e colectivos sociais.





- e) Coñecer e, no seu caso, informar sobre as prestacións sanitarias e a carteira de servizos do Sistema Público de Galicia.
- f) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.
- g) Aquelas outras que lle sexan atribuídas por outras leis ou regulamentos.

Tres. O artigo 25 terá a seguinte redacción:

“Artigo 25. Os consellos de saúde de área.

Os consellos de saúde de área son os órganos colexiados de participación social no ámbito territorial das áreas sanitarias, conforme ao indicado nos artigos 67 e 68 desta Lei.

Catro. O artigo 26 terá a seguinte redacción:

“Artigo 26. Réxime xurídico.

A composición, funcionamento e réxime xurídico do Consello de Saúde de Galicia e dos Consellos de saúde de área serán establecidos por decreto aprobado pola Xunta de Galicia.”

Cinco. Engádese o artigo 26bis á Lei 8/2008, do 10 de xullo coa seguinte redacción:

Artigo 26bis. O Consello asesor de pacientes.

O Consello asesor de pacientes é un órgano de participación das asociacións nas que se agrupan os pacientes, que ten como finalidade a mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da percepción dos propios pacientes.

A composición e o réxime de funcionamento deste órgano establecerase por unha orde da consellería competente en materia de Sanidade.





Seis. Engádese o artigo 26ter á Lei 8/2008, do 10 de xullo coa seguinte redacción:

Artigo 26ter. Outros órganos de participación social.

Reglamentariamente poderanse establecer outros órganos de participación e consulta para ámbitos concretos de actividade sanitaria, determinando a súa vinculación orgánica e as súas funcións administrativas.

Sete. O artigo 33 queda redactado da seguinte forma:

“Art. 33. Autoridade sanitaria

1. Dentro das súas respectivas competencias teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería con competencias en sanidade, as persoas titulares dos centros directivos da Consellería con competencias en materia de sanidade de quen dependan a inspección de servizos sanitarios e a inspección no ámbito da saúde pública e os alcaldes ou alcaldesas. Así mesmo teñen a condición de autoridade sanitaria as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade no seu ámbito correspondente. No desempeño das súas funcións o persoal que leve a cabo as funcións de inspección terá a consideración de autoridade sanitaria”

Oito. O artigo 37 queda redactado da seguinte forma

Artigo 37. Da inspección de servizos sanitarios e de saúde pública

1. O persoal que realice funcións de inspección de servizos sanitarios e de saúde pública ten carácter de autoridade sanitaria no exercicio das funcións que ten encomendadas.





2. O persoal ao servizo da Administración sanitaria que actúe no exercicio das funcións de inspección e acreditando a súa identidade, estará autorizado para:
- a) Entrar libremente e sen previa notificación en calquera momento en todo centro, servizo ou establecemento suxeito a esta lei.
 - b) Proceder a realizar as probas, as investigacións ou os exames que consideren necesarios para comprobar o cumprimento desta lei e das normas que se aproben para o seu desenvolvemento.
 - c) Tomar ou sacar mostras coa finalidade de comprobar o cumprimento do previsto na normativa sanitaria vixente. Esta actividade que realice o persoal de inspección no exercicio das súas funcións non dará lugar a indemnización para a entidade ou persoa titular da mesma.
 - d) Realizar cantas actuacións sexan necesarias para o cumprimento das funcións de inspección que exerzan.
 - e) Comunicar inmediatamente á autoridade sanitaria competente a situación de risco grave e inmediato para a saúde que detecten e adoptar as medidas cautelares de emerxencia definidas pola autoridade sanitaria competente.

Así mesmo, o persoal da inspección poderá proceder a adoptar as medidas cautelares temporais necesarias durante a visita de control oficial, como a inmovilización de produtos, a suspensión temporal de actividade e outras, a fin de evitar prexuízos para a saúde en casos de risco grave e inminente para esta. Estas circunstancias deberán quedar reflectidas na correspondente acta de inspección. Neste suposto o persoal da inspección deberá dar conta inmediata das actuacións realizadas ao órgano competente para a incoación do procedemento sancionador, que deberá pronunciarse sobre as ditas medidas nun prazo máximo de quince días desde que foron adoptadas.





Nove. O artigo 67 queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 67. Ordenación territorial.

1. O Sistema Público de Saúde de Galicia ordénase territorialmente en áreas sanitarias, equivalentes ás áreas de saúde previstas na Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, distritos sanitarios e as zonas sanitarias.

2. As áreas sanitarias, os distritos sanitarios e as zonas sanitarias viran determinadas por criterios de carácter funcional, tendo en conta as condicións xeográficas, demográficas, epidemiolóxicas e de accesibilidade, e conforme ás necesidades da poboación e ás directrices de ordenación establecidas pola Xunta de Galicia.”

3. Cando a singularidade dunha zona xeográfica, así como os factores sociosanitarios, demográficos, laborais, vías de comunicación e outros que concorran nunha determinada poboación, e atendendo aos recursos dispoñibles e as directrices de política sanitaria, poderanse establecer por decreto outras divisións territoriais para a atención sanitaria desas poboacións

Dez. O artigo 68 queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 68. Áreas sanitarias.

1. Ás áreas sanitarias corresponderalles a xestión integrada dos recursos sanitarios asistenciais públicos existentes no seu ámbito territorial, así como as prestacións e programas que se desenvolvan.

2. O ámbito xeográfico de cada área sanitaria establecerase a través do correspondente Mapa Sanitario, que será aprobado por decreto do Consello da Xunta de Galicia. A estrutura e as funcións dos órganos de dirección e xestión das áreas determinaranse regulamentariamente.





3. A área sanitaria será a principal estrutura de referencia para a organización das actividades sanitarias, e a súa organización asegurará a continuidade da atención sanitaria en todos os niveis asistenciais e facilitará a coordinación de todos os recursos que correspondan a fin de configurar un sistema sanitario coordinado e integral.”

Once. O artigo 69 queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 69. Distritos sanitarios

1. Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria.
2. Cada distrito sanitario contará cun hospital no seu ámbito xeográfico.
3. O ámbito xeográfico de cada distrito sanitario establecerase por decreto do Consello da Xunta de Galicia”

Doce. O artigo 70 queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 70. Zonas sanitarias.

As zonas sanitarias son as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios. A división en zonas sanitarias de cada área realizarase atendendo aos factores xeográficos, demográficos, sociais e outros existentes no ámbito ao que se refiran e tendo en conta os recursos sanitarios existentes.

A división en zonas sanitarias integrase no Mapa Sanitario que será aprobado por decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Trece. Engádese a alínea h) ao artigo 107 queda redactada da seguinte forma:





h) O fomento da avaliación do impacto en saúde para garantir que se teñan en conta as repercusións que sobre a saúde podan ter as decisións sobre políticas públicas.

Catorce .O parágrafo 1 do artigo 115 queda redactado da seguinte forma:


“1. A provisión de prazas e postos de traballo no Sistema Público de Saúde de Galicia realizarase a través dos procedementos de selección, promoción interna, mobilidade, reingreso ó servizo activo e libre designación.

Con carácter xeral establécese o concurso de traslados como procedemento de provisión no ámbito dos Centros e Institucións Sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia. A convocatoria do concurso de traslados, poderá manter a súa vixencia no tempo a través de Resolucións de adxudicación sucesiva e periódica”.

Quince. Engádese o artigo 116.bis., coa rúbrica “Itinerarios profesionais” e a seguinte redacción:

“Artigo 116.bis

1. A Administración Sanitaria poderá definir itinerarios profesionais para o persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia.
2. Ós efectos da lei, considerarase itinerario profesional o conxunto de postos de traballo que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns, e que habiliten para o seu desempeño polo persoal de distintas categorías do sistema sanitario de Galicia.
3. Os itinerarios profesionais poderán ser tidos en conta para a estruturación dos sistemas de selección e provisión, nos termos que regulamentariamente se determinen”





Dezaseis. Modifícase a rúbrica do Título IX que pasa a ser “De la docencia, investigación e innovación”

Dezasete. O artigo 125 queda redactado da seguinte forma:

Artigo 125. Principios xerais

1. A Xunta de Galicia velará pola coordinación entre os sistemas sanitario, educativo e investigador de Galicia, a fin de conseguir unha maior adecuación da formación dos profesionais ás necesidades de saúde da poboación.
2. O Sistema Público de Saúde de Galicia estará en disposición de ser aproveitado para a docencia de pregrao e de posgrao, conforme ao previsto na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e na normativa reguladora das profesións sanitarias, establecéndose a este efecto os convenios de colaboración que correspondan.
3. A Consellería de Sanidade promoverá a formación continuada dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia, co obxectivo de axeitar os seus coñecementos e habilidade ás necesidades do profesional, así como, as liñas estratéxicas do sistema. En todos os plans de formación do persoal existirá un módulo sobre a igualdade entre homes e mulleres, facendo no mesmo especial referencia á violencia de xénero.
4. A Consellería de Sanidade garantirá un sistema autonómico de acreditación da formación continuada das profesións sanitarias, integrado dentro do sistema estatal, a fin de velar pola calidade das actividades de formación continuada realizadas por axentes públicos e privados.
5. As organizacións sindicais participarán na programación e execución do Plan de formación continuada do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.





Dezaoito. O capítulo II do Título IX pasa a ter a rúbrica de “Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia”.

Dezanove. O artigo 131 terá a seguinte redacción:

Artigo 131. Principios xerais

1. A administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, coma un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polos planes de investigación vixentes en cada momento. Todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación.
2. A Administración sanitaria tamén promoverá a transferencia do amplo coñecemento xerado á sociedade, así como, un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema dos cambios que aporten valor a pacientes e profesionais.
3. As autoridades públicas competentes en investigación e sanidade establecerán o réxime de colaboración co Sistema Público de Saúde de Galicia.
4. A Administración sanitaria impulsará, en coordinación coa consellería competente en materia de I+D+I, e desenvolverá os mecanismos de cooperación, colaboración e articulación de redes tendentes a favorecer que o sector sanitario se converta nun dos motores de desenvolvemento económico de Galicia en termos de actividade produtiva, de xeración de emprego de calidade, de incremento da produtividade e de achega ao produto interior bruto de Galicia.





Vinte. Engádesse o Título XI coa rúbrica seguinte:

“Da comisión interdepartamental en materia de educación e saúde”.

Vinte e un. Engádesse o artigo 138 coa denominación de “instrumento de coordinación” e o seguinte texto:

“Artigo 138. Instrumento de coordinación.

Coa finalidade de establecer de forma permanente a coordinación e o impulso necesarios para o desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde e atendendo aos principios de eficacia, eficiencia e participación, créase a Comisión interdepartamental en materia de educación e saúde.

Vinte e dous. Engádesse o artigo 139 coa rúbrica “Composición e funcionamento” que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 139. Composición e funcionamento.

1. A composición da comisión regularase por Decreto do Consello da Xunta de Galicia, da que formarán parte as persoas titulares das consellerías con competencia en materia educativa e sanitaria.

2. As normas xerais de organización e funcionamento da comisión estableceranse por orde conxunta das consellerías competentes en materia educativa e sanitaria”.

Vinte e tres. Engádesse o artigo 140 coa rúbrica de “Funcións” que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 140. Funcións

Son funcións da comisión as seguintes:

a) A análise dos estudos dos problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito educativo.





- b) A aprobación ou proposta, no seu caso, de liñas de actuación preferentes.
- c) A coordinación dos diferentes recursos existentes para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo.
- d) A coordinación das intervencións relacionadas coa protección da saúde, en particular, aquelas orientadas á seguridade alimentaria e á protección fronte a riscos ambientais.
- e) A coordinación dos programas desenvolvidos para a atención aos escolares con necesidades especiais de saúde.
- f) Aquelas outras que veñan establecidas en leis, regulamentos ou acordos do Consello da Xunta de Galicia nas materias da súa competencia”.

Disposición transitoria única. Ordenación transitoria

En tanto non se estableza a ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia, previsto no artigo 67 desta Lei, o ámbito xeográfico das áreas sanitarias coincidirá co das actuais estruturas organizativas de xestión integrada.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa.

Quedan derogadas todas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a Lei 13/1992, do 9 de novembro, de revisión do Mapa sanitario para crear el Área de Saúde de O Salnés, o punto un da disposición adicional cuarta da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias e os capítulos III e IV do Título IX da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Facúltase o Consello da Xunta de Galicia e á consellería competente en materia de sanidade para ditaren as disposicións regulamentarias e as





instrucións necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,





PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
08 XUN. 2017
Núm. 10.214

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Proposición non de lei.

Roberto García González, con DNI núm. 33838862C, na súa condición de secretario xeral da Organización Profesional Agraria **UNIÓNS AGRARIAS - UPA**, con CIF G-15115322 e domicilio na rúa Doutor Maceira núm. 13 - baixo de SANTIAGO DE COMPOSTELA (15706 - A Coruña), con teléfono 981530500, fax 981531724 e correo-e unionsagrarias_upagalicia@upa.es, comparece e DI:

Primeiro.- Que UNIÓNS AGRARIAS-UPA é unha organización profesional agraria constituída ó amparo da Lei 19/1977, de 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, que se encontra dedicada, entre outros fins, á defensa dos intereses do sector vitícola.

Xúntanse ó presente escrito, para acreditar o exposto e a representación do comparecente, os seguintes documentos:

1. Estatutos de Unions Agrarias-UPA.
2. Certificación dos cargos vixentes da Comisión Executiva Nacional de Unions Agrarias-UPA, estendida polo xefe de sección de Relacións Laborais da Secretaría Xeral de Emprego da consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Segundo.- Que por medio do presente escrito, ó amparo do establecido no artigo 16 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, ven a promover a presentación dunha proposición non de lei que se basea nas razóns que deseguido se expoñen, e que a xuízo da organización que representa o dicente aconsellan a súa tramitación e aprobación por este Parlamento co texto que máis adiante se indica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No inverno e inicio da primavera de 2017 estabamos a ter unhas temperaturas anormalmente altas. Motivo que levou a acelerar a evolución da viña e aos sotos a estados fenolóxicos impropios destas datas, que os fai especialmente sensibles ás baixas temperaturas.

Isto foi o que aconteceu o pasado 27 de abril. Rexistrouse unha caída térmica moi importante nos concellos dos Consellos Reguladores Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e

08 XUN. 2017

Núm. 10214

Valdeorras, así como en Viana do Volo, o concello con maior produción de castaña de Galicia e co maior produto certificado pola Indicación Xeográfica Protexida (IXP).

As baixas temperaturas permaneceron varias horas baixo cero ata chegar aos 7 graos negativos en puntos concretos, segundo se recolle nas estacións meteorolóxicas de METEOGALICIA.

No viñedo levou a unha perda moi importante dos brotes (nalgún caso de 100%). Afectou a unhas 2.748 hectáreas e agora deberase esperar a ver cómo evolucionan as cepas afectadas e comezar cos traballos de recuperación, sendo conscientes de que as xeadas tardías de primavera poden provocar a perda total da colleita.

Os soutos atopábanse en plena floración cando caeron drásticamente as temperaturas, e a pesar de que son resistentes ao frío, as xeadas tardías de primavera son moi prexudiciais para o correcto desenvolvemento do froito.

Esta situación podería sumir ás comarcas de clara vocación vitivinícola e de produción de castaña de Ourense e Lugo nunha fonda recesión, posto que o tecido económico, comercial e social depende en grande medida desta actividade agraria, cuxos marxes de beneficio sempre foron moi escasos.

Por isto, **UNIÓNS AGRARIAS-UPA ven a promover a presentación dunha proposición non de lei co seguinte contido:**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que impulse as seguintes medidas relativas á protección dos viticultores do territorio dos Consellos Reguladores Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras, afectados polas xeadas:

1. Demandar con urxencia dunha liña de axudas directas para viticultores con importe igual á dos viticultores e viticutoras da Ribeira Sacra, concretamente do Concello de Sober (Orde do 19 de Setembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos viticultores da Ribeira Sacra afectados polo pedrazo) e para produtores de castaña. Estas axudas sufragarán en parte os traballos necesarios de recuperación e mantemento dos viñedos afectados e suporá, en definitiva, o non abandono das explotacións existentes.
2. Demandar ó Ministerio de Emprego e Seguridade Social unha bonificación do 99% nas cotas satisfeitas á Seguridade Social polos traballadores autónomos, durante un período non inferior a seis meses.

08 XUN. 2017

3. Solicitar ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a posta ^{Núm} en marcha dunha ¹⁰²¹⁴ rebaixa aplicable no IRPF.

4. Pedimos que a Xunta de Galicia, a través do IGAPE, abra un portelo de solicitudes que poña a disposición dos afectados e afectadas, unha liña de créditos, sen custes de tramitación e con interese cero que permitan paliar os danos económicos provocados pola perda de ingresos e as necesidades de liquidez e circulante. Deste xeito non quedaría unicamente en mans do bancos a decisión de que explotacións sobreviven e cales non, en función das posibilidades de recibir un crédito privado.


5. Reclamar ó Goberno de España a declaración de Zona de Emerxencia, debido ás excepcionais condicións meteorolóxicas acontecidas, principalmente o día 27 de abril, para o territorio das Denominacións de Orixe Ribeiro, Monterrei, Valdeorras e Ribeira Sacra, e o concello de Viana do Bolo. afectados moi gravemente pola xeadá.

6. Que a Xunta de Galicia e Ministerio de Agricultura poñan e marcha a apertura dunha mesa de negociación co sector e coas compañías aseguradoras para facer posible a existencia dunha oferta aseguradora real, adaptada e eficaz para o sector vitivinícola e para a produción de castaña. Habilitando unha partida orzamentaria suficiente que cubra ate o máximo, o 65%, a subvención sobre os seguros agrarios.

Polo dito,

SOLICITA: que se teña por presentado este escrito e por promovida a presentación dunha proposición non de lei nos termos que quedan expostos para que, logo dos trámites que procedan conforme ó establecido no artigo 16 e demais concordantes da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, sexa aprobada polo Pleno da Cámara.

Santiago, 8 de xuño de 2017



Asdo. Roberto García González
COMISION EXECUTIVA NACIONAL UAA-UPA
Secretario Xeral UAA-UPA



Juan José Mesejo Mocelo, xefe de sección de Relacións Laborais, da Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia,

CERTIFICA


Que segundo consta nos arquivos desta subdirección con data 17 de setembro de 1985, foron depositados, ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, e do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, os estatutos de UNIONS AGRARIAS-UPA co número de depósito 72/61/1985

Así mesmo, faise constar que no 10º Congreso Nacional Galego, celebrado o día 4 de decembro de 2015 en Teo, saíu elixida por maioría absoluta a seguinte Comisión Executiva Nacional:

Secretario Xeral:	Roberto García González
Sec. de Org. e Coordinación coas Comarcas:	José Rodríguez Blanco
Secretario de Asuntos Económicos e Area Interna:	Javier López Iglesias
Secretaria de Igualdade e Política Social:	Verónica Marcos Arrojo
Sec. de Xuventude, Emp. do Rural e M. A.:	Begoña Liñares García
Secretaria Executiva:	Rosario Muñiz López
Secretario Executivo:	José Castro Cabaleiro

Que non consta, dos antecedentes que obran nesta Dirección Xeral, se formularan alegacións polos posibles afectados, ou se instara do órgano xudicial competente declaración algunha de non ser conforme a dereito ou producirse resolución do mesmo de suspensión ou disolución da devandita asociación.

E para que así conste, expido a presente en Santiago de Compostela a 21 de xaneiro de dous mil dezaseis.



ESTATUTOS

DE UNIÓN AGRARIAS-UPA



ESTATUTOS DE UNIÓNS AGRARIAS-UPA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIONES EMPRESARIAS E SINDICAIS
Data da resolución 21-01-2016 FOLIO DE 24
Nº de depósito 72-61-1985
O/A Encargado/a do oficio de depósito

DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

Os agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais galegos, integrados na Organización Profesional Agraria "UNIÓNS AGRARIAS-UPA" para defendelos seus intereses socioeconómicos e o dereito a traballar e vivir dignamente da súa profesión, facendo uso do principio constitucional de participación nos asuntos públicos, políticos, económicos, culturais, sociais, e de liberdade de Asociación recoñecidos na Constitución Española de conformidade coa lexislación vixente e segundo os convenios internacionais, e en virtude do disposto na Lei 19/77, do 1 de abril.

DECLARAN:

Que o sector agrario galego está integrado maioritariamente por agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais que viven total ou parcialmente do seu traballo persoal e directo na explotación, conformando un colectivo socioeconómico cun nivel de rendas por debaixo do resto dos sectores produtivos, o que incide negativamente nas súas condicións de vida e de traballo.

Que a vertebración, organización e asociación dos produtores galegos permite defender mellor os intereses socioeconómicos das explotacións agrogandeiras e forestais, diminuílos custos de produción e participar directamente nos procesos de transformación e comercialización das producións agrarias.

Que é preciso, polo tanto, participar activamente a través dunha organización que aglutine a representatividade e forza necesaria nos foros de diálogo, debate e concertación para influír nas Institucións nas que se deseñan as políticas agrarias e nos lugares nos que se toman decisións que afectan á poboación agraria e ó desenvolvemento e futuro do medio rural galego, para que se operen os cambios necesarios e se apliquen medidas e solucións ós problemas existentes.

Polo que,

PROCLAMAN:

A reafirmación dos plantexamentos reivindicativos progresistas da Organización Profesional Agraria UNIÓNS AGRARIAS-UPA, o compromiso inequívoco de defensa dos intereses profesionais, sociais e económicos dos agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais galegos, e a necesidade de melloralas calidade de vida no medio rural galego.

TÍTULO I. Natureza, denominación, sede e organización

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICATS
Data da resolución 21-01-2016 FOLIO 2 DE 34
Nº de depósito 72-68-1980
Juan J. Meza

Artigo 1

1.1. UNIÓNS AGRARIAS-UPA é unha Organización Profesional Agraria de ámbito nacional galego legalmente constituída ó amparo da Lei 19/77, do 1 de abril, e do Decreto 873/77, do 22 de abril, con personalidade xurídica propia e capacidade para obrar, sen ánimo de lucro autónoma e independente dos partidos políticos e das administracións públicas, rexéndose unicamente pola vontade dos seus afiliados manifestada a través dos seus órganos de decisión, dirección e control, previstos nestes estatutos, e polo disposto, tanto neles como nas demais normas de aplicación directa ou supletoria.

1.2. UNIÓNS AGRARIAS-UPA ten estrutura nacional galega e agrupa os seus afiliados a través das Unións Comarcais, e estes a través das Organizacións Sectoriais Comarcais

1.3. UNIÓNS AGRARIAS-UPA está integrada organicamente a nivel estatal na UPA, asumindo os seus principios e Estatutos.

1.4. Os afiliados de UNIÓNS AGRARIAS-UPA, sen prexuízo da súa pluralidade ideolóxica, non poderán agruparse nin actuar dentro da organización a través de colectivos organizados en tendencias, senón que o farán utilizando as canles de participación que proporcionan as estruturas previstas nestes Estatutos.

Artigo 2

UNIÓNS AGRARIAS-UPA ten a súa sede nacional galega en Santiago de Compostela, Rúa Doutor Maceira nº 13, baixo.

Artigo 3

3.1. UNIÓNS AGRARIAS-UPA é unha organización unitaria, estruturada democraticamente tanto na súa composición orgánica como territorial e sectorial, nos termos establecidos nos presentes Estatutos.

3.2. UNIÓNS AGRARIAS-UPA estrutúrase a través de organizacións territoriais e sectoriais comarcais.


3.3. Á súa vez, as distintas organizacións comarcais poderán estruturarse en organizacións locais.

3.4. Tódolos órganos de dirección de UNIÓNS AGRARIAS-UPA, calquera que sexa o seu nivel, establecerán nos seus órganos un sistema de participación nos congresos, comités e comisións executivas, que garanta unha presenza de homes e mulleres nos devanditos órganos máis acorde coa realidade afiliativa de UNIÓNS AGRARIAS-UPA. Esta presenza tenderá a ser proporcional ó número de afiliados e afiliadas en cada organización territorial. En todo caso, garantirase unha presenza mínima do 40% para cada sexo naquelas que alcancen ou superen a devandita porcentaxe. No cálculo resultante da proporcionalidade, se houbo un posto sobranter, atribuírase ó maior resto (afiliadas, afiliados). Así mesmo, estableceranse sistemas de participación en tódolos niveis que fomenten a presenza de afiliados e afiliadas menores de 35 anos.

TÍTULO II. Obxecto social e fins

Artigo 4

4.1. UNIÓN AGRARIAS-UPA ten por obxecto:



- a) A defensa dos intereses dos agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais galegos e a mellora da súa calidade de vida.
- b) Practicar e fomentar a solidariedade entre os afiliados e as organizacións que se integren segundo as normas establecidas nos seus Estatutos.
- c) Manter relacións coas organizacións de calquera ámbito que teñan fins coincidentes cos de UNIÓN AGRARIAS-UPA.
- d) Desenvolver accións dirixidas a vertebrar e organizar os agricultores/as, gandeiros/as, propietarios/as forestais e autónomos con actividade no medio rural de Galicia para defendelos seus intereses, incrementar as súas rendas e mellorar as condicións de traballo e, polo tanto, o nivel de vida no medio rural.
- e) Intervir nos problemas que afectan ó medio rural, defendendo as liberdades individuais e colectivas, existindo ós poderes públicos que estas sexan respectadas.
- f) Demandar dos poderes públicos medidas políticas e económicas que permitan resolver os problemas dos agricultores/as, gandeiros/as, propietarios/as forestais e autónomos con actividade no medio rural e que contribúan á equiparación do seu nivel de vida en relación cos demais sectores produtivos e cos dos sectores agrarios dos países máis avanzados.
- g) Participar activamente, coa representatividade e forza necesaria nos foros de diálogo, debate e concertación, para influír nas institucións nas que se deseñan as políticas agrarias e nos lugares nos que se toman decisións que afecten á poboación agraria e ó desenvolvemento e futuro do medio rural galego, para que se operen os cambios necesarios e se apliquen medidas e solucións ós problemas existentes.
- h) Promover a prestación de servizos e fomentar o asociacionismo económico-agrario co fin de defendelos intereses das explotacións agrogandeiras, forestais e aquelas actividades de traballadores autónomos do rural.
- i) Promover e realizar accións formativas e informativas dirixidas ós titulares das explotacións agrogandeiras e forestais e ós autónomos con actividade no medio rural, para a súa cualificación profesional, ás súas familias e, en xeral, á poboación agraria.
- j) Prestar especial atención a aqueles colectivos e sectores sociolaborais máis desfavorecidos dentro do medio rural, apoiando e defendendo de modo especial as reivindicacións das mulleres e dos mozos, fomentando entre eles actuacións e iniciativas que permitan a mellora das súas condicións profesionais e laborais.
- k) Promover e fomentar a igualdade entre homes e mulleres e a súa integración nas políticas de emprego.

- l) Fomentalo desenvolvemento de outras actividades económicas complementarias ó sector agrario no medio rural.
- m) Promover proxectos e actividades respectuosas co medio ambiente e o entorno natural, así como actividades de investigación e desenvolvemento en ámbitos relacionados co medio rural.
- n) A cooperación para o desenvolvemento no ámbito da agricultura, a gandería e o desenvolvemento rural.
- ñ) Desenvolver programas, convenios e actividades de calquera tipo, por si mesma ou en colaboración con administracións públicas e/ou entidades privadas de calquera clase e con todo tipo de organizacións sen ánimo de lucro, que redunden en favor do interese xeral.
- o) Calquera outro fin ou obxectivo da Organización ou que poidan acordar libremente os órganos representativos da mesma.

4.2. Para unha mellor consecución dos obxectivos, UNIÓNS AGRARIAS-UPA estruturará en Organizacións Sectoriais e Departamentos específicos, os distintos sectores socioeconómicos e sociais que compoñen o medio rural.

TÍTULO III. Afiliación, baixa e procedementos

Artigo 5

5.1. Poderán ser afiliados de UNIÓNS AGRARIAS-UPA:

- a) Os agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais, así como os seus colaboradores familiares que traballan pola súa conta na súa explotación, mediante a contribución do seu traballo persoal e directo na mesma, a tempo parcial ou completo.
- b) As Cooperativas Agrarias, as Sociedades Agrarias de Transformación, as Asociacións de Produtores, ou calquera outra figura asociativa que democraticamente decidan pertencer a UNIÓNS AGRARIAS-UPA, cuxa actividade principal estea relacionada co sector agrario, ou co medio rural no seu conxunto. As persoas xurídicas ou entidades asociativas estarán representadas en UNIÓNS AGRARIAS-UPA polo seu representante legal. Estas entidades contarán como un só afiliado, sen que en ningún caso se poida atribuír a representación dos seus asociados, socios ou partícipes.
- c) Os técnicos, titulados agrarios e forestais ou profesionais en xeral que exerzan actividades relacionadas coas explotacións agrarias ou co medio rural, así como os traballadores e/ou persoal ó servizo de calquera dos distintos organismos dependente de UNIÓNS AGRARIAS-UPA.

5.2. Para adquirir a condición de afiliado á organización requírese cumprir as condicións obxectivas previstas nos presentes estatutos, así como as establecidas nos estatutos de UPA Federal, aceptalos contidos destes, así como os principios xerais do funcionamento da organización, e solicitar e obter a aprobación do devandito ingreso nos termos sinalados a continuación:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPÓSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAS E SINDICAIS
Data da resolución 27 de 2016 FOLIO 1 DE 36
Nº de depósito 27 de 1985
C/A encargado do oficio de depósito

a voz do campo

a) A solicitude de ingreso será formulada polo/a interesado/a ou representante legal –en caso de tratarse de persoas xurídicas ou entidades asociativas– mediante escrito que conterá, ademais, o compromiso formal de aceptación dos estatutos e principios xerais de funcionamento da organización.

b) A solicitude dirixirase á Comisión Executiva Nacional Galega, que decidirá sobre a solicitude na primeira reunión que celebre dende a súa recepción.

c) A afiliación só poderá ser denegada mediante resolución motivada da Comisión Executiva Nacional Galega, ou ser anulada retroactivamente dentro dun prazo de tres meses, cando se considere necesario no interese da Organización. Contra as decisións denegatorias poderase reclamar ante a Comisión Executiva Federal de UPA, e a súa decisión será definitiva.

5.3. Son dereitos dos afiliados de UNIÓN AGRARIAS-UPA os seguintes:

a) O dereito de discusión e crítica sobre tódolos asuntos que afecten á Organización, así como ás políticas desenvolvidas polos seus órganos representativos, mediante a libre expresión oral ou escrita, coas limitacións que establezan os Estatutos.

b) O dereito de ser elector/a e elixible nos procesos electorais internos e externos, coas limitacións sinaladas nestes Estatutos en relación coa antigüidade na afiliación ou a concorrencia de incompatibilidades. Para o exercicio dos dereitos contidos neste apartado será necesario estar ó corrente de pago nas cotizacións.

c) O dereito ó control dos órganos representativos e dos seus compoñentes, así como o coñecemento puntual das decisións e acordos adoptados por aqueles, a través das canles estatutarias, así como das que internamente se acorden.

d) O dereito á protección externa pola propia organización fronte ós ataques inxustos e á protección interna mediante a actuación imparcial dos órganos competentes.

e) O dereito a participar en procesos formativos, tanto de carácter xeral coma especializado que procuren unha maior cualificación profesional e técnica que posibilite a optimización dos recursos e das explotacións.

f) O dereito a obter os servizos e prestación ofertados pola organización ós seus afiliados/as, para o cal será necesario estar ó corrente de pago nas cotizacións.

g) O dereito á valoración da afiliación como mérito ó concursar para cubrir os postos de traballo remunerados da organización e en especial se se trata de postos de libre designación.

h) Cantos outros dereitos poidan resultar complementarios ou derivados dos anteriores.

5.4. Son obrigas dos afiliados de UNIÓN AGRARIAS-UPA as seguintes:

a) A defensa dos intereses da Organización e dos seus principios, obxectivos e finalidades, poñendo tódolos medios ó seu alcance para a consecución dos mesmos.



a voz do campo

Data da resolución 21.01.2016 FOLIO 6 DE 39
 nº de depósito 72-61-1989
 D/A encargado/a de oficina de depósito

b) O acatamento, respecto e cumprimento dos seus Principios Xerais, Estatutos, Resolúcións, Acordos ou Decisións dos seus Órganos, ou das persoas facultadas para levalos a cabo.

c) A solidariedade material ou moral cos demais afiliados/as da organización, así como o respecto ás súas opinións, posicións e persoas.

d) Facilitar e favorecer en todo momento o axeitado desenvolvemento da Organización a tódolos niveis, facilitando de forma veraz canta información lle sexa requirida e absténdose de incorrer en condutas ou comportamentos que poidan impedir, dificultar ou obstruír o axeitado funcionamento dos Órganos ou Organizacións legalmente constituídas, ou lesionar ou menoscabalos dereitos do resto dos afiliados.

e) Absterse de realizar actividades de representación política e organizativa que puideran resultar competitivas ou concorrentes coas da organización, así como elaborar ou desenvolver políticas ou actuacións á marxe desta sen aterse ás grandes liñas previstas ou acordadas para a organización no seu conxunto polos seus órganos competentes, e isto tanto de forma directa e persoal como indirecta ou a través de persoas ou entidades interpostas, excepto que medie autorización expresa e previa por parte da Comisión Executiva para cada actuación concreta.

Calquera suposto dubidoso deberá ser posto en coñecemento da Comisión Executiva Nacional Galega co fin de acadala súa autorización expresa e previa.

f) A asistencia e participación activa en cantos actos convoque a Organización.

g) O aboamento da cota mediante domiciliación bancaria, nos termos e contías que sexan acordados polos Órganos competentes.


Os afiliados outorgan expresamente a súa autorización para que UNIÓN AGRARIAS-UPA facilite á entidade bancaria a relación de afiliados e afiliadas cos datos persoais necesarios para proceder ó cobro da cota de afiliación.

h) Cantas outras obrigas poidan resultar complementarias ou derivadas das anteriores, así como todas as dispostas para este asunto nos estatutos de UPA federal.

5.5. Perderase a condición de afiliado/a de UNIÓN AGRARIAS-UPA polas seguintes causas:

- a) Por baixa voluntaria.
- b) Por falta de pagamento das cotas durante un período de máis de 12 meses dende o cobro do último recibo.
- c) Por expulsión.

5.6. Para os efectos de normas de disciplina interna, entenderase o disposto no articulado correspondente dos Estatutos Federais de UPA e regulamentos que poidan ditarse ó respecto.



TÍTULO IV. Estructura organizativa

Artigo 6

6.1. UNIÓNS AGRARIAS-UPA está estruturada en organizacións territoriais e sectoriais, co obxecto de alcanzar un mellor cumprimento dos seus fins, prestar unha atención suficiente e especializada a tódolos afiliados e afiliadas e aplicar as resolucións e directrices dos seus órganos representativos, garantindo a realización efectiva do principio de solidariedade.

6.2. A estrutura territorial de UNIÓNS AGRARIAS-UPA establécese a nivel de comarcas:

a) A estrutura superior, isto é, a nacional galega, corresponde á Comisión Executiva Nacional Galega de UNIÓNS AGRARIAS-UPA.

b) En atención a circunstancias, poderán constituírse organizacións territoriais de ámbito local, integradas nas organizacións comarcais correspondentes.

6.3. A estrutura sectorial de UNIÓNS AGRARIAS-UPA establécese a nivel de comarcas

a) A estrutura superior, isto é, a nacional galega, corresponde á Comisión Executiva Nacional Galega de UNIÓNS AGRARIAS-UPA.

6.4. As resolucións, obxectivos e fins das organizacións comarcais e sectoriais non poderán contradicir os principios xerais e o espírito da Organización contido nos presentes Estatutos. En caso contrario, estes serán nulos.

Os acordos e decisións adoptados polos órganos de decisión e dirección das organizacións comarcais e sectoriais no uso das súas competencias e funcións, deberán ser sempre acordes e gardar congruencia cos dos órganos nacionais galegos.

6.5. Tendo en conta as especiais dificultades que a muller do mundo rural atopa para a súa participación asociativa, e social en xeral, a súa incidencia no mantemento dun tecido humano vivo, activo e dinámico, UNIÓNS AGRARIAS-UPA desenvolverá unha política organizativa e social activa no medio rural destinada a este colectivo.

Artigo 7

7.1. Os órganos das organizacións comarcais e, de selo caso, das inferiores son:

a) O Congreso

b) O Comité

c) A Comisión Executiva

d) Os Comités Sectoriais

7.2. Os órganos das organizacións comarcais e inferiores, así como das sectoriais rexeranse polas normas contidas nos presentes Estatutos, así como polas resolucións e acordos do Congreso Nacional Galego, Comité Nacional Galego, Comisión Executiva Nacional Galega e Comités Nacionais Sectoriais, que poidan afectarlles.

Artigo 8

8.1. Os congresos ordinarios das organizacións comarcais terán lugar cada catro anos dentro do período establecido polo calendario congresual aprobado polo Comité Nacional Galego.


8.2. Os Comités Comarcais fixarán o número de delegados ó Congreso Comarcal en representación de cada concello desa comarca.

TÍTULO V. Órganos de decisión, dirección e control.

Artigo 9

Son órganos de UNIÓN AGRARIAS-UPA:

- O Congreso Nacional Galego
- O Comité Nacional Galego
- A Comisión Executiva Nacional Galega
- O Consello Nacional Galego
- Os Comités Nacionais Sectoriais



CAPÍTULO I. O Congreso Nacional Galego

Artigo 10

10.1. O Congreso Nacional Galego é o órgano supremo de UNIÓN AGRARIAS-UPA.

10.2. Cada catro anos, celebrarase un Congreso Nacional Galego Ordinario dentro do período establecido polo calendario congresual aprobado polo Comité Federal de UPA

10.3. Son tarefas do Congreso Nacional Galego de UNIÓN AGRARIAS-UPA:

- a) Establecelas liñas xerais de política da Organización.
- b) Recibilo informe de xestión da Comisión Executiva Nacional Galega para a súa análise e decisión sobre este.
- c) Aprobalos Estatutos Nacionais Galegos, así como acordala súa modificación coas excepcións establecidas nas Disposicións recollidas nos Estatutos de UPA Federal.

8

- d) Decidir sobre as propostas que lle foron presentadas, así como sobre os recursos interpostos diante do Congreso Nacional Galego de UNIÓNS AGRARIAS-UPA.
- e) Elixila Comisión Executiva Nacional Galega, e os membros ó Comité Nacional de UGT Galicia e Comité Federal de UPA, en representación de UNIÓNS AGRARIAS-UPA.
- f) Cantas demais competencias e funcións lle sexan atribuídas polos Estatutos ou normas complementarias.

Artigo 11

11.1. O Congreso Nacional Galego de UNIÓNS AGRARIAS-UPA está constituído polos delegados e delegadas elixidos/as democraticamente nos Congresos Extraordinarios das distintas Unións Comarcais, debendo garantirse unha presenza mínima do 40% para cada sexo. Os delegados e delegadas exercerán individualmente o seu dereito ó voto no Congreso.

Cada Unión Comarcal elixirá, xunto ós delegados e delegadas que lle correspondan, un número de suplentes equivalentes a un 25% dos titulares, co mesmo criterio porcentual de presenza para cada sexo.

11.2. O Comité Nacional Galego determinará o número de delegados que corresponda a cada unha das Unións Comarcais de forma proporcional ó número de afiliados/as cotizantes expedida para este efecto pola Comisión Executiva Nacional Galega con base na certificación expedida para este fin polo Servizo Confederal Administrativo.

11.3. Tódolos/as delegados/as presentes nos Congresos das diferentes Unións Comarcais de UNIÓNS AGRARIAS-UPA exercerán o seu dereito ó voto en tódalas votacións que se fagan no Congreso durante a súa celebración.

11.4. Os/As delegados/as presentes no Congreso Nacional Galego terán dereito a voz e voto en tódalas deliberacións que se fagan ó longo daquel.

11.5. Só serán elixidos como delegados/as aqueles afiliados/as que no día da elección acrediten polo menos un ano de afiliación ininterrompida.

11.6. Os membros da Comisión Executiva Nacional Galega participarán no Congreso con voz e voto. Esta última función non a poderán exercer cando se xulgue a súa xestión, nin na elección dos órganos de UNIÓNS AGRARIAS-UPA.

11.7. Os membros da Comisión Executiva Nacional Galega non poderán ser elixidos como delegados ó Congreso.

Artigo 12

12.1. A data, o lugar e a orde do día do Congreso Nacional Galego de UNIÓNS AGRARIAS-UPA, así como o número de delegados/as que o compoñen, serán fixados polo Comité Nacional Galego, aténdose ó calendario establecido polo Comité Federal de UPA .

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIONES EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución 27-01-2011 FOLIO 9 de 24
Nº de depósito 77-01-1985

C/A encargado/a da edición do Boletín

12.2. O Comité Nacional Galego establecerá unha Comisión de Propostas, composta por representantes das Unións Comarcais, que xunto cos membros da Comisión Executiva Nacional Galega, elaborarán os textos que sirvan como base de discusión no Congreso Nacional Galego de UNIÓNS AGRARIAS-UPA. O Programa de Acción así elaborado enviarase ás Unións Comarcais conforme ó prazo que estableza o Comité Nacional Galego que convoque o devandito Congreso.

12.3. As Unións Comarcais poderán presentar emendas á totalidade ou ó articulado de cada un dos capítulos do Programa de Acción.

12.4. As emendas deberán estar en poder da Comisión Executiva Nacional Galega no prazo que estableza o Comité Nacional Galego que convoque o devandito Congreso. A Comisión Executiva Nacional Galega establecerá os criterios de envío máis axeitados para facilitar esta tarefa.

12.5. A Comisión Executiva Nacional Galega enviará, no prazo que estableza o Comité Nacional Galego que convoque o devandito Congreso, ás Unións Comarcais, as emendas recibidas e debidamente clasificadas. Esta documentación irá acompañada dun Resumo escrito do Informe de Xestión da Comisión Executiva Nacional Galega.

Artigo 13

13.1. Poderá ser convocado un Congreso Nacional Galego Extraordinario por decisión do Comité Nacional Galego adoptado pola maioría absoluta dos seus membros ou a solicitude de máis do 50% das Unións Comarcais, que representen, á súa vez, máis do 50% dos afiliados totais de UNIÓNS AGRARIAS-UPA.

13.2. O Congreso Nacional Galego Extraordinario unicamente tratará aqueles asuntos que figuren expresamente na orde do día da súa convocatoria.

13.3. O proceso de convocatoria do Congreso Nacional Galego Extraordinario será similar ó establecido para o Congreso Ordinario, e deberá celebrarse dentro das oito semanas seguintes á súa convocatoria.

13.4. En todo o non disposto nestes Estatutos en relación ó Congreso Nacional Galego, aplicaranse os Estatutos, regulamentos e normas internas de UPA Federal relativas ó seu Congreso.

Artigo 14


14.1. Os gastos xerais do Congreso Nacional Galego de UNIÓNS AGRARIAS-UPA correrán a cargo da Comisión Executiva Nacional Galega.

CAPÍTULO II. Do Comité Nacional

Artigo 15

15.1. O Comité Nacional Galego de UNIÓNS AGRARIAS-UPA é o órgano máximo entre congresos ordinarios. Está formado por:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPÓSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución ... 21-01-2016 ... FOLIO ... 10 ... DE ... 349
Nº de depósito ... 72-61-1985
D/A encargado/a da oficina de depósito



1. Os membros que compoñen a Comisión Executiva Nacional Galega.
2. Os/As secretarios/as xerais das Unións Comarcais constituídas, que, na súa ausencia, so poderán ser substituídos polo Secretario/a de Organización desa Unión Comarcal.
3. Os/as Presidentes/as nacionais sectoriais por cada un das organizacións sectoriais constituídas
4. Un responsable comarcal por cada Unión Comarcal non constituída, que participarán con dereito a voz pero non a voto.
5. Un representante elixido democraticamente polas Unións Comarcais constituídas, a razón dun delegado por cada 350 afiliados ou fracción, segundo o certificado de cotas emitido polo SCA para o Congreso Federal de UPA.
- 6.- Os/As Responsables dos distintos Departamentos constituídos de acordo co establecido no artigo 35 destes Estatutos
7. Os/As Presidentes/as das Comisións Xestoras, que participarán con dereito a voz pero non a voto.

15.2. Ás xuntanzas do Comité Nacional Galego poderán asistir, con voz e sen voto, os técnicos asesores que estime conveniente a Comisión Executiva Nacional Galega, ou, a proposta da maioría absoluta que previamente solicitase a convocatoria do Comité Nacional Galego, para informar sobre temas concretos.

15.3. Para formar parte do Comité Nacional Galego será condición indispensable levar máis de un ano de afiliación ininterrompida a UNIÓN AGRARIAS-UPA.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIONES EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución 21-01-2011 FOLIO 11 DE 34
Nº de depósito 77-61-1985
O/A encargado/a de archivar o depósito

Artigo 16

- 16.1. O Comité Nacional Galego reunirse de forma ordinaria polo menos unha vez ó ano.
- 16.2. A orde do día das súas reunións ordinarias, así como os informes da Comisión Executiva Nacional Galega sobre actividades ou sobre a situación xeral, tanto interna como externa, serán postos en coñecemento dos membros do Comité Nacional Galego con catro semanas de antelación e por escrito, xunto coa acta do Comité Nacional inmediatamente anterior, que será remitido cando menos ós/ás secretarios/as xerais das Unións Comarcais, ós/ás Presidentes/as Nacionais das organizacións nacionais sectoriais constituídas e Responsables dos Departamentos constituídos.
- 16.3. O Comité Nacional Galego, nas reunións ordinarias, poderá modificala orde do día proposta, para o que se requirirá a aceptación da maioría simple deste.

Artigo 17

- 17.1. O Comité Nacional Galego reunirse con carácter extraordinario cando o estime necesario a Comisión Executiva Nacional Galega ou o solicite a maioría absoluta dos seus membros.
- 17.2. A orde do día das reunións extraordinarias deberá ser entregada ós membros do Comité Nacional Galego coa máxima antelación posible, dependendo da urxencia da convocatoria.

[Handwritten signature] 11

17.3. O Comité Nacional Galego, nas reunións extraordinarias, non tratará outros asuntos distintos daqueles para os que foi convocado.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución 21.03.2016. FOLIO 10 DE 34
Nº de depósito 72-61-1985
D/A encargado/a de oficina de depósito

Artigo 18

18.1. A duración das funcións do Comité Nacional Galego será de Congreso a Congreso Ordinario.

18.2. Os membros do Comité Nacional Galego colaborarán coa Comisión Executiva Nacional Galega coas observacións, iniciativas, suxestións e propostas que fagan falla en todo momento.

18.3. Serán funcións do Comité Nacional Galego:

a) Debater, pronunciarse e fixar criterios de actuación en relación con tódolos aspectos políticos e organizativos que afecten á Organización.

b) Aprobalo orzamento anual de UNIÓN AGRARIAS-UPA.

c) Cubrilas vacantes que se produzan nos distintos órganos nacionais galegos entre congresos, mediante acordo da maioría absoluta dos seus membros. Se a vacante afecta á Secretaría Xeral da Comisión Executiva Nacional Galega, será necesaria unha maioría de 2/3 dos seus membros.

Cando na Comisión Executiva Nacional Galega quedara vacante a Secretaría Xeral e/ou máis do 50% dos seus compoñentes, o resto dos seus membros convocará o Comité Nacional Galego, que se celebrará dentro dun prazo de catro semanas seguintes á data na que se produciu o feito.

O Comité Nacional Galego cubrirá as vacantes, en votación secreta, de acordo co establecido nos presentes Estatutos. Se non se lograra cubri-la Secretaría Xeral, ou de selo caso, máis do 50% dos membros da Comisión Executiva Nacional Galega, procederase no mesmo acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocalo Congreso Extraordinario para elixir unha nova Comisión Executiva Nacional Galega.

d) Nomealas Comisión Xestoras, naqueles supostos establecidos no artigo 23 destes Estatutos.

e) Convocalo Congreso Nacional Galego Ordinario e Extraordinario de acordo co establecido nestes Estatutos.

f) Determinalo número de delegados/as que corresponden a cada Unión Comarcal, proporcionalmente ó número de afiliados/as polos que se pagasen cotas.

g) Aprobar, a proposta da Comisión Executiva Nacional Galega, os regulamentos ou as normas de desenvolvemento dos presentes Estatutos que resulten convenientes.

h) Establecer e fixar, a proposta da Comisión Executiva Nacional Galega de UNIÓN AGRARIAS-UPA, a forma e a contía da cota de afiliación.

i) Decidila formalización de coalicións e/ou acordos electorais, calquera que sexa o seu ámbito xeográfico e a natureza dos procesos electorais ós que concorra, agás aqueles procesos que afecten ó ámbito estatal.

j) Cantas outras competencias ou funcións lle sexan recoñecidas nestes Estatutos, nos Estatutos de UPA Federal, na normativa de aplicación, ou, en xeral, todas aquelas propias da súa condición de órgano superior da organización entre congresos, así como adaptar ós Estatutos e Resolucións que aprobe o Congreso Federal de UPA os Estatutos e as Resolucións aprobadas polo Congreso de UNIONS AGRARIAS-UPA na primeira reunión que celebre despois do Congreso Federal, e resolver todas aquelas cuestións que se lle encomenden por Resolucións do Congreso ou do propio Comité Nacional Galego

18.4. Os acordos do Comité Nacional Galego serán comunicados de inmediato pola Comisión Executiva Nacional Galega ás Unións Comarcals.

18.5. Os gastos de aloxamentos e manutención dos membros do Comité Nacional Galego, así como os gastos xerais, correrán por conta da Comisión Executiva Nacional Galega.



CAPÍTULO III. Da Comisión Executiva Nacional Galega

Artigo 19

19.1. A Comisión Executiva Nacional Galega é o máximo órgano de dirección permanente de UNIÓN AGRARIAS-UPA, representándoa tanto interna coma externamente. Está suxeita ós Estatutos de UNIÓN AGRARIAS-UPA e ás resolucións do Congreso e do Comité Nacional Galego.

19.2. A Comisión Executiva Nacional Galega deberá reunirse periodicamente e establecerá o seu propio Regulamento de Funcionamento Interno.

Artigo 20

20.1. Son tarefas da Comisión Executiva Nacional Galega:

a) Cumprir e facer cumprilas normas estatutarias e regulamentarias da Organización e executalas liñas políticas e organizativas que se deriven daquelas, así como os acordos e resolucións adoptadas polo Congreso Nacional Galego e o Comité Nacional Galego, rendendo xestión da súa actuación ante estes.

b) Preparar e desenvolver actuacións en exercicio do dereito de manifestación, así como cantas accións de protesta ou reivindicacións resulten axeitadas para a mellor defensa dos Intereses da Organización.

c) Coidar de que sexan respectados os Estatutos e demais normas de aplicación, e que en UNIÓN AGRARIAS-UPA sexa practicada a necesaria solidariedade e colaboración.

d) Exercela dirección, xestión e o control dos recursos humanos e económicos, supervisando e controlando a xestión e actuación dos organismos ou entidades nos distintos ámbitos territoriais dependentes de UNIÓN AGRARIAS-UPA (Organizacións Sectoriais, Departamentos, Asociacións, Sociedades, Fundacións, etc.), con facultades expresas para nomear e separar ós seus responsables ou ós compoñentes dos seus órganos sociais.

- e) Convocalas reunións do Comité Nacional Galego e establecela orde do día.
- f) Nomealos membros das Comisións Xestoras nos supostos establecidos no artigo 23.1 d) e e) destes Estatutos.
- g) Propoñer ó Comité Nacional Galego a convocatoria do Congreso Nacional Galego Ordinario de UNIÓN AGRARIAS-UPA, así como o número de delegados/as, data, lugar e orde do día deste.
- h) Propoñer ó Comité Nacional Galego as revisións da cota de afiliación.
- i) Presentar propostas relativas á lexislación da Comunidade Autónoma e tomar posición sobre cuestións de política xeral concernentes á Comunidade Autónoma que afecten ós intereses dos agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais, formulando as correspondentes reivindicacións.
- j) Coordinar e apoiar o labor das Unións Comarcais, Organizacións Sectoriais e Departamentos no desenvolvemento do seu traballo.
- k) Exercela facultade disciplinaria sobre os responsables das estruturas comarcais, as Organizacións Sectoriais e Departamentos, cando non cumpran coas responsabilidades e funcións que lles fosen encomendadas polas resolucións dos órganos nacionais, informando ó Comité Nacional do actuado. Esta competencia é exclusiva da Comisión Executiva Nacional Galega.
- l) Exercer e adoptar cantas accións resulten necesarias ou oportunas para o ordenado funcionamento da Organización.

20.2. A Comisión Executiva Nacional Galega poderá nomear cantos órganos consultivos resulten necesarios co fin de que lle auxiliem no cumprimento dos seus cometidos.

Artigo 21

21.1. A Comisión Executiva Nacional Galega será elixida polo Congreso de UNIÓN AGRARIAS-UPA mediante o sistema de voto maioritario, en votación individual e secreta dos delegados, en listas completas, pechadas e bloqueadas.

Para ser elixible como membro da Comisión Executiva Nacional Galega, é necesario acreditar unha afiliación ininterrompida a UNIÓN AGRARIAS-UPA de, polo menos, dous anos.

21.2. A Comisión Executiva Nacional Galega componse de 7 membros, que ocuparán as Secretarías que máis abaixo se describen, mailos/as Presidentes/as Nacionais das organizacións nacionais sectoriais constituídas e Departamentos constituídos, que serán membros natos:

- Secretaría Xeral : Roberto García González
- Secretaría de Organización e Coordinación coas Comarcas : José Rodríguez Blanco
- Secretaría de Asuntos Económicos e Área Interna : Javier López Iglesias
- Secretaría de Igualdade e Política Social : Verónica Marcos Arrojo

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución: 21.01.2016 FOLIO 19 DE 34
Nº de depósito: 72-61-1989
D/A encargada da oficina de depósito

- Secretaría de Xuventude, Emprendedores do Rural e Medio Ambiente : Begoña Liñares García
- Secretaría Executiva : Rosario Muñiz López
- Secretaría Executiva : José Castro Cabaleiro

21.3. A responsabilidade da Comisión Executiva Nacional Galega é colexiada, sen que isto exima da responsabilidade de cada un dos seus membros no desempeño das súas funcións.

21.4. A Comisión Executiva Nacional Galega elaborará e presentará ó Comité Nacional Galego un informe anual da situación interna e externa, así como a proposta e evolución dos plans de traballo.

21.5. A Comisión Executiva Nacional Galega poderá estar presente, a través dun dos seus membros, en tódalas reunións que celebren as organizacións comarcais, sectoriais e Departamentos de UNIÓNS AGRARIAS-UPA e os seus órganos de decisión, dirección e control, podendo convocalos cando o estime necesario e facer uso da palabra nas mesmas.

21.6. As vacantes na Comisión Executiva Nacional Galega serán cubertas, a proposta desta, polo Comité Nacional Galego, sendo necesaria a maioría absoluta do mesmo, sempre que as devanditas vacantes non obedezan ós supostos de separación dos cargos establecidos no artigo correspondente dos estatutos de UPA Federal, caso no cal se aplicara o disposto nestes.

CAPÍTULO IV. Da Secretaría Xeral

Artigo 22

22.1. O/A Secretario/a Xeral é o representante legal e público de UNIÓNS AGRARIAS-UPA. Ten as competencias e facultades recollidas na lexislación e nos presentes Estatutos.

O/A Secretario/a Xeral, como representante legal e en consecuencia baixo a antefirma de UNIÓNS AGRARIAS-UPA ou usando esta denominación, está facultado para exercer as seguintes facultades:

1. Administrar toda clase de bens e dereitos, tanto presentes como futuros, alugando, arrendando e en xeral contratando baixo calquera forma válida de dereito, pagando e cobrando alugueiros, rendas, participacións e en xeral o prezo dos servizos e dos dereitos, rescindindo e resolvendo arrendos e no seu caso, traspasando e consentindo o traspaso de locais de negocios, exercitando, ademais, as accións que sexan consecuencia destes actos e contratos, incluso a toma de posesión e o lanzamento de desafuzamento; aceptar e rexeitar revisións de rendas, pagando contribucións, arbitrios e impostos e reclamar contra estes, cando os estime inxustos; contratar empregados e auxiliares, no senso máis amplo da palabra, fixando a súa remuneración e o sistema de prestación de traballo; asistir con voz e voto a Xuntas de Propietarios ou comuneiros e en xeral, reclamar, cobrar, pagar e liquidar contas, solicitando e facilitando facturas de cartas de pago.

2. Recibir e contestar correspondencia postal, telegráfica ou doutro xénero; retirar e recibir toda clase de pregos de valores declarados, xiros e paquetes das Oficinas de Correos, contratar transportes, retirar de Aduanas e Empresas de Ferrocarrís, de Transportes, de Navegación ou Aéreas, consignacións, envíos ou


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución ... 21-01-2016 ... FOLIO 15 DE 36
Nº de depósito 77-11-1785
Xosé J. Muñiz López
O/A encargado/a da oficina do depósito

mercadorías, facer protestas de avarías e reclamacións, estender e solicitar resgardos, pólizas, liquidacións, declaracións, incluso xuradas, recibos, altas e baixas de contribucións, promover expedientes para a rebaixa dos mesmos e demais cargas fiscais.

3. Comprar, vender, hipotecar, aceptar doazóns e recibir adxudicacións en pago, constituír, modificar, pospoñer, reducir, extinguir e cancelar hipotecas e en xeral adquirir e tomar posesión de toda clase de bens, mobles e inmobles e dereitos.

4. Tomar diñeiro a préstamo, de calquera persoa xurídica ou física, sexan públicas ou privadas, incluídas toda clase de Entidades de Crédito, a Banca Oficial Privada, Caixas de Aforros, Cooperativas e Banco de España, con toda clase de garantías, incluso hipotecaria ou pignoraticia, podendo formalizar non soamente o contrato ou acto inicial, senón tamén as sucesivas renovacións se procedera, incluso pólizas de créditos ou letras financeiras, podendo fixar toda clase de cláusulas e condicións, incluído o sometemento a foro, Intereses, responsabilidade para custos e gastos, prezos de poxa e calesquera outras válidas en dereito.

5. En calquera Oficina, Axencia ou outra Dependencia de calquera Banco ou Entidade de Crédito, incluídos o Banco de España, Caixas de Aforro e Cooperativas de Crédito, realizar o seguinte:

a) Abrir, seguir, dispoñer e cancelar contas correntes e de crédito e contas ou cadernos de aforro, así como pignorar bens e dereitos. Intervir contas de orga  así como xestionalas administrativamente.

b) Efectuar cobros e pagos.

c) Librar, endosar, aceptar, descontar, cobrar, pagar e protestar letras de cambio, talóns, cheques e outros efectos.


d) Formalizar e rescindir contratos de arrendamento de Caixas das denominadas de alugamento.

e) Ceder a favor de ditas Entidades de crédito, como garantía de operacións de créditos, as subvencións públicas.

6. Comparecer diante de toda clase de Oficinas, Centros, Dependencias e Organismos, xa sexan do Estado, da Provincia, do Municipio ou calquera outras de carácter público, aínda que teña personalidade autónoma, así como diante de particulares, sexan persoas xurídicas ou físicas e diante dos Xulgados, Tribunais e Maxistraturas, calesquera que sexan a súa clase e xurisdición, e tódolos asuntos contenciosos ou voluntarios, en tódolos seus trámites e instancias, incidentes e recursos, ordinarios e extraordinarios, incluso casación e revisión, podendo igualmente practicar dilixencias de carácter civil como penal, incluídas a denuncia e querela.

Poderá desistir de accións entaboadas e no seu caso, achandarse ás que entaboen terceiras persoas, someterse a foro e pedir a execución do convido ou sentenciado; absolver posicións e prestar confesión xudicial; tamén poderá aprobar convenios en suspensión de pagos e quebras.

7. Outorgar poderes xerais para preitos a favor de Letrados, Procuradores ou persoas da súa confianza, na representación que ostenta.



8. Proceder á constitución, subscrición, desembolso e cantos actos xurídicos ou administrativos se precisen, para a constitución de toda clase de Sociedades, mercantís ou de calquera outro tipo, asociacións ou fundacións sexa cal sexa o seu réxime xurídico, na contía e condicións que estime oportuno, subscribindo coas máis amplas facultades os Estatutos Sociais e Xuntas Fundacionais; representar á mandante con toda amplitude, asistindo a xuntas con voz e voto e tomando os oportunos acordos, e cando os considere lesivos recorra deles polos medios permitidos en Dereito; acepte para a mandante toda clase de cargos e no seu nome os exercite sen limitación algunha, facendo o nomeamento de cargos cando proceda e, en suma, faga canto sexa preciso para a boa marcha da Entidade.

9. Constituír toda clase de fianzas, avales e depósito, afianzar e avalar a terceiros. E a tódolos efectos outorgar e asinar cantos documentos públicos e privados sexan ou consideren precisos.

10. Especialmente se lle faculta para substituír as facultades anteriormente conferidas en todo ou parte, revocar as substitucións e conferir outra de novo.

22.2. En caso de ausencia por calquera circunstancia, a Comisión Executiva Nacional Galega asumirá colexiadamente as súas funcións durante o período que dure a ausencia.

22.3. En caso de que por calquera circunstancia quedase vacante a Secretaría Xeral, o resto dos membros da Comisión Executiva Nacional Galega continuarán en funcións e disporán a inmediata celebración dun Comité Nacional Galego que terá lugar dentro dun prazo de trinta días dende que se producise a vacante. O Comité Nacional Galego convocará un Congreso Nacional Galego Extraordinario para elixir unha nova Comisión Executiva. Mentres tanto, os membros da Comisión Executiva en funcións deberán continuar nos seus cargos ata a celebración do devandito Congreso.

22.4. O/A Secretario/a Xeral terá delegadas, de forma permanente e exclusiva, salvo acordo en contrario da Comisión Executiva Nacional Galega, no Secretario/a de Asuntos Económicos e Área Interna, as facultades que se recollen no ANEXO I dos presentes Estatutos. En canto se trate do exercicio de facultades de índole financeira ou económica ou relacionadas con actos de adquisición, disposición ou gravame, dunha contía superior a 15.000 euros, os poderes establecidos contemplados neste artigo terán que ser necesariamente de forma mancomunada con calquera outro dos membros da Comisión Executiva Nacional Galega que se recollen no artigo 21.2 dos presentes Estatutos e se describen coa súa correspondente Secretaría.



CAPÍTULO V. Das Comisións Xestoras

Artigo 23

23.1. Nomearase unha Comisión Xestora nos seguintes casos:

a) Cando o Comité Nacional Galego rexeite a Resolución da Comisión Executiva Nacional Galega de separar das súas funcións algún dos seus membros.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAS E SINDICAIS
Data da resolución 21-06-2016 FOLIO 17 DE 34
Nº de depósito 77-68-1985
O/A encargado/a da oficina de depósito



b) Cando O Comité Nacional Galego separe do seu cargo ó/a Secretario/a Xeral ou a máis da metade dos seus membros.

c) Cando estando vacante a Secretaría Xeral, o Comité Nacional non logre cubrila consonte a maioría establecida, ou, cando estando vacante máis da metade dos postos da Comisión Executiva, o Comité Nacional non logre cubrilas prazas suficientes para repoñela maioría dos membros da Comisión Executiva.

d) Cando, por calquera causa, non existise ou non estivese en vigor un órgano de goberno de calquera organismo inferior.

e) Cando se constituía unha nova Unión Comarcal. Nestes casos o nomeamento farao a Comisión Executiva Nacional Galega.

23.2. Nos supostos a) b) e c) do apartado anterior, a Comisión Xestora será elixida en votación secreta polo Comité Nacional Galego, na mesma reunión na que se adoptou o acordo correspondente, quen deberá render informe ó respecto á Comisión Executiva Federal de UPA. No resto de supostos, a Comisión Xestora será nomeada pola Comisión Executiva Nacional Galega.

23.3. As Comisións Xestoras que se nomeen para substituír unha Comisión Executiva terán limitada a súa actuación temporal ó período mínimo imprescindible para preparar e celebralo Congreso que elixa unha nova Comisión Executiva.

23.4. Durante o período de vixencia dunha Comisión Xestora, as tarefas limitaranse a manter a actividade ordinaria da organización correspondente e a preparación do Congreso, ó que terá que presentar un informe da actividade desenvolvida.

23.5. A actividade da Comisión Xestora estará tutelada pola Comisión Executiva Nacional Galega.

CAPÍTULO VI. O Consello Nacional


Artigo 24

24.1. O Consello Nacional é un órgano consultivo da Comisión Executiva Nacional Galega. A duración das súas funcións será de Congreso Ordinario a Congreso Ordinario.

24.2. As funcións do Consello Nacional son deliberantes, carecendo de capacidade para adoptar acordos. Serven de apoio á Comisión Executiva Nacional Galega para a toma de decisións, facilitando unha aplicación destas máis eficaz.

24.3. O Consello Nacional reunirse periodicamente con carácter ordinario e con carácter extraordinario cando os asuntos que se vaian tratar así o requiran. Será convocado pola Comisión Executiva Nacional Galega, que elaborará a orde do día.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPÓSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución... 21-01-2016... FOLIO... 18... DE... 31
Nº de depósito... 72-63-1989
C/A encargado/a da oficina do depósito



24.4. O Consello Nacional está composto polos membros da Comisión Executiva Nacional Galega, os/as Presidentes/as Nacionais Sectoriais, os responsables de Departamentos constituídos e os secretarios xerais comarcais, que son membros natos. Estes poderán delegala súa asistencia ó Consello en calquera outro membro da Executiva Comarcal.

CAPÍTULO VII. Da Unión Comarcal

Artigo 25

A Organización Profesional Agraria UNIÓNS AGRARIAS-UPA está constituída polas distintas Unións que configuran as comarcas da Organización na Comunidade Autónoma de Galicia, e que reciben o nome de UNIÓN COMARCAL.

Artigo 26

Os agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais que paralelamente simultaneen esta actividade con outras remuneradas ou non, que non sexan contrarias ós principios da Organización, poderán pertencer a UNIÓNS AGRARIAS-UPA coas limitacións establecidas nestes Estatutos, tendo os mesmos dereitos e obrigas có resto dos/as afiliados/as.

Artigo 27

27.1. No ámbito dunha comarca poderá constituírse unha Unión Comarcal.

27.2. A Unión Comarcal así constituída coordina a actuación na súa demarcación, baixo as directrices da Comisión Executiva Nacional Galega. Terá órganos de dirección propios elixidos nos seus respectivos congresos e gozará de dereitos políticos con representación no Comité Nacional Galego e no Congreso Nacional Galego de UNIÓNS AGRARIAS-UPA en función do número de afiliados existentes no seu ámbito de actuación.

27.3. No ámbito dunha Comarca, poderán establecerse tamén Delegacións Locais que dependerán directamente da Comisión Executiva da Unión Comarcal ou da Comisión Executiva Nacional Galega, se aquela non existise.

27.4. Os órganos da Unión Comarcal son:


- O Congreso Comarcal
- O Comité Comarcal
- A Comisión Executiva Comarcal
- Os Comités Comarcais Sectoriais

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPÓSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución 21-01-2006 FOLIO 19 DE 34
Nº de depósito 22-61-0965
O/A encargado/a da copia de depósito

27.5. Para os órganos da Unión Comarcal, son vinculantes os Estatutos e as Resolucións do Congreso Nacional Galego, o Comité Nacional Galego e dos Comités Nacionais Sectoriais de UNIÓN AGRARIAS-UPA, así como as directrices da Comisión Executiva Nacional Galega.

O Congreso Comarcal

Artigo 28



28.1. O Congreso Comarcal é o órgano supremo da Unión Comarcal.

28.2. O Congreso Ordinario da Unión Comarcal terá lugar cada catro anos, nun prazo que non superará os 180 días seguintes á celebración do Congreso Nacional Galego Ordinario de UNIÓN AGRARIAS-UPA e desenvolverase aténdose ás normas relativas a este.

28.3. Son tarefas do Congreso da Unión Comarcal:

- a) Recibilo informe de xestión da Comisión Executiva Comarcal para a súa análise e decisión sobre este.
- b) Elixila Comisión Executiva Comarcal.
- c) Elixilos membros ó Comité Nacional Galego en representación da Unión Comarcal.
- d) Elixilos membros do Comité Comarcal
- e) Dirixir á Comisión Executiva Nacional Galega de UNIÓN AGRARIAS-UPA propostas e suxestións en asuntos de política xeral e organizativa.
- f) Presentar propostas, tomar posición e establecer reivindicacións sobre cuestión políticas do seu ámbito territorial que afecten ós intereses dos agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais.

28.4. Para tódolos aspectos relacionados coa convocatoria e regulación do Congreso Ordinario ou Extraordinario que non estean expresamente contemplados neste artigo, aplicarase por analogía o disposto nos presentes Estatutos para o Congreso Nacional Galego.

O Comité Comarcal

Artigo 29

29.1. O Comité Comarcal é o órgano supremo da Unión Comarcal entre os Congresos Ordinarios.


29.2. O Comité reunirse de forma ordinaria polo menos unha vez ó ano. A orde do día das reunións ordinarias será posta en coñecemento dos membros do Comité cunha semana de antelación.

29.3. Son tarefas do Comité as establecidas no apartado a) do artigo 18.3, que se aplicarán por analogía na Unión Comarcal.

29.4. O Comité Comarcal estará composto cando menos polo dobre de membros que compoñen a Comisión Executiva Comarcal, en representación de cada un dos concellos que conforman a Unión Comarcal.

29.5. Para a regulación do resto de cuestións concernentes ó Comité Comarcal, aplicarase por analogía o disposto nos presentes Estatutos para o Comité Nacional Galego.

A Comisión Executiva Comarcal



Artigo 30

30.1. A Comisión Executiva Comarcal é o máximo órgano de dirección permanente da Comisión Executiva Nacional Galega na Unión Comarcal. Está suxeita ós Estatutos, e ás Resolucións do Congreso Nacional Galego e do Comité Nacional Galego de UNIÓNS AGRARIAS- UPA, así como ás directrices da Comisión Executiva Nacional Galega.

30.2. A Comisión Executiva reunirse periodicamente e poderá establecer un Regulamento de funcionamento interno que será supervisado pola Comisión Executiva Nacional Galega.

30.3. De cara a un mellor funcionamento e dinamismo comarcal, a Comisión Executiva reunirse de forma ordinaria cos técnicos da comarca unha vez cada tres meses.

30.4. Son tarefas das Comisión Executiva Comarcal:

- a) Representalos órganos de dirección nacionais galegos na Unión Comarcal.
- b) Cumprir e facer cumprilas normas estatutarias e regulamentarias da Organización e executalas liñas políticas e organizativas que se deriven daquelas, así como os acordos e resolucións adoptados polo Congreso Nacional Galego, Comité Nacional Galego, Comités Nacionais Sectoriais, Congreso Comarcal e Comité Comarcal.
- c) Preparar e desenvolver actuacións en exercicio do dereito de manifestación, así como cantas accións de protesta ou reivindicacións resulten axeitadas para a mellor defensa dos intereses da Organización, que sempre terán que ser congruentes e non incorrer en contradición coas instrucións e directrices da Comisión Executiva Nacional Galega e os demais órganos superiores.
- d) Exercela dirección, xestión e control dos recursos humanos e económicos da Unión Comarcal.
- e) Convocalas reunións do Comité Comarcal e establecela orde do día.
- f) Presentar propostas, realizar reivindicacións e tomar posición sobre asuntos do seu ámbito territorial que afecten ós intereses dos agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais.
- g) Presentar propostas á Comisión Executiva Nacional Galega e tomar posición sobre cuestións de política xeral concernentes á Comunidade Autónoma que afecten ós intereses dos agricultores/as, gandeiros/as e propietarios/as forestais, formulando as correspondentes reivindicacións.

h) Tratalas tarefas de política xeral e organizativa comúns na comarca e presentar propostas á Comisión Executiva Nacional Galega sobre as mesmas.

i) Levar a efecto as instrucións da Comisión Executiva Nacional Galega.

j) Apoialas Organizacións sectoriais e Departamentos no cumprimento das súas tarefas.

30.5. A Comisión Executiva Comarcal estará composta por un mínimo de cinco membros.

CAPÍTULO VIII. Das Organizacións Sectoriais

Artigo 31

Para unha maior operatividade e consecución dos seus fins, UNIÓN AGRARIAS-UPA estruturarase a nivel sectorial, sempre que así o esixa o interese dos afiliados/as, constituíndose en Sectores Produtivos do mesmo sector, ou que dependan dun mesmo sistema de produción.

UNIÓN AGRARIAS-UPA é a Organización base nas distintas comarcas. Os sectores son o sistema organizativo da Organización que agrupa ós afiliados/as que teñen a mesma actividade produtiva e os mesmos intereses económicos e sociais.

Artigo 32

Consideraranse validamente constituídas as Organizacións Sectoriais, cando se cumpran os seguintes requisitos:


32.1. No ámbito dunha comarca

- Ter un mínimo de 30 afiliados/as que pertencen ó mesmo sector
- Ter inexorablemente asegurada a presenza dun membro por cada un dos Concellos que conforman a comarca, e que pertencen ó mesmo sector .
- Ter celebrado a súa asemblea constituínte
- Ter elixido o/a seu/súa Coordinador/a comarcal
- Que a constitución sexa ratificada pola Comisión Executiva Comarcal

32.2. No ámbito Nacional Galego, para elixir ós/ás Presidentes/as Nacionais Sectoriais, a Comisión Executiva Nacional Galega fará unha proposta, previa consulta coas Comisións Executivas Comarcais e coordinadores/as comarcais sectoriais, e a mesma terá que ser ratificada polo Comité Nacional Galego

32.3. As Organizacións Nacionais Sectoriais estarán compostas por:

- O/A Secretario/a Xeral de UNIÓN AGRARIAS-UPA, ou persoa da Comisión Executiva Nacional Galega na que delegue
- Os/as Presidentes/as Nacionais das Organizacións Sectoriais constituídas



[Handwritten signature] *Att 9-1*



a voz do campo

- c) Os/as Secretarios/as Xerais comarcais, ou persoa da Comisión Executiva Comarcal na que delegue
- d) Os/as Coordinadores/as Comarcais das organizacións sectoriais constituídas que foran elixidas, de acordo co establecido no artigo 32.1

32.4. Os Comités Nacionais Sectoriais constituídos reuniranse periodicamente con carácter ordinario e con carácter extraordinario cando os asuntos que se vaian tratar así o requiran. Serán convocados pola Comisión Executiva Nacional Galega, que xunto cos/coas Presidentes/as Nacionais elaborarán a orde do día

32.5. Os/As Presidentes/as Nacionais Sectoriais serán membros natos do Comité Nacional Galego de UNIÓN AGRARIAS-UPA.

32.6. Os/As Presidentes/as Nacionais Sectoriais representarán ós distintos sectores en todas as iniciativas relacionadas co sector do que se trate. En caso de ausencia, estes serán representados polo/a Secretario/a Xeral de UNIÓN AGRARIAS-UPA, ou persoa da Comisión Executiva Nacional Galega na que delegue.

32.7. A Comisión Executiva Nacional Galega, porá a disposición das Organizacións Sectoriais Nacionais constituídas, todo o apoio técnico e de coordinación necesarios para un bo desenvolvemento das súas tarefas.

Artigo 33

Son tarefas das Organizacións Nacionais Sectoriais :

- a) Cumprir e facer cumprilas normas estatutarias e regulamentarias da Organización e executalas liñas políticas e sectoriais que se deriven daquelas, así como os acordos e resolucións adoptados polo Congreso Nacional Galego, Comité Nacional Galego, Comisión Executiva Nacional Galega.
- b) Propoñer ós Órganos de Dirección superiores actuacións en exercicio do dereito de manifestación, así como cantas accións de protesta ou reivindicacións resulten axeitadas para a mellor defensa dos intereses sectoriais.
- c) Convocalas reunións dos Comités Sectoriais e establecela orde do día.
- d) Presentar propostas, realizar reivindicacións e tomar posición sobre asuntos sectoriais do seu ámbito territorial que afecten ós intereses dos agricultores/as e gandeiros/as.
- e) Presentar propostas ós Órganos de Dirección superiores e tomar posición sobre cuestións de política xeral concernentes ao seu ámbito de actuación que afecten ós Intereses dos agricultores/as e gandeiros/as, formulando as correspondentes reivindicacións.
- f) Levar a efecto as instrucións dos Órganos de Dirección superiores no seu ámbito de actuación.

Artigo 34


34.1. Os/As Presidentes/as Nacionais Sectoriais das Organizacións Nacionais Sectoriais constituídas, cada un deles no uso das facultades recollidas no artigo 33 destes Estatutos serán os/as responsables da dinamización do sector do que son Presidentes/as.

34.2. Ós/As Coordinadores/as Comarcais Sectoriais das Organizacións Comarcais Sectoriais constituídas aplicaráselle por analogía o establecido para os/as Presidentes/as Nacionais Sectoriais das Organizacións Nacionais Sectoriais constituídas recollidos nos artigos 32.5, 32.6, e 32.7 e artigo 33

34.3. No seo de UNIÓN AGRARIAS-UPA poderanse constituír os seguintes sectores produtivos:

Gandeiros:

- Vacún de leite
- Vacún de carne
- Ovino e cabrún
- Cunicultura
- Apicultura
- Producións Integradas
 - a) Avicultura
 - b) Porcino
 - c) Vacuno



Agrícolas:

- Viticultura
- Horta
- Producións ecolóxicas
 - a) Gandelras
 - b) Agrícolas

CAPÍTULO IX. Dos Departamentos, Asociacións, Federacións e Fundacións

Artigo 35


35.1. No seo de UNIÓN AGRARIAS-UPA poderanse constituír Departamentos, Asociacións e Federacións de traballo co fin de afrontalos temas e problemas relacionados co medio rural.

No caso dos Departamentos poderanse constituír a nivel nacional galego, os que máis abaixo se relacionan. Estes unha vez constituídos elixirán o seu ou súa Responsable, que á vez será membro de pleno dereito do Comité Nacional Galego.

- Muller e Agroturismo
- Emigración/Inmigración, maiores e servizos sociais
- Desenvolvemento rural, Forestal e Medio ambiente
- Xuventude
- Outros

35.2. Os Departamentos, Asociacións, Federacións ou Fundacións poderán ter personalidade xurídica propia e autonomía de funcionamento para desenvolver acordos e estratexias, accións e tarefas inherentes á súa actividade. Estas dependerán orgánicamente da Comisión Executiva Nacional Galega e así será recollido nos seus estatutos.

35.3. Estas terán como finalidade agrupar con carácter horizontal, obxectivos, actividades e actuacións específicas de cada un dos temas, en función dos seus contidos e obxectivos.



TÍTULO VI. Réxime de adopción de acordos e elección dos Órganos de Dirección

Artigo 36

36.1. Para que os órganos da Organización, a tódolos niveis, poidan adoptar acordos e resolucións, a elixir ou destituír persoas, deberá estar presentes máis da metade dos membros con dereito a voto do órgano correspondente.

Para exercer o dereito a voto será necesario pertencer ó órgano correspondente e, de selo caso, figurar como delegado acreditado e presentar DNI e acreditación que o identifique como tal.

36.2. Mentres nos Estatutos non se dispoña outra cousa, para adoptar acordos e resolucións requírese a maioría simple dos votos emitidos. Consideraranse como emitidos os votos válidos, os votos en branco e os votos nulos.

36.3. Para a adopción de acordos, enténdese por maioría simple a exercida polos membros de pleno dereito acreditados e presentes en cada momento no órgano correspondente, unha vez que este se constitúe validamente e conte co *quorum* necesario para tomar acordos. Enténdese por maioría absoluta a exercida pola metade máis un dos membros de pleno dereito acreditados ante o órgano correspondente, nas condicións de validez sinaladas anteriormente.


36.4. Cando se esixan outras maiorías cualificadas, os criterios que aplicar serán, por analoxía, os sinalados para a maioría absoluta.

36.5. O cómputo da maioría absoluta e doutras maiorías cualificadas, deberá facerse sobre o número total de membros previsto nos Estatutos correspondentes, incluídos os postos vacantes, se os houberse.

A base para o cómputo do *quorum* esixido para a válida constitución dos órganos, para a toma de decisións e para elixir ou destituír persoas, determinarase atendendo ó número dos seus compoñentes. Débese entender como tal o fixado nos Estatutos ou resolucións correspondentes, computándose tanto os cargos vacantes coma os cubertos.

Artigo 37

37.1. Para a elección de persoas, utilizarase sempre a votación secreta. Ningún candidato poderá integrar máis dunha lista de candidatura. As candidaturas ás Comisións Executivas e Órganos de UNIÓNS AGRARIAS-

 25

a voz do campo

UPA deberán ir acompañadas polas aceptacións dos propios candidatos. Así mesmo, tódalas candidaturas irán avaladas cando menos polo 25% dos delegados acreditados con dereito a voto. Cada delegado/a non poderá avalar máis dunha lista de candidatura.

37.2. Nas eleccións para os órganos de dirección, control e decisión, obrarase como segue:

a) A Comisión Executiva Nacional Galega de UNIÓN AGRARIAS-UPA será elixida en Congreso Nacional Galego polo sistema maioritario, en votación individual e secreta dos delegados, en listas completas, pechadas e bloqueadas.

b) En caso de se presentar máis dunha candidatura á elección dun órgano, o conxunto de postos que cubrir será para a lista máis votada, e en caso de empate, repetirase a votación.

c) Os membros do Comité Federal de UPA e os membros do Comité Nacional Galego de UGT en representación de UNIÓN AGRARIAS-UPA serán elixidos polo Congreso Nacional Galego polo sistema maioritario, en votación individual e secreta dos delegados, en lista completas, pechadas e bloqueadas.

d) Os delegados ó Congreso Nacional Galego elixiranse no Congreso da Unión Comarcal correspondente, polo sistema proporcional, en votación individual e secreta dos delegados, en listas completas, pechadas e bloqueadas.

A elección farase pola maioría simple dos votos válidos emitidos. En caso de concorrencia de listas, procederase á asignación de delegados/as a aquelas listas que obteñan, polo menos, o 25% dos votos emitidos, repartindo os postos que cubrir proporcionalmente ó número de votos válidos obtidos por cada lista que alcanzase o mínimo de votos emitidos requiridos.

e) Para a elección de órganos de dirección a tódolos niveis, así como para o nomeamento de delegacións a Congresos de ámbito superior, requirírase de maiorías cualificadas, esixíndose como mínimo a maioría simple e o apoio de polo menos o 25% das organizacións asistentes ó Congreso.

Artigo 38

38.1. Os Estatutos de UNIÓN AGRARIAS-UPA poderán ser modificados polo Congreso Nacional Galego.

38.2. As modificacións, para ser aprobadas, deberán obtelo apoio da maioría absoluta dos delegados do Congreso.

38.3. As propostas de emenda ó articulado deberán ser coñecidas previamente polos afiliados, para o que deberán ser formuladas dentro dos prazos establecidos para as emendas, se se tratase dun Congreso Ordinario. Se se tratase dun Congreso Extraordinario, as propostas de emenda enviaranse ós afiliados xunto á orde do día do Congreso.

38.4. As modificacións aprobadas que afectan á composición dos órganos de UNIÓN AGRARIAS-UPA serán de aplicación inmediata por parte do mesmo Congreso que as aprobou. O resto das modificacións ós Estatutos entrarán en vigor unha vez concluído o Congreso.

AYUNTAMIENTO DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DIPÓSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución: 21-03-2015
Nº de depósito: 72-64085
Nº de depósito: 72-64085
Data da resolución: 21-03-2015

encargado/a da oficina de depósitos

Artigo 39

39.1. O funcionamento democrático das Organizacións deberá ser asegurado mediante órganos de dirección e control similares ós deseñados nestes Estatutos, que se estruturarán de acordo cos criterios establecidos nas resolucións congresuais.

Para representar a calquera organización de UNIÓNS AGRARIAS-UPA necesitarase a autorización previa da Comisión Executiva da organización que corresponda.

39.2. En todo o non disposto en relación co réxime de adopción de acordos e elección de órganos de dirección, establecerase o regulado para este fin nos Estatutos de UPA Federal.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPÓSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución 21-01-2016 FOLIO 27 DE 30

TÍTULO VII. Réxime económico dos recursos e cotizacións

Nº de depósito 72-61-1985
O/A encargado/a da oficina de depósito *[Signature]*

Artigo 40

40.1. Para o cumprimento dos seus fins, UNIÓNS AGRARIAS-UPA contará cos seguintes recursos económicos:

- a) Os ingresos que correspondan, procedentes das cotas de afiliación dos afiliados.
- b) As doazóns, legados ou subvencións que lles sexan outorgados por calquera persoa ou organismo.
- c) Calquera outro recurso que se obteña no desenvolvemento das súas actividades ou servizos aos seus afiliados.
- d) Tódolos bens e dereitos que adquira a Organización por calquera título, así como os produtos e rendas de capital e patrimonio da mesma e calquera outros ingresos que puidesen producirse.

40.2. Do importe das cotas de afiliación pasadas ó cobro pola Secretaría de Asuntos Económicos e Área Interna da Comisión Executiva Nacional Galega e efectivamente cobradas, liquidaráselles ás Unións Comarcais constituídas unha porcentaxe que determinará unha comisión composta polo Secretario de Asuntos Económicos e Área Interna da Comisión Executiva Nacional Galega e os secretarios Xerais Comarcais, ou de non ser así, polos secretarios de Administración Comarcais. A devandita porcentaxe por determinar será sempre sobre a parte que lle corresponde a UNIÓNS AGRARIAS-UPA unha vez detraídas as correspondentes liquidacións a UPA e ó SCA, e as mesmas serán destinadas a afrontar no seu ámbito de actuación o desenvolvemento da acción política e organizativa, así como para o funcionamento dos seus órganos de dirección.

40.3. Así mesmo, a Comisión Executiva Nacional Galega, tras consulta a unha comisión integrada por técnicos, presentará ó Comité Nacional Galego unha proposta de guía de servizos susceptibles de cobro, así como as súas tarifas. Dos recursos que se obteñan polo cobro destes servizos, a Comisión Executiva Nacional Galega determinará a porcentaxe e a forma de repartimento ás Unións Comarcais constituídas ou non constituídas.

[Signature]

Artigo 41

41.1. Só os afiliados ó corrente de pago das súas cotas de afiliación estarán en plena posesión dos seus dereitos como tales.


41.2. Os únicos xustificantes válidos de cotización de UNIÓN AGRARIAS-UPA serán os emitidos para este efecto pola Secretaría de Asuntos Económicos e Área Interna da Comisión Executiva Nacional Galega, que á vez enviará o recibo ó cobro, e obrigatoriamente por domiciliación bancaria.

41.3. Os afiliados que debesen máis de doce meses de cotizacións, sen causa xustificada a xuízo do órgano de dirección do que dependan, serán apercibidos de causar baixa como tales en UNIÓN AGRARIAS-UPA, e comunicaráselles por escrito esta circunstancia ós interesados, que terán un prazo de trinta días para poñerse ó corrente das súas obrigas, causando, no caso de non facelo, baixa en UNIÓN AGRARIAS-UPA.

41.4. Establécese para o ano 2016 unha cota anual de afiliación de 70 euros. Esta cota verase incrementada anualmente se así o decide o Comité Nacional Galego a proposta da Comisión Executiva Nacional Galega.

Artigo 42

Ninguén está facultado para divulgar, dentro nin fóra da Organización, documentación nin información ningunha de carácter económico contable ou administrativo á que teña acceso, agás autorización expresa previa da Comisión Executiva Nacional Galega.



TÍTULO VIII. Disolución da Organización

Artigo 43

43.1. A Organización poderá disolverse por calquera das causas establecidas nas leis, así como por acordo do Congreso Nacional Galego convocado para o efecto, por maioría das catro quintas partes do total dos afiliados ou delegados, de selo caso.

43.2. En caso de disolución dunha Unión Comarcal, UNIÓN AGRARIAS-UPA será a beneficiaria exclusiva da totalidade dos seus bens e dereitos, se os tivese.

Disposicións adicionais

Primeira

Co fin de garantir a autonomía política, dedicación, dispoñibilidade na Organización e imparcialidade no desenvolvemento das súas funcións, establécense as seguintes incompatibilidades:

1.- Será incompatible ser cargo electo de calquera partido político, ou de libre designación en representación dunha Institución a través dun partido político co de:

a) Membro da Comisión Executiva Nacional Galega

b) Presidente/a Nacional Sectorial

2.- Todas aquelas que establezan ou puideran establecer as distintas Disposicións ou artigos correspondentes dos Estatutos de ámbito superior aos de UNIONS AGRARIAS-UPA.

Segunda

A estrutura comarcal de UNIÓN AGRARIAS-UPA queda distribuída da seguinte forma.

Estrutura Comarcal

Provincia da Coruña (10 comarcas).

- **Comarca de ARZÚA (4 concellos).**

Arzúa, Boimorto, Pino (O), Touro.

- **Comarca de MELIDE (3 concellos).**

Melide, Santiso, Toques.

- **Comarca de BARCALA e XALLAS (5 concellos).**

Baña (A), Mazaricos, Negreira, Santa Comba, Val do Dubra.

- **Comarca de BERGANTIÑOS (8 concellos).**

Arteixo, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica, Ponteceso.

- **Comarca de BETANZOS, A CORUÑA e CURTIS-TEIXEIRO (17 concellos).**

Aranga, Bergondo, Betanzos, Cambre, Coirós, Coruña (A), Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada, Sobrado, Vilamaior, Vilasantar.

- **Comarca de ORTEGAL (4 concellos).**

Cariño, Cedeira, Mañón, Ortigueira.

- **Comarca de FERROL TERRA e EUME (16 concellos).**


Ares, Cabanas, Capela (A), Cerdido, Fene, Ferrol, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Moeche, Pontedeume, Pontes de García Rodríguez (As), San Sadurniño, Somozas (As), Valdoviño.

- **Comarca de ORDES (9 concellos).**

Abegondo, Carral, Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo.

- **Comarca de SANTIAGO (18 concellos).**

Ames, Boiro, Boqueixón, Brión, Dodro, Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal(A), Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Santiago, Teo, Vedra.



[Handwritten signature]

- **Comarca de SONEIRA e FISTERRA (9 concellos).**

Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbria, Fisterra, Muxía, Vimianzo, Zas.

Provincia de Lugo: (8 comarcas)

- **Comarca dos ANCARES (6 concellos).**

Baralla, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, Nogais (As), Pedrafita.

- **Comarca de CHANTADA, TERRA DE LEMOS (11 concellos).**

Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte, Pantón, Pobra do Brollón (A), Quiroga, Ribas de Sil, Saviñao, Sober, Taboada.

- **Comarca da FONSGRADA e MEIRA (6 concellos).**

Fonsagrada (A), Melra, Negueira de Muñiz, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto.

- **Comarca de LUGO (8 concellos).**

Castroverde, Corgo (O), Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade, Baleira.

- **Comarca da MARIÑA (15 concellos).**

Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourel, Pontenova (A), Ribadeo, Trabada, Valadouro, Vicedo, Viveiro, Xove.

- **Comarca de SARRIA (8 concellos).**

Folgo do Courel, Incio, Láncara, Paradela, Páramo, Samos, Sarria, Triacastela.

- **Comarca de TERRA CHÁ (9 concellos).**

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza, Vilalba, Xermade.

- **Comarca da ULLOA (4 concellos).**

Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín.



Provincia de Ourense: (3 comarcas)

- **Comarca de OURENSE CENTRAL (33 concellos).**

Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Blancos (Os), Bola (A), Calvos de Randín, Castrelo do Val, Celanova, Cualedro, Entrimo, Laza, Lobeira, Lobios, Maceda, Monterrei, Muíños, Oímbra, Paderne de Allariz, Porqueira, Rairiz de Veiga, Riós, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vereá, Verín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambia, Xunqueira de Espadanedo.

CONTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIONES EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución 21 de 2016 FOLIO 30 DE 34
Nº de depósito 77-01-1975

O/A encargado/a da oficina de depósito



- **Comarca de VALDEORRAS, VIANA e TERRA DE TRIVES (15 concellos).**

Barco de Valdeorras (O), Bolo (O), Carballeda de Valdeorras, Gudiña (A), Larouco, Manzaneda, Mezquita (A), Petín, Pobra de Trives, Rúa (A), Rubiá, Veiga (A), Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras e Vilaríño de Conso.

- **Comarca RIBEIRO, OURENSE e CALDELAS (44 concellos).**

Amoeiro, Arnoia, Avión, Barbadás, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, Carballiño, Cartelle, Castrelo do Miño, Castro Caldelas, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Esgos, Gomesende, Irixe, Leiro, Maside, Melón, Merca (A), Montederramo, Nogueira de Ramuín, Ourense, Padrenda, Parada do Sil, Pereiro de Aguiar, Peroxa (A), Piñor, Pontedeiva, Punxín, Quintela de Leirado, Ramirás, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Taboadela, Teixeira (A), Toén, Vilamarín.

Provincia de Pontevedra: (3 comarcas)

YUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIONES EMPRESARIAS E SINDICAIS
Data da resolución... 21-01-2016... FOLIO... 31... DE... 24
Nº de depósito... 72-61-1985
O/A encargado/a da oficina de depósito

- **Comarca das RÍAS BAIXAS (32 concellos)**

Arbo, Barro, Caldas de Reis, Cambados, Cañiza (A), Catoira, Covelo, Crecente, Grove (O), Guarda (A), Illa de Arousa (A), Meaño, Meis, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Neves (As), Ola, Pontearreas, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Rosal (O), Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Sanxenxo, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.

- **Comarca do DEZA e TABELRÓS-TERRA DE MONTES (10 concellos).**

Agolada, Cerdedo, Cuntis, Dozón, Estrada (A), Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces.

- **Comarca de PONTEVEDRA, O MORRAZO e VIGO (20 concellos).**

Baiona, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cotobade, Fornelos de Montes, Gondomar, Lama (A), Marín, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Poio, Pontecaldelas, Pontevedra, Porriño (O), Redondela, Vigo, Vilaboa.

Terceira

En todo o non expresamente regulado nos presentes estatutos ou que entrase en contradición co que dispoñan os estatutos da UPA FEDERAL, serán de aplicación os Estatutos vixentes en cada momento de UPA Federal.

Cuarta

A representación legal en tódolos niveis da súa actuación só a ostentará a Comisión Executiva Nacional Galega ou, de selo caso, a/as persoa/s que esta autorice previamente.

Quinta

1. No suposto caso de que nun Congreso de calquera ámbito territorial de UNIÓNS AGRARIAS-UPA, os delegados e coas maiorías providas nos presentes Estatutos, acordaran escindir-se de UNIÓNS AGRARIAS-UPA ou de UPA, o devandito acordo serao a título individual, de xeito que este non vinculará ós delegados que votaron en contra da escisión, e serán estes os que continuarán desenvolvendo, por medio dunha Comisión Xestora, a actividade da organización, baixo as súas siglas e facendo uso de tódolos medios materiais de titularidade da organización, xa que a totalidade do patrimonio quedará afectado á mesma.
2. A separación de UNIÓNS AGRARIAS-UPA ou de UPA non eximirá a aqueles que optaron pola escisión de satisfacer as obrigas económicas ou de calquera outra orde que puidesen ter pendentes coa organización.

Sexta

A revista "A Terra do Gandeiro e o Agricultor" é o medio de expresión de UNIÓNS AGRARIAS-UPA.

Disposicións derogatorias

Primeira.- Os presentes estatutos substitúen os aprobados polo 9º Congreso Nacional Galego celebrado en Santiago de Compostela os días 11 e 12 de decembro de 2014.

Segunda.- Quedan derogadas cantas disposicións contidas nos Estatutos e regulamentación das organizacións que constitúen UNIÓNS AGRARIAS-UPA se opoñan ó establecido nestes Estatutos.

Disposicións finais

Primeira.- Facúltase expresamente ó/a Secretario/a Xeral de UNIÓNS AGRARIAS-UPA para realizar cantas xestións fosen precisas para a inscrición, legalización e rexistro dos presentes Estatutos, así como para comparecer ante notario e proceder ó outorgamento da correspondente escritura pública, que se recolle no seguinte ANEXO I, cumprindo cantas formalidades sexan precisas.

Segunda.- Os presentes estatutos entrarán en vigor unha vez que sexan aprobados polo 10º Congreso Nacional Galego.

**MUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPOSITO DE ESTATUTOS DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS**

DATA DA RESOLUCIÓN: 22-01-1985 FOLIO 32 DE 36

Nº DE DEPOSITO: 22-01-1985

Q/A encargada da alianza en España

Juni: M...

[Signature]

[Signature]

a voz do caquino

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DEPARTAMENTO DE ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS
Data da resolución: 21 de Setembro de 1985
FOLIO 39 DE 34
Nº de depósito: 72-61-1985
O/A encargado/a do expediente no Ministerio

ANEXO I

Facultades do/a Secretario/a Xeral delegadas de forma permanente e exclusiva no/a Secretario/a de Asuntos Económicos e Área Interna da Comisión Executiva Nacional Galega de UNIÓN AGRARIAS-UPA, ás que se refire o artigo 22.4 dos presentes Estatutos:

1. Administrar toda clase de bens e dereitos, tanto presentes coma futuros, alugando, arrendando e, en xeral, contratando baixo calquera forma válida de dereito; pagando e cobrando alugueiros, rendas, participacións e, en xeral, o prezo dos servizos e dos dereitos; rescindindo e resolvendo arrendos e, de selo caso, traspasando e consentindo o traspaso de locais de negocios; exercitando, ademais, as accións que sexan consecuencia destes actos e contratos, incluso a toma de posesión e o lanzamento de desafuzamento; aceptar e rexeitar revisións de rendas, pagando contribucións, arbitrios e impostos. e reclamar contra estes, cando os estime inxustos; contratar empregados e auxiliares, no senso máis amplo da palabra, fixando a súa remuneración e o sistema de prestación de traballo; asistir con voz e voto a xuntas de propietarios ou comuneiros e en xeral, reclamar, cobrar, pagar e liquidar contas, solicitando e facilitando facturas de cartas de pago.

2. Recibir e contestar correspondencia postal, telegráfica ou doutro xénero; retirar e recibir toda clase de pregos de valores declarados, xiros e paquetes das oficinas de correos, contratar transportes, retirar de Aduanas e Empresas de Ferrocarrís, de Transportes, de Navegación ou Aéreas, consignacións, envíos ou mercadorías, facer protestas de avarías e reclamacións, estender e solicitar resgardos, pólizas, liquidacións, declaracións, incluso xuradas, recibos, altas e baixas de contribucións, promover expedientes para a rebaixa dos mesmos e demais cargas fiscais.

3. Comprar, vender, hipotecar, aceptar doazóns e recibir adxudicacións en pago, constituír, modificar, pospoñer, reducir, extinguir e cancelar hipotecas e, en xeral, adquirir e tomar posesión de toda clase de bens, mobles e inmobles, e dereitos.

4. Tomar diñeiro a título de préstamo, de calquera persoa xurídica ou física, sexa pública ou privada, incluídas toda clase de entidades de crédito, a Banca Oficial Privada, Caixas de Aforros, Cooperativas e Banco de España, con toda clase de garantías, incluso hipotecaria ou pignoratícia, podendo formalizar non soamente o contrato ou acto inicial, senón tamén as sucesivas renovacións se procedese, incluso pólizas de créditos ou letras financeiras, podendo fixar toda clase de cláusulas e condicións, incluído o sometemento a foro, intereses, responsabilidade para custos e gastos, prezos de poxa e calquera outras válidas en dereito.

5. En calquera oficina, axencia ou outra dependencia de calquera banco ou entidade de crédito, incluídos o Banco de España, Caixas de Aforro e Cooperativas de Crédito, realizalo seguinte:

a) Abrir, seguir, dispoñer e cancelar contas correntes e de crédito, e contas ou cadernos de aforro, así como pignorar bens e dereitos. Intervir contas de organismos inferiores, así como xestionalas administrativamente.

b) Efectuar cobros e pagos.

a voz do campo

c) Librar, endosar, aceptar, descontar, cobrar, pagar e protestar letras de cambio, talóns, cheques e outros efectos.

d) Formalizar e rescindir contratos de arrendamento de Caixas das denominadas de alugamento.

e) Ceder a favor das ditas entidades de crédito, como garantía de operacións de créditos, as subvencións públicas.

6. Comparecer diante de toda clase de Oficinas, Centros, Dependencias e Organismos, xa sexan do Estado, da provincia, do municipio ou calquera outro de carácter público, aínda que teña personalidade autónoma, así como diante de particulares, sexan persoas xurídicas ou físicas, e diante dos xulgados, tribunais e maxistraturas, calquera que sexa a súa clase e xurisdición, en tódolos asuntos contenciosos ou voluntarios, en tódolos seus trámites e instancias, incidentes e recursos, ordinarios e extraordinarios, incluso casación e revisión, podendo igualmente practicar dilixencias de carácter civil como penal, incluídas a denuncia e querela.


Poderá desistir de accións postas en marcha e, de selo caso, achandarse ás que inicien terceiras persoas, someterse a foro e pedir a execución do convido ou sentenciado; absolver posicións e prestar confesión xudicial; tamén poderá aprobar convenios en suspensión de pagos e quebras.


7. Outorgar poderes xerais para preitos a favor de letrados, procuradores ou persoas da súa confianza, na representación que ostenta.

8. Proceder á constitución, subscrición, desembolso e cantos actos xurídicos ou administrativos se precisen para a constitución de toda clase de sociedades, mercantís ou de calquera outro tipo, asociacións ou fundacións, sexa cal sexa o seu réxime xurídico, na contía e condicións que estime oportunas, subscribindo coas máis amplas facultades os Estatutos Sociais e Xuntas Fundacionais; representala mandante con toda amplitude, asistindo a xuntas con voz e voto e tomando os oportunos acordos, e, cando os considere lesivos, recorrer contra eles polos medios permitidos en Dereito; aceptar para a mandante toda clase de cargos e no seu nome exercitalos sen limitación ningunha, facendo o nomeamento de cargos cando proceda e, en suma, faga canto sexa preciso para a boa marcha da Entidade.

9. Constituír toda clase de fianzas, avais e depósito, afianzar e avalar terceiros. E, a tódolos efectos, outorgar e asinar cantos documentos públicos e privados sexan ou se consideren precisos.

10. Especialmente, facúltase para substituílas facultades anteriormente conferidas en todo ou parte, revogalas substitucións e conferir outras de novo.





Á MESA DA CÁMARA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

Cidadáns -Partido da Cidadanía, inscrito no Rexistro de Partidos Políticos con data 1 de xuño de 2006, no Tomo V, folio 512 do Libro de Inscripcións e con CIF G-64283310, e no seu nome e representación Dona Olga Louzao Aldariz con DNI 33348378-B en calidade de portavoz de Cidadáns en Galicia, ao amparo do establecido no artigo 17, Título V da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, presenta as seguintes

Preguntas co rogo de que sexan formuladas á Xunta de Galicia sobre as actuacións levadas a cabo por parte do Goberno autonómico en materia de prevención forestal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia acaba de enfrontarse, en pleno outono, a unha das ondas de incendios máis perigosas que se lembra. O lume acabou coa vida de catro persoas na nosa comunidade e os máis de 100 incendios arrasaron 35.500 hectáreas en poucos días, desbordando ás brigadas, provocando o pánico en áreas habitadas e destruíndo non só paraxes naturais, algúns de gran valor ambiental como o Parque Natural Peneda - Xurés, A Ribeira Sacra ou Os Ancares, senón tamén infraestruturas, vivendas, industrias ou explotacións gandeiras.

As competencias en materia forestal están transferidas á Comunidade Autónoma. Por iso a Xunta de Galicia son os principais xestores e responsables do sostemento do noso rico medio natural. Unha das características de Galicia é que a propiedade do terreo está moi disgregada, sendo a maior porcentaxe de terreo forestal de propiedade privada, acompañado dunha crecente desatención por parte das Administracións competentes (locais e autonómicas) na prevención de incendios nestas zonas, non incentivando suficientemente mediante programas de investimento, concienciación ou axudas públicas estas tarefas preventivas. Do mesmo xeito, o descenso do investimento por parte da Xunta en materia preventiva contra incendios nos montes de titularidade pública foi alarmante nos últimos exercicios.

No momento actual os primeiros indicios apuntan a que a gran maioría dos incendios foron intencionados. Obviamente haberá que buscar aos responsables dos incendios, pero tamén sería conveniente depurar as responsabilidades políticas ante esta alarmante falta de xestión dos recursos que deberían destinarse a prevención e que han de permitir un desenvolvemento sustentable da actividade nos nosos montes. Por iso entendemos que a responsabilidade do sucedido debe ser asumida por quen prende lume aos montes, pero tamén polos responsables políticos das administracións competentes.

Cidadáns Galicia

Avenida de Ferrol nº5

15701 Santiago de Compostela

galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org

01 DEC. 2017

A propia resposta dada polo Goberno da Xunta lanzando balóns fóra e sinalando unicamente ao descoñecido pirómano ou incendiario e ás condicións climatolóxicas non fai senón avalar a nosa tese de que só se están buscando culpables dos incendios fóra de quen ten a responsabilidade de xestionar o noso medio natural.

Polo que será tamén necesario revisar na nosa Comunidade Autónoma os plans de xestión da masa forestal para tentar evitar que estas situacións volvan producirse no futuro. Desde Cidadáns Galicia propoñemos unha Reestruturación integral do Sistema Prevención e extinción de incendios en Galicia, de maneira que se invista máis en prevención, en concienciación e, en definitiva, que se poña en valor o monte para favorecer o retorno económico dos nosos bosques á poboación rural.

Galicia atópase nunha zona de transición entre dúas rexións bioclimáticas, a atlántica e a mediterránea, compartindo características de ambas: choivas e humidade que favorecen a proliferación e rápido crecemento da biomasa nos montes e épocas secas, non só no verán senón noutros momentos, como acaba de suceder. Isto fai que Galicia, igual que o norte de Portugal ou outras comunidades do noroeste peninsular, sexa unha zona de alto risco de sufrir incendios forestais.

Os episodios de seca e anomalías climáticas prevense que aumenten no futuro como consecuencia do cambio climático e a resposta do Goberno galego ante estes novos retos foi nula, en lugar de buscar novas alternativas no que a prevención refírese.

Para mellorar, debemos mirar o que se fai noutras comunidades por exemplo en Andalucía, nas que o sistema de prevención de incendios, con investimento e licitación planificada de tratamentos silvícolas preventivos, execución de liñas devasas (corta lumes) e profesionalización do servizo de extinción fan que cada ano descenda o número de hectáreas de monte queimado. Algunhas destas medidas poderían adoptarse en Galicia.

Existen fondos europeos que permiten investir en medidas de ordenación forestal e redución do combustible nos montes, do que se nutren grandes incendios como os sufridos estes días. Os expertos sinalan, por exemplo, que o control da biomasa nos montes mediante sistemas silvopastorais é 10 veces máis barato que mediante rozas mecánicas, ademais de supoñer un retorno económico maior en forma de gandería extensiva, unha actividade tradicional nos montes de Galicia que se foi reducindo a partir de mediados do século XX para dar paso a plantacións uniformes, e en moitos casos descoñecidas, de especies de crecemento rápido, como piñeiros ou eucaliptos, que favorecen a propagación dos lumes unha vez que estes se producen.

Desde Cidadáns consideramos que non é o momento de utilizar politicamente os incendios como arma arreboladiza neste Parlamento. O que agora resulta prioritario é activar cantas medidas sexan necesarias para, en primeiro lugar, paliar os efectos dos danos causados por estes incendios e facer tan levado e rápido como sexa posible a recuperación aos damnificados. Pero tamén establecer medidas cos mecanismos necesarios para a recuperación e protección a longo prazo dun ben fundamental como é a superficie forestal do noso país, recoñecido na propia Lei de Montes como unha "infraestrutura verde" necesaria para o desenvolvemento sustentable.

Tendo presente o anterior, Cidadáns ? Partido da Cidadanía de Galicia presenta as seguintes preguntas ao Parlamento de Galicia co rogo de que sexan traladadas para a súa resposta por parte da Xunta de Galicia:

Cidadáns Galicia

Avenida de Ferrol nº5


15701 Santiago de Compostela


galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org

1. En relación cos investimentos públicos destinados para a posta en marcha de medidas preventivas de incendios forestais, que importe recibíuse dos Fondos FEADER da UE no pasado marco comunitario 2007-2013 destinado ao PDRG (Plan de -- Desenvolvemento Rural de Galicia)? Canto se recibiu no novo marco 2014-2020? Que nivel/porcentaxe de investimento executou efectivamente a Xunta de Galicia?
2. Cantos destes fondos investíronse en programas de axuda a montes e leiras privadas no mesmo marco e canto se vai a dedicar no marco 2014 ? 2020? E nos montes públicos?
3. Cal foi o número de hectáreas forestais tratadas preventivamente en Galicia no marco 2007-2014? Cal é a previsión de tratamentos preventivos para o novo marco? Existe planificación a este respecto para todo o marco do programa operativo?

En Santiago de Compostela a 6 de novembro de 2017

Olga Louzao Aldariz
Voceira de Cidadáns en Galicia





A LA MESA DE LA CÁMARA DEL PARLAMENTO DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, inscrito en el Registro de Partidos Políticos con fecha 1 de junio de 2006, en el Tomo V, folio 512 del Libro de Inscripciones y con CIF G-64283310, y en su nombre y representación Doña Olga Louzao Aldariz con DNI 33348378-B en calidad de portavoz de Ciudadanos en Galicia, al amparo de lo establecido en el artículo 17, Título V de la *Ley 7/2015, de 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular y participación ciudadana en el Parlamento de Galicia*, presenta las siguientes

Preguntas con el ruego de que sean formuladas a la Xunta de Galicia sobre las actuaciones llevadas a cabo por parte del Gobierno autonómico en materia de prevención forestal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia acaba de enfrentarse, en pleno otoño, a una de las oleadas de incendios más peligrosas que se recuerda. El fuego ha acabado con la vida de cuatro personas en nuestra comunidad y los más de 100 incendios han arrasado 35.500 hectáreas en pocos días, desbordando a las brigadas, provocando el pánico en áreas habitadas y destruyendo no sólo parajes naturales, algunos de gran valor ambiental como el Parque Natural Peneda-Xurés, A Ribeira Sacra u Os Ancares, sino también infraestructuras, viviendas, industrias o explotaciones ganaderas.

Las competencias en materia forestal están transferidas a la Comunidad Autónoma. Por ello la Xunta de Galicia son los principales gestores y responsables del sostenimiento de nuestro rico medio natural. Una de las características de Galicia es que la propiedad del terreno está muy disgregada, siendo el mayor porcentaje de terreno forestal de propiedad privada, acompañado de una creciente desatención por parte de las Administraciones competentes (locales y autonómicas) en la prevención de incendios en estas zonas, no incentivando suficientemente mediante programas de inversión, concienciación o ayudas públicas estas tareas preventivas. Del mismo modo, el descenso de la inversión por parte de la Xunta en materia preventiva contra incendios en los montes de titularidad pública ha sido alarmante en los últimos ejercicios.

En el momento actual los primeros indicios apuntan a que la gran mayoría de los incendios han sido intencionados. Obviamente habrá que buscar a los responsables de los incendios, pero también sería conveniente depurar las responsabilidades políticas ante esta alarmante falta de gestión de los recursos que deberían destinarse a prevención y que han de permitir

Ciudadáns Galicia

Avenida de Ferrol nº5

15701 Santiago de Compostela

galicia.grupos.institucionales@ciudadanos-cs.org

un desarrollo sostenible de la actividad en nuestros montes. Por ello, la responsabilidad de lo sucedido debe ser asumida por quienes prenden fuego a los montes, pero también por los responsables políticos de las administraciones competentes.

La propia respuesta dada por el Gobierno de la Xunta lanzando balones fuera y señalando únicamente al desconocido pirómano o incendiario y a las condiciones climatológicas no hace sino avalar nuestra tesis de que sólo se están buscando culpables de los incendios fuera de quien tiene la responsabilidad de gestionar nuestro medio natural.

Por lo que será también necesario revisar en nuestra Comunidad Autónoma los planes de gestión de la masa forestal para intentar evitar que estas situaciones vuelvan a producirse en el futuro. Desde Ciudadanos Galicia proponemos una Reestructuración integral del Sistema Prevención y extinción de incendios en Galicia, de manera que se invierta más en prevención, en concienciación y, en definitiva, que se ponga en valor el monte para favorecer el retorno económico de nuestros bosques a la población rural.

Galicia se encuentra en una zona de transición entre dos regiones bioclimáticas, la atlántica y la mediterránea, compartiendo características de ambas: lluvias y humedad que favorecen la proliferación y rápido crecimiento de la biomasa en los montes y épocas secas, no sólo en verano sino en otros momentos, como acaba de suceder. Esto hace que Galicia, igual que el norte de Portugal u otras comunidades del noroeste peninsular, sea una zona de alto riesgo de sufrir incendios forestales.

Los episodios de sequía y anomalías climáticas se prevé que aumenten en el futuro como consecuencia del cambio climático y la respuesta del Gobierno gallego ante estos nuevos retos ha sido nula, en lugar de buscar nuevas alternativas en lo que a prevención se refiere.

Para mejorar, debemos mirar lo que se hace en otras comunidades como por ejemplo en Andalucía, en las que el sistema de prevención de incendios, con inversión y licitación planificada de tratamientos silvícolas preventivos, ejecución de líneas cortafuegos y profesionalización del servicio de extinción hacen que cada año descienda el número de hectáreas de monte quemado. Algunas de estas medidas podrían adoptarse en Galicia.

Existen fondos europeos que permiten invertir en medidas de ordenación forestal y reducción del combustible en los montes, del que se nutren grandes incendios como los sufridos estos días. Los expertos señalan, por ejemplo, que el control de la biomasa en los montes mediante sistemas silvopastorales es 10 veces más barato que mediante rozas mecánicas, además de suponer un retorno económico mayor en forma de ganadería extensiva, una actividad tradicional en los montes de Galicia que se ha ido reduciendo a

Ciudadáns Galicia

Avenida de Ferrol nº5

15701 Santiago de Compostela

galicia.grupos.institucionales@ciudadanos-cs.org

partir de mediados del siglo XX para dar paso a plantaciones uniformes, y en muchos casos descuidadas, de especies de crecimiento rápido, como pinos o eucaliptos, que favorecen la propagación de los fuegos una vez que estos se producen.

Desde Ciudadanos consideramos que no es el momento de utilizar políticamente los incendios como arma arrojadiza en este Parlamento. Lo que ahora resulta prioritario es activar cuantas medidas sean necesarias para, en primer lugar, paliar los efectos de los daños causados por estos incendios y hacer tan llevadero y rápido como sea posible la recuperación a los damnificados. Pero también establecer medidas con los mecanismos necesarios para la recuperación y protección a largo plazo de un bien fundamental como es la superficie forestal de nuestro país, reconocido en la propia Ley de Montes como una "infraestructura verde" necesaria para el desarrollo sostenible.

Teniendo presente lo anterior, Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía de Galicia presenta las siguientes preguntas al Parlamento de Galicia con el ruego de que sean tratadas para su respuesta por parte de la Xunta de Galicia:


1. En relación con las inversiones públicas destinadas para la puesta en marcha de medidas preventivas de incendios forestales, ¿qué importe se recibió de los Fondos FEADER de la UE en el pasado marco comunitario 2007-2013 destinado al PDRG (Plan de --Desarrollo Rural de Galicia)? ¿Cuánto se ha recibido en el nuevo marco 2014-2020? ¿Qué nivel/porcentaje de inversión ha ejecutado efectivamente la Xunta de Galicia?
2. ¿Cuántos de estos fondos se han invertido en programas de ayuda a montes y fincas privadas en el mismo marco y cuanto se va a dedicar en el marco 2014 – 2020? ¿Y en los montes públicos?
3. ¿Cuál fue el número de hectáreas forestales tratadas preventivamente en Galicia en el marco 2007-2014? ¿Cuál es la previsión de tratamientos preventivos para el nuevo marco? ¿Existe planificación a este respecto para todo el marco del programa operativo?

En Santiago de Compostela a 6 de novembro de 2017

Olga Louzao Aldariz

Portavoz de Ciudadanos en Galicia

Ciudadáns Galicia
Avenida de Ferrol nº5
15701 Santiago de Compostela
galicia.grupos.institucionales@ciudadanos-cs.org





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4846**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación co aumento do consumo de substancias potencialmente perigosas para a saúde no eido do deporte afeccionado, as medidas ou actuacións previstas para afrontala e a importancia da elaboración dun estudo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 68 do 17 de febreiro de 2017), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Secretaría Xeral para o Deporte cremos no deporte global, igualitario, para todos e para todas, que non entenda de xénero, de idade, de condicións e sobre todo que non entenda de trampas nin de dopaxe.

O deporte é moito máis que unha actividade física. O deporte é un instrumento social, un lugar de encontro, un mecanismo de evasión, unha fonte de saúde, unha terapia psicolóxica e, para moitos, un medio de vida. Por iso, dada a importancia que ten o deporte para a nosa sociedade no día de hoxe, non podemos permitir que paguen xustos por pecadores e suprimir todas aquelas competicións sobre as que planee a sospeita de dopaxe.

Promover, fomentar, regular, ordenar e impulsar a práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia son competencias da Administración autonómica e un obxectivo prioritario e irrenunciable para a Xunta de Galicia. Por iso é o Goberno galego o que debe de denunciar, perseguir e sancionar estas prácticas para limpar o noso deporte e que as nosas competicións estean libres de toda ameaza de dopaxe. Actuando desta maneira conseguiremos protexer e velar polos intereses e a seguridade de todos os nosos deportistas.

Protexeremos aos deportistas que non se dopan. Aqueles deportistas que adestran con intensidade, que traballan duramente e que se sacrifican día a día para acadar os seus obxectivos. Creando unha competición limpa sen a posibilidade de trampas ou vantaxes artificiais, os deportistas bateranse de igual a igual e as clasificacións medirán tan só o acadado mediante o traballo físico.

E respecto a aqueles deportistas que se dopan e cometen trampas, empregaremos todo o poder que nos confire a Lei para castigalos. Estes atletas utilizan substancias prohibidas e adulteran a competición polo que emitiremos sancións exemplares para que nunca máis volvan a facelo e non poñan en risco nin o deporte de alto nivel nin a súa saúde. Cómpre salientar que estes produtos poden ter numerosos efectos adversos sobre o consumidor e incluso causarlle a morte como xa ten ocorrido nalgunhas ocasións.

En xuño de 2013, o Servizo galego de Saúde (Sergas) iniciou as accións inspectoras para desenvolver o Plan de Inspección Sanitaria 2014-2017, onde se recolle como prioridade o seguimento de medicamentos susceptibles de tráfico ilícito. Deste xeito, a Consellería de Sanidade comezou un programa de control proactivo na dispensación destas substancias (os cinco principios activos seleccionados son aqueles sobre os que existe coñecemento de posible uso; estes son: estanozolol, nandrolona, mesterolona, metenolona e testosterona).

Tras estudar o volume de subministro ás oficinas de farmacia galegas dos envases de anabolizantes (63.799 envases e 1.530.602 doses dispensadas en 27 meses) e inspeccionar aquelas oficinas de farmacia que presentaban un balance de adquisicións e dispensacións que podía apuntar a un posible desvío e abuso, acreditáronse máis de 3.118 envases destes medicamentos que non tiñan un destino de uso terapéutico, e sí uns fins exclusivos de aumento do rendemento ou da masa muscular.

Non se trata dun problema xeralizado en todas as oficinas de farmacia galegas, nin tampouco de Galicia, pero sí un problema que existe na sociedade actual, e foi detectado pola inspección de farmacia, que propuxo dentro do seu exercicio de autoridade sanitaria, que se iniciaran os correspondentes procedementos sancionadores aos establecementos farmacéuticos incumpridores.

O dato máis positivo destas actuacións foi a súa eficacia xa que o subministro das entidades de distribución de medicamentos ás oficinas de farmacia galegas reflicte que se conseguiu unha diminución inmediata de case un 90% no consumo dos anabolizantes androxénicos (pasando de 0,3617 doses por habitantes/día en 2013 a 0,03834 en 2016).



Ademais, a Consellería de Sanidade, dentro da súa estratexia do uso seguro, eficaz e responsable dos medicamentos en Galicia, seguiu implantando novas medidas, e ditou unha Orde de fiscalización específica para estas sustancias; esta Orde, do 5 de maio de 2014, establece actuacións complementarias á oficina de farmacia para a correcta dispensación destes fármacos e ao tempo pretende concienciar á poboación galega dos riscos deste abuso. Cómpre sinalar tamén que Galicia é a única Comunidade Autónoma de España con esta normativa específica de fiscalización para este grupo de fármacos que ten como fin preservar a saúde dos galegos e galegas (DOG núm. 96, do 21 de maio).

Pero ademais deste traballo, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte está en pleno proceso de creación da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

O obxectivo é a creación desta ferramenta que outorgue a Comunidade Autónoma de Galicia os instrumentos necesarios para acabar con calquera situación referida ao consumo de sustancias prohibidas no deporte a través dunha adaptación dos criterios da Axencia Mundial Antidopaxe (AMA) e da Axencia Española para a protección da Saúde no Deporte (AEPSAD).

Grazas á Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, poderanse levar a cabo tamén políticas de prevención e información sobre o consumo destas sustancias non beneficiosas para a saúde dos deportistas. A comisión será multidisciplinar e nela estarán representados todos os axentes da saúde e do deporte de Galicia. A semana do 4 de decembro, xa co proxecto redactado, dará comezo o trámite de informe e audiencia.

O título VIII da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia que establece a actuación autonómica de prevención e de loita contra a dopaxe no deporte. O artigo 130 di que a 'a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe é un órgano administrativo, adscrito ao órgano autonómico competente na materia deportiva, ao que se lle atribúen as competencias en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención e control da dopaxe no ámbito da Comunidade Autónoma' e establece as súas funcións.

Neste intre e tras a reunión mantida o pasado 1 de agosto cos representantes da AEPSAD para dar saída á Comisión, a Xunta está en continuo contacto coa Axencia para continuar dando os pasos correctos antes da aprobación definitiva do proxecto.

Coa creación da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, a Xunta dará cumprimento a esta previsión normativa da Lei e terá o seu propio órgano de acción destinado a loita contra a dopaxe no deporte.

O máis importante é ensinar aos máis pequenos, a eses nenos e nenas que serán deportistas de alto nivel o día de mañá, que usando trampas só se pode perder.

O deporte debe preservar o seu espírito limpo, san, saudable. A dopaxe non é máis que unha máscara que oculta o verdadeiro esforzo do atleta e o seu produto, desnaturalizando todo tipo de actividade física, ademais dos evidentes efectos nocivos que pode ter para a saúde do ou da propia deportista e dos que xa falamos. Gañar a través da dopaxe é a forma máis humillante de gañar.

É misión das institucións competentes e da administración ser xustos devolverlle a ilusión a aqueles deportistas que nalgún momento víronse prexudicados pola dopaxe. Aqueles atletas que deron todo o que tiñan e non acadaron os obxectivos porque outros facían trampas. O home e a muller nunca poden perder o desexo de competir en igualdade. Porque xogar é facer deporte, facer deporte é saúde, e a saúde é benestar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:40:24



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8589**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto das carencias e deficiencias existentes no edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, as súas previsións respecto da demanda da súa ampliación para a creación dun novo xulgado, a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de dixitalización e expurgo dos documentos dos arquivos xudiciais”**, (publicada no BOPG número 114 do 12 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a impulsar decididamente a ordenación e proceso de expurgo dos expedientes xudiciais. O froito destes traballos é -polo de agora- un total dun millón de expedientes xestionados para o proceso de expurgo, transferidos aos arquivos xudiciais territoriais e aos arquivos históricos provinciais.

En todo este proceso é necesaria a vontade e colaboración do persoal xudicial, dada a concepción avalada pola leis e a xurisprudencia de que os expedientes xudiciais, aínda que arquivados, seguen a ser materia xurisdiccional. Por iso calquera actuación da administración autonómica debe estar acompañada pola supervisión e colaboración xudicial.

Entre outras actuacións nesta materia, durante o ano 2016 e como proxecto piloto, organizouse toda a documentación arquivada no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa. Foron un total de 61.706 expedientes, que se arquivaron en 3.535 caixas.

A documentación rexistrouse toda na aplicación informática ARQUIVO, o que permite xestionar dunha forma sinxela o arquivo xudicial, facilitando non só as transferencias de documentación entre os distintos arquivos (Arquivo Territorial e Histórico), senón tamén o expurgo.

O obxectivo das actuacións levadas a cabo no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa foi, tamén, desenvolver un sistema informático para a xestión dos arquivos de expedientes físicos e de pezas de convicción.

Este labor dividiuse en dúas partes. A primeira foi conseguir a organización, descrición e instalación da documentación xudicial custodiada no arquivo deste xulgado, seguindo criterios

arquivísticos. O obxectivo foi a implantación do Sistema de Xestión de Arquivos Físicos Xudiciais (ARQUIVO) para a xestión do ciclo de vida dos expedientes en formato papel. Deste xeito, creábanse as condicións para levar a cabo un control, localización e trazabilidade dos expedientes xerados por este órgano xudicial, así como as transferencias documentais ao arquivo Xudicial Territorial, ademais de xestionar as políticas de expurgo de documentación xudicial. Outra das medidas que se perseguíu foi a integración do expediente xudicial con dispositivos electrónicos de localización e control, que permitan a localización dos expedientes xudiciais deste órgano en calquera momento, a súa transferencia a outro arquivo do sistema, así como o seu expurgo.

Coa segunda parte buscou a creación dun sistema de xestión das pezas de convicción que ingresen no xulgado, permitindo a identificación e xestión dos bens mobles incautados nun procedemento xudicial, garantindo a súa autenticidade, trazabilidade e xestión das pezas. Tamén lle permitirá asignar un espazo físico dentro do depósito, así como publicar a imaxe electrónica do ben.

Este proceso, xa rematado no xulgado nº 1, preténdese continuar co nº 2 e co xulgado de primeira instancia e instrución nº 3.

En canto a futuras creacións de xulgados, estas van depender da carga de traballo que estatisticamente acrediten os xulgados do concello, así como do número de unidades xudiciais que contemplan crear os orzamentos xerais do Estado e a súa asignación concreta a Galicia.

As dúas variables, número de creación e carga de traballo, son analizadas na Comisión Mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia, a fin de elaborar a proposta de creación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:39:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9264**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“a realización dunha xuntanza na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o día 28 de xullo de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados”**, (publicada no BOPG número 118 do 26 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En relación a esta iniciativa, e unha vez cotexadas as axendas do equipo directivo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, estas son as datas nas que consta que se mantiveron reunións con membros da corporación de Vilanova de Arousa no período de tempo referido:

- 13/04/2014
- 15/01/2015
- 13/05/2015
- 08/06/2015
- 07/07/2015

Con todo, cómpre subliñar que, dende as datas referidas, introducíronse modificacións na estrutura da Consellería e na composición e dirección dos distintos departamentos, o que dificulta ata certo punto a consulta de axendas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:38:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9348**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, as razóns do incumprimento polo Sergas dos compromisos asinados co concello nos anos 2011 e 2015 ao respecto, así como as melloras sanitarias que vai levar a cabo nese termo municipal”**, (publicada no BOPG número 121 do 1 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está realizando un Plan de espazos da atención primaria do concello de Lalín, para acadar un plantexamento de programación dun dispositivo que permita unha Atención Integral en busca dunha optimización das dotacións e do aseguramento dun futuro sanitario da máxima calidade.

O Centro de Alta Resolución nunca foi definido e neste momento estamos desenvolvendo modelos diferentes, como o Centro Integrado de Saúde de Lugo, que se adapta mellor ás novas circunstancias, ás novas necesidades dos usuarios do sistema.

Como paso previo á elaboración dun plan de espazos e como paso previo á elaboración dun proxecto arquitectónico estase a traballar polos técnicos do Servizo Galego de Saúde xunto coa EOXI de Santiago nun Plan funcional no que se definan cales son as melloras

que se poden executar en Lalín tendo en conta a demanda e as necesidades da poboación de referencia.

Este Plan funcional e de espazos será presentado nos próximos meses.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:38:43



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:38
Nº Rexistro: 21216

Data envío: 07/12/2017 09:38:27.147

Data 07/12/2017 09:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10211**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso de medidas específicas de apoio á prevención e atención, no territorio galego, das enfermidades respiratorias de orixe profesional como a silicose, a súa opinión en relación coa suficiencia da atención que reciben en Galicia os traballadores que padecen afeccións respiratorias propias de actividades extractivas e a realización dalgunha avaliación da incidencia e evolución da silicose en Galicia, así como sobre a necesidade de establecer programas propios de investigación na materia”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os traballadores/as afectados/as de silicose están cubertos pola normativa de prevención de riscos laborais da que a administración sanitaria e laboral vixía o seu cumprimento. A Dirección Xeral de Saúde Pública participa como membro do grupo técnico de traballo de silicose do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

A normativa laboral é o suficientemente proteccionista nestes temas para que a cobertura dos traballadores/as afectados/as por estas patoloxías estea sempre asegurada tanto polos servizos de prevención no caso dos activos como polo servizo galego de saúde no que exercen profesionais cualificados nestas patoloxías, no caso dos que xa non teñan relación laboral coa empresa na que foi a exposición.

O organismo responsable da recompilación e xestión dos datos relativos ás enfermidades profesionais en Galicia é a autoridade laboral, que o encomendou ao ISSGA.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:38:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:37
Nº Rexistro: 21213

Data envío: 07/12/2017 09:37:43.069

Data 07/12/2017 09:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10509**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta que entraron e cantos deles foron resoltos en cada una das Comisións de Asistencia Xurídica provinciais, así como as posibles incidencias na resolución dos expedientes e cantos foron recurridos nos correspondentes xulgados no ano 2016”**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 11 de outubro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 14108, iniciativa de igual contido que a presente e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:37:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:37
Nº Rexistro: 21212

Data envío: 07/12/2017 09:37:31.100

Data 07/12/2017 09:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11184**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o destino previsto polo Goberno galego para o edificio do vello Hospital Xeral de Lugo, a solicitude á Tesourería do Instituto Nacional da Seguridade Social da cesión da súa titularidade e da súa parcela, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se anunciou vaise construír o Centro Integral de Saúde do barrio da residencia de Lugo. A cesión dos terreos do antigo Hospital Xeral formalizouse a través de convenio asinado entre o Presidente da Xunta e a Ministra de Emprego o 19 de xullo de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:37:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:36
Nº Rexistro: 21208

Data envío: 07/12/2017 09:36:35.584

Data 07/12/2017 09:36

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11271**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio, o número de persoas galegas beneficiadas dos dereitos recoñecidos nela e as limitacións impostas na doutrina da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado para a celebración de matrimonios entre persoas do mesmo sexo en países onde non está recoñecido ese dereito, así como as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“As relacións xurídico-cívís relativas ás formas de matrimonio son competencia exclusiva do Estado, segundo se establece na Constitución Española. Por iso, o Rexistro Civil e todos os asuntos que a el se refiren (sistema, organización e regulación) están regulados por normas estatais. Tamén os trámites para o pleno recoñecemento do matrimonio requiren a súa inscrición no Rexistro Civil, competencia directa do Ministerio de Xustiza, a través da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 02e2bd58-a955-c9e7-9886-e220ba4c3629



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:36:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2987**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das cinco novas prazas xudiciais anunciadas en Galicia para o primeiro trimestre de 2017”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Pola súa banda, a proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia.

En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

Na Conferencia Sectorial do pasado mes de xullo acordouse finalmente a creación de xulgados nas cidades da Coruña, Ourense, Vigo e Ferrol. En concreto, un xulgado do social na Coruña (o nº 6), un de primeira instancia en Ferrol (o nº 6), un de primeira instancia en Ourense (o nº 7) e un de primeira instancia en Vigo (o nº 15). O Goberno galego, como sempre fixo, afrontará o custo que supón a posta en marcha desas unidades.

Finalmente, con relación a outras posibles necesidades de futuro, estas serán analizadas cando corresponda na Comisión Mixta, quen realizará a correspondente proposta de creación ponderando o binomio que representa, por unha banda, os módulos de carga de traballo e, pola outra, o número de unidades de nova creación que lle sexan asignadas a Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:40:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 6094**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as datas previstas para a dispoñibilidade dun proxecto de habilitación do edificio do antigo Centro de Saúde de Tui para resituar nunha única sede os tres xulgados de primeira instancia e instrución, así como para a licitación das obras”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 22 de setembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 13173, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:39:53



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 8587**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda de ampliación do actual edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa para a creación dun novo xulgado, así como a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos”**, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a impulsar decididamente a ordenación e proceso de expurgo dos expedientes xudiciais. O froito destes traballos é -polo de agora- un total dun millón de expedientes xestionados para o proceso de expurgo, transferidos aos arquivos xudiciais territoriais e aos arquivos históricos provinciais.

En todo este proceso é necesaria a vontade e colaboración do persoal xudicial, dada a concepción avalada pola leis e a xurisprudencia de que os expedientes xudiciais, aínda que arquivados, seguen a ser materia xurisdiccional. Por iso calquera actuación da administración autonómica debe estar acompañada pola supervisión e colaboración xudicial.

Entre outras actuacións nesta materia, durante o ano 2016 e como proxecto piloto, organizouse toda a documentación arquivada no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa. Foron un total de 61.706 expedientes, que se arquivaron en 3.535 caixas.

A documentación rexistrouse toda na aplicación informática ARQUIVO, o que permite xestionar dunha forma sinxela o arquivo xudicial, facilitando non só as transferencias de documentación entre os distintos arquivos (Arquivo Territorial e Histórico), senón tamén o expurgo.

O obxectivo das actuacións levadas a cabo no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa foi, tamén, desenvolver un sistema informático para a xestión dos arquivos de expedientes físicos e de pezas de convicción.

Este labor dividiuse en dúas partes. A primeira foi conseguir a organización, descrición e instalación da documentación xudicial custodiada no arquivo deste xulgado, seguindo criterios arquivísticos. O obxectivo foi a implantación do Sistema de Xestión de Arquivos Físicos Xudiciais (ARQUIVO) para a xestión do ciclo de vida dos expedientes en formato papel. Deste xeito, creábanse as condicións para levar a cabo un control, localización e trazabilidade dos expedientes xerados por este órgano xudicial, así como as transferencias documentais ao arquivo Xudicial Territorial, ademais de xestionar as políticas de expurgo de documentación xudicial. Outra das medidas que se perseguíu foi a integración do expediente xudicial con dispositivos electrónicos de localización e control, que permitan a localización dos expedientes xudiciais deste órgano en calquera momento, a súa transferencia a outro arquivo do sistema, así como o seu expurgo.

Coa segunda parte buscouse a creación dun sistema de xestión das pezas de convicción que ingresen no xulgado, permitindo a identificación e xestión dos bens mobles incautados nun procedemento xudicial, garantindo a súa autenticidade, trazabilidade e xestión das pezas. Tamén lle permitirá asignar un espazo físico dentro do depósito, así como publicar a imaxe electrónica do ben.

Este proceso, xa rematado no xulgado nº 1, preténdese continuar co nº 2 e co xulgado de primeira instancia e instrución nº 3.

En canto a futuras creacións de xulgados, estas van depender da carga de traballo que estatisticamente acrediten os xulgados do concello, así como do número de unidades xudiciais que contemplan crear os orzamentos xerais do Estado e a súa asignación concreta a Galicia.

As dúas variables, número de creación e carga de traballo, son analizadas na Comisión Mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia, a fin de elaborar a proposta de creación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:39:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 10507**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta resoltos en cada una das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta provinciais”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 11 de outubro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 14108, iniciativa de igual contido que a presente e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:38:00



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 11268**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“As relacións xurídico-civís relativas ás formas de matrimonio son competencia exclusiva do Estado, segundo se establece na Constitución Española. Por iso, o Rexistro Civil e todos os asuntos que a el se refiren (sistema, organización e regulación) están regulados por normas estatais. Tamén os trámites para o pleno recoñecemento do matrimonio requiren a súa inscrición no Rexistro Civil, competencia directa do Ministerio de Xustiza, a través da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:37:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2967**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia das cinco novas prazas xudiciais anunciadas en Galicia para o primeiro trimestre de 2017, as demandas formuladas ao Ministerio de Xustiza ao respecto e a necesidade de creación dunha nova praza de maxistrado nas salas das audiencias de Lugo, Pontevedra e Vigo, dun novo xulgado do social en Santiago de Compostela e doutro de primeira instancia na Coruña”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Pola súa banda, a proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia.

En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

Na Conferencia Sectorial do pasado mes de xullo acordouse finalmente a creación de xulgados nas cidades da Coruña, Ourense, Vigo e Ferrol. En concreto, un xulgado do social na Coruña (o nº 6), un de primeira instancia en Ferrol (o nº 6), un de primeira instancia en Ourense (o nº 7)

e un de primeira instancia en Vigo (o nº 15). O Goberno galego, como sempre fixo, afrontará o custo que supón a posta en marcha desas unidades.

Finalmente, con relación a outras posibles necesidades de futuro, estas serán analizadas cando corresponda na Comisión Mixta, quen realizará a correspondente proposta de creación ponderando o binomio que representa, por unha banda, os módulos de carga de traballo e, pola outra, o número de unidades de nova creación que lle sexan asignadas a Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:40:51



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 6093**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado en que se atopa a cesión polo Estado español do antigo edificio do Centro de saúde de Tui para resituar nunha única sede os tres xulgados de primeira instancia e instrución, as datas previstas para a dispoñibilidade do proxecto de habilitación do edificio e a licitación das obras, así como o investimento total que se vai levar a cabo”**, (publicada no BOPG número 88 do 23 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 22 de setembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 13173, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:44:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 8588, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto das carencias e deficiencias existentes no edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, as súas previsións respecto da demanda da súa ampliación para a creación dun novo xulgado, a habilitación dos espazos precisos para o arquivo e os calabozos, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de dixitalización e expurgo dos documentos dos arquivos xudiciais”**, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a impulsar decididamente a ordenación e proceso de expurgo dos expedientes xudiciais. O froito destes traballos é -polo de agora- un total dun millón de expedientes xestionados para o proceso de expurgo, transferidos aos arquivos xudiciais territoriais e aos arquivos históricos provinciais.

En todo este proceso é necesaria a vontade e colaboración do persoal xudicial, dada a concepción avalada pola leis e a xurisprudencia de que os expedientes xudiciais, aínda que arquivados, seguen a ser materia xurisdiccional. Por iso calquera actuación da administración autonómica debe estar acompañada pola supervisión e colaboración xudicial.

Entre outras actuacións nesta materia, durante o ano 2016 e como proxecto piloto, organizouse toda a documentación arquivada no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa. Foron un total de 61.706 expedientes, que se arquivaron en 3.535 caixas.

A documentación rexistrouse toda na aplicación informática ARQUIVO, o que permite xestionar dunha forma sinxela o arquivo xudicial, facilitando non só as transferencias de documentación entre os distintos arquivos (Arquivo Territorial e Histórico), senón tamén o expurgo.

O obxectivo das actuacións levadas a cabo no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa foi, tamén, desenvolver un sistema informático para a xestión dos arquivos de expedientes físicos e de pezas de convicción.

Este labor dividiuse en dúas partes. A primeira foi conseguir a organización, descrición e instalación da documentación xudicial custodiada no arquivo deste xulgado, seguindo criterios arquivísticos. O obxectivo foi a implantación do Sistema de Xestión de Arquivos Físicos Xudiciais (ARQUIVO) para a xestión do ciclo de vida dos expedientes en formato papel. Deste xeito, creábanse as condicións para levar a cabo un control, localización e trazabilidade dos expedientes xerados por este órgano xudicial, así como as transferencias documentais ao arquivo Xudicial Territorial, ademais de xestionar as políticas de expurgo de documentación xudicial. Outra das medidas que se perseguíu foi a integración do expediente xudicial con dispositivos electrónicos de localización e control, que permitan a localización dos expedientes xudiciais deste órgano en calquera momento, a súa transferencia a outro arquivo do sistema, así como o seu expurgo.

Coa segunda parte buscouse a creación dun sistema de xestión das pezas de convicción que ingresen no xulgado, permitindo a identificación e xestión dos bens mobles incautados nun procedemento xudicial, garantindo a súa autenticidade, trazabilidade e xestión das pezas. Tamén lle permitirá asignar un espazo físico dentro do depósito, así como publicar a imaxe electrónica do ben.

Este proceso, xa rematado no xulgado nº 1, preténdese continuar co nº 2 e co xulgado de primeira instancia e instrución nº 3.

En canto a futuras creacións de xulgados, estas van depender da carga de traballo que estatisticamente acrediten os xulgados do concello, así como do número de unidades xudiciais que contemplan crear os orzamentos xerais do Estado e a súa asignación concreta a Galicia.

As dúas variables, número de creación e carga de traballo, son analizadas na Comisión Mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia, a fin de elaborar a proposta de creación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:39:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10508**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta que entraron e cantos deles foron resoltos en cada una das Comisións de Asistencia Xurídica provinciais, así como as posibles incidencias na resolución dos expedientes e cantos foron recurridos nos correspondentes xulgados no ano 2016”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 11 de outubro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 14108, iniciativa de igual contido que a presente e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:37:48



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11269**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio, o número de persoas galegas beneficiadas dos dereitos recoñecidos nela e as limitacións impostas na doutrina da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado para a celebración de matrimonios entre persoas do mesmo sexo en países onde non está recoñecido ese dereito, así como as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“As relacións xurídico-civís relativas ás formas de matrimonio son competencia exclusiva do Estado, segundo se establece na Constitución Española. Por iso, o Rexistro Civil e todos os asuntos que a el se refiren (sistema, organización e regulación) están regulados por normas estatais. Tamén os trámites para o pleno recoñecemento do matrimonio requiren a súa inscrición no Rexistro Civil, competencia directa do Ministerio de Xustiza, a través da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:36:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16686**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o Índice de prezos ao consumo en Galicia no ano 2017 e a perda de capacidade económica dos fogares galegos, as previsións ao respecto para o ano 2018 e as súas intencións en relación coa modificación dalgunha medida económica e fiscal, así como a variación da carga impositiva cara os vindeiros orzamentos”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Os últimos datos do IPC publicados no mes de outubro ratifican as previsións do Goberno galego. A Xunta de Galicia nas súas previsións dixo que a suba da inflación nos primeiros meses deste 2017 era unha cuestión puntual, e que os prezos se ían moderar a medida que avanzase o ano. A inflación anual baixou ao 1,5% en Galicia, pese a que nos primeiros meses do ano superou o 3%. Polo tanto, os prezos moderáronse.

O IGE prevé que a evolución do IPC ao peche do ano sexa do 2,1%, lonxe do 3% que se registrou de forma conxuntural nos primeiros meses do ano.

A evolución dos prezos está indo por debaixo da evolución da economía (+3,1% previsto para este año).

A evolución dos prezos nestes anos de recuperación está sendo moderada. De 2013 a 2015 os prezos encadearon 3 anos con crecementos negativos ou cunha subida moi leve (+0,5%). No 2016 a evolución foi suave (+1,6%) e neste 2017 tamén o será (previsión: 2,1%)

En consecuencia:

A subida de prezos tense moderado en Galicia nos últimos meses

Os prezos en Galicia medran menos (1,5%) que en España (1,6%)

Ademais, algúns produtos básicos téñense abaratado no último ano, como as patacas (-13,6%), os ovos (-2,1%) ou os cereais (-1,8%)

En canto a carga impositiva, a política tributaria en Galicia é moi clara: estamos a baixar os impostos con especial incidencia nas rendas medias e baixas para que paguen menos impostos.

A boa evolución de ingresos nos permite manter as maiores rebaixas fiscais que xa están en vigor en Galicia desde que as aprobamos en 2016.

- Nos orzamentos de 2016 eliminamos os impostos para as transmisións de solo rústico, para as transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias, ou aumento do tamaño da explotación ou as transmisións a agricultores mozos e para as agrupacións de fincas rústicas.
- Nos orzamentos de 2017 eliminamos os impostos para a adquisición de vivenda habitual en zonas pouco poboadas aos menores de 36 anos, ás familias numerosas e ás persoas con discapacidade.
- E para os orzamentos de 2018 reforzamos esta aposta no Proxecto de lei de medidas administrativas e fiscais que acompaña aos orzamentos.

Con incentivos para aqueles que xeren actividade económica e contribúan a dinamizar o medio rural, en concreto para os que invistan en terras e bens rústicos que se atopen desaproveitados e nunha Sociedade de Xestión Forestal.

A maiores introducimos novas rebaixas fiscais: con deducións para as persoas que invistan na rehabilitación de inmobles dos centros históricos ou en actividades económicas neles e coa eliminación do Imposto de Actos Xurídicos Documentados para os que merquen solo industrial das administracións.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

En Galicia hai menos desigualdade e risco de pobreza que a media española.

- A taxa de risco de pobreza en Galicia é 3,3 puntos inferior á media española
- En Galicia os fogares con moita dificultade para chegar a fin de mes son o 6%, mentres que en España son o 15,3% e varias CCAA superan o 20%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:36:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16874**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os informes emitidos polos departamentos da Xunta de Galicia consultados en relación co novo megaproxecto mineiro de Touro, a omisión do problema das drenaxes ácidas da mina nel e a súa posible incidencia na viabilidade ambiental do proxecto”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 16873 que tivo lugar na sesión do 3 de novembro de 2017 na Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2017-11-03?part=7f051880-192c-4595-b085-9af5c107ff0f&start=1667.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/12/2017 9:29:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16989**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o uso da lingua castelá nunha comunicación oficial remitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a unha persoa participante nunha proba selectiva no marco do programa de formación ocupacional”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 16987 que tivo lugar na sesión do 28 de novembro de 2017 na Comisión 4ª de Educación e Cultura.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2017-11-28?part=0d1c3d5e-87d0-41ce-a0ce-c852df9388c9&start=1419.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/12/2017 9:25:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:36
Nº Rexistro: 21206

Data envío: 07/12/2017 09:36:04.349

Data 07/12/2017 09:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17269**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do incumprimento polo Goberno galego do acordo asinado co Concello de Lalín para a construción dun Centro de Alta Resolución nos terreos de Alto dos Vales, os datos referidos á realización do estudo de viabilidade e a elaboración dalgún plan funcional para mellorar a atención sanitaria da zona, así como as súas previsións en relación coa construción nela dun centro integrado de saúde e a consignación para o ano 2018 do orzamento necesario para ese fin”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está realizando un Plan de espazos da atención primaria do concello de Lalín, para acadar un plantexamento de programación dun dispositivo que permita unha Atención Integral en busca dunha optimización das dotacións e do aseguramento dun futuro sanitario da máxima calidade.

O Centro de Alta Resolución nunca foi definido e neste momento estamos desenvolvendo modelos diferentes, como o Centro Integrado de Saúde de Lugo, que se adapta mellor ás novas circunstancias, ás novas necesidades dos usuarios do sistema.

Como paso previo á elaboración dun plan de espazos e como paso previo á elaboración dun proxecto arquitectónico estase a traballar polos técnicos do Servizo Galego de Saúde

xunto coa EOXI de Santiago nun Plan funcional no que se definan cales son as melloras que se poden executar en Lalín tendo en conta a demanda e as necesidades da poboación de referencia.

Este Plan funcional e de espazos será presentado nos próximos meses.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:35:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:35
Nº Rexistro: 21205

Data envío: 07/12/2017 09:35:52.834

Data 07/12/2017 09:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17816**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa colaboración económica na expropiación de 700.000 metros cadrados de montes veciñais en man común para a construción dun campo de golf no concello de Baiona”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 30.11.2017- pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ao darlle resposta á pregunta 17814 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:35:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18451**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a subministración ás farmacias galegas do medicamento denominado Trangorex para o tratamento de arritmias, o mantemento dalgún contacto co laboratorio subministrador ao respecto e as razóns da súa dispoñibilidade nas farmacias portuguesas”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 15.11.2017- polo director xeral de Asistencia Sanitaria ao darlle reposta á pregunta 18646 sobre o mesmo tema.

Nela explicou que o Servizo Galego de Saúde actúa segundo o protocolo establecido ante calquera problema de suministro de medicamentos e que pon todas as medidas ao seu alcance para que non teñan repercusións nos pacientes que os precisan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:35:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:35
Nº Rexistro: 21203

Data envío: 07/12/2017 09:35:30.552

Data 07/12/2017 09:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18647**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento do fármaco Trangorex en Galicia e a súa opinión ao respecto”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 15.11.2017- polo director xeral de Asistencia Sanitaria ao darlle reposta á pregunta 18646 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

Nela explicou que o Servizo Galego de Saúde actúa segundo o protocolo establecido ante calquera problema de suministro de medicamentos e que pon todas as medidas ao seu alcance para que non teñan repercusións nos pacientes que os precisan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 58388c41-e8e1-93d6-be52-1304d6f766f6



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:35:24



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:35
Nº Rexistro: 21202

Data envío: 07/12/2017 09:35:19.724

Data 07/12/2017 09:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19333**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da negociación con Sogama e Gesusa do desvío do casco urbano de Ordes dos camións que están a transportar o lixo ás súas plantas con fin de evitarlle aos veciños as molestias e incomodidades que ocasionan”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 30.11.2017- pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ao darlle resposta á pregunta 19331 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:35:13



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19416**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do tratamento dado ás vítimas mortais da vaga de incendios forestais de outubro de 2017 e ás súas familias, o significado da redacción que presenta o artigo 6º do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados por eses lumes e o prazo previsto para a súa materialización”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da sesión plenaria do 7 de novembro, no debate da iniciativa con número de rexistro 19414, presentada polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:35:02



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 09:34
Nº Rexistro: 21200

Data envío: 07/12/2017 09:34:55.474

Data 07/12/2017 09:34

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19727**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa necesidade de construír un novo centro de saúde en Melide, así como as razóns da non consignación para o ano 2018 de ningunha partida orzamentaria para ese fin”**, (publicada no BOPG número 212 do 16 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A parcela para o centro de saúde de Melide non foi transferida polo momento ao Sergas ao estar pendente de trámites urbanísticos. Polo que se refire a asignación dunha partida orzamentaria suficiente, aínda que non apareza especificado nominativamente existe o firme compromiso para levalo a cabo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:34:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19902**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 212 do 16 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Vilaxoán está a 3,7 km de Vilagarcía. En Vilaxoán hai un médico e unha enfermeira que traballan en horario de mañán, non hai PSX polo que as xestións administrativas as teñen que realizar en Vilagarcía.

No Centro de Saúde de Vilagarcía hai 21 médicos de familia, 5 pediatras e conta con unidade de tarde polo que o horario é de 8 a 22h en consulta ordinaria. En canto á cobertura e substitución dos profesionais do Centro de Saúde, é un centro no que, xeralmente, organízanse para as vacacións e os días de libre disposición.

O día 6 de novembro de 2017 púxose de baixa a médico de Vilaxoán, cubríronse 3 días cunha médico de familia do Centro de Saúde de Vilagarcía e desde entón aténdese aos pacientes no Centro de Saúde de Vilagarcía e permanece no consultorio a DUE.

A asistencia sanitaria está garantida, e no momento actual, tendo en conta a duración estimada da IT da médico e unha vez valoradas as necesidades e a disponibilidad de

recursos, non se considera prioritaria a cobertura desta profesional. De todas maneiras, a situación valórase de forma continua e sistemática e se esta cambiase, e a dispoñibilidade o permitira, valorarase de novo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:34:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20366**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á incidencia que están a ter as carencias e deficiencias denunciadas polos profesionais e persoas usuarias do transporte sanitario urxente na garantía dun servizo de calidade e dunhas condicións laborais dignas, o control que está a levar a cabo en relación co servizo que prestan as empresas concesionarias, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo de emerxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivos principais garantir a accesibilidade, a equidade e a eficiencia dunha asistencia sanitaria urxente de máxima calidade ao conxunto da poboación galega.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061) realiza de maneira continua avaliacións tendo en conta os cambios demográficos, as variacións nas demandas sanitarias, as necesidades e actividades nas diferentes comarcas e concellos coa finalidade de mellorar a asistencia sanitaria urxente e acercar os avances tecnolóxicos á nosa cidadanía.

Para iso dispón dunha central equipada cos recursos tecnolóxicos máis avanzados, non só para identificar as necesidades asistenciais e dar a resposta máis adecuada á situación clínica que presenta o paciente no menor tempo posible, senón tamén para a detección inmediata do incremento da demanda e da repercusión no seu persoal tanto sanitario como non sanitario.

As ambulancias pertencentes á Rede de Transporte Sanitaria Urxente véñense de renovar cos últimos avances tecnolóxicos e médicos, ademais do incremento no número e horas de cobertura. Os nosos tempos de resposta en emerxencias son dos mellores de España.

A FPUSG-061 réunese periodicamente cos adxudicatarios do servizo do transporte sanitario urxente terrestre, cos do servizo de operación telefónica, así como coa xunta de persoal da propia Fundación e sempre que se produce unha petición, de xeito extraordinario. Nestas reunións trátanse todos aqueles temas propostos que poidan ter relación coa calidade do servizo e con melloras na súa prestación, así como sobre o seguimento do contrato.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade reúnese cos representantes das distintas organizacións sindicais do sector, sempre que estas o demandan.

Os contratos vixentes subscritos entre a FPUSG-061 e as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario urxente terrestre recollen a obriga, destes últimos, con respecto ao persoal que empregue, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral e o disposto no Convenio Colectivo do sector durante toda a execución do contrato.

A FPUSG-061 tamén realiza unha inspección periódica de todos os vehículos para garantir que, durante o período de execución de contrato, cumpren con todas as características esixidas nos pregos.

O 1 de xullo de 2016 vense de ampliar con 5 novas ambulancias asistenciais de soporte vital básico en A Coruña, Tomiño, Rianxo, Ourense e Vilagarcía. Neste momento, a rede é suficiente para garantir a asistencia urxente.

O uso de recursos alleos á rede sempre é valorada polo persoal facultativo da Central de Coordinación, sendo este un dos grandes beneficios de dispoñer dunha central de regulación médica. Os servizos nos que se utilizan como único medio de resposta son escasos e son empregados en pacientes que non presentan unha urxencia vital.

Tanto os responsables da Consellería de Sanidade como a dirección da FPUSG-061 manifestaron en diversas ocasións que non se vai producir un traslado á Estrada sen previa negociación co persoal afectado. Para tal fin, constituirase, no seu momento, a mesa de negociación, da que formará parte tamén un representante do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/12/2017 13:32:00



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20488**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a situación na que se atopa a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Vilaxoán está a 3,7 km de Vilagarcía. En Vilaxoán hai un médico e unha enfermeira que traballan en horario de mañán, non hai PSX polo que as xestións administrativas as teñen que realizar en Vilagarcía.

No Centro de Saúde de Vilagarcía hai 21 médicos de familia, 5 pediatras e conta con unidade de tarde polo que o horario é de 8 a 22h en consulta ordinaria. En canto á cobertura e substitución dos profesionais do Centro de Saúde, é un centro no que, xeralmente, organízanse para as vacacións e os días de libre disposición.

O día 6 de novembro de 2017 púxose de baixa a médico de Vilaxoán, cubríronse 3 días cunha médico de familia do Centro de Saúde de Vilagarcía e desde entón aténdese aos pacientes no Centro de Saúde de Vilagarcía e permanece no consultorio a DUE.

A asistencia sanitaria está garantida, e no momento actual, tendo en conta a duración estimada da IT da médico e unha vez valoradas as necesidades e a disponibilidad de recursos, non se considera prioritaria a cobertura desta profesional. De todas maneiras, a

situación valórase de forma continua e sistemática e se esta cambiase, e a dispoñibilidade o permitira, valorarase de novo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/12/2017 9:33:50

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727